Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 20/03/2023 01:06:20
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Número 469
20 de marzo de 2023

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.2. Comunicacións da Xunta de Galicia
1.3.3. Exame de programas e plans
1.3.3.1. Programas e plans

51068 (10/PEP-000001)
Escrito da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias polo que, en cumprimento do disposto nos artigos 86.2 e 87.2 c) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento, achega o Informe sobre a avaliación final do IV Plan Director da Cooperación galega 2018-2021 (10/PEP-000001). 185311

51069 (10/PEP-000003)
Escrito da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias polo que, en cumprimento do disposto no artigo 87.2 a) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento, achega o proxecto do V Plan director da cooperación galega 2023-2026 (11/PEP-000003) 185415

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos
1.5.4. De ámbito europeo
1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 16 de marzo de 2023, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello que modifica a Directiva (UE) 2015/413, pola que se facilita o intercambio transfronteirizo de información sobre infraccións de tráfico en materia de seguridade vial (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2023) 126 final] [COM(2023) 126 final anexo] [2023/0052 (COD)] {SEC(2023) 351 final} {SWD(2023) 126 final} {SWD(2023) 127 final}

-11/UECS-000275 (51475) Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello que modifica a Directiva (UE) 2015/413, pola que se facilita o intercambio transfronteirizo de información sobre infraccións de tráfico en materia de seguridade vial (Texto pertinente para efectos del EEE) [COM(2023) 126 final] [COM(2023) 126 final anexo] [2023/0052 (COD)] {SEC(2023) 351 final} {SWD(2023) 126 final} {SWD(2023) 127 final} 185447

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4. Informacións e correccións de erros

4.1. Informacións

VALEDOR DO POBO

Acordo da Mesa do Parlamento, do 14 de marzo de 2023, polo que se toma coñecemento do escrito da valedora do pobo polo que remite a Resolución do 6 de marzo de 2023 pola que se aproba a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a de servizo de administración e persoal do Valedor do Pobo 185306

Resolución do 6 de marzo de 2023 pola que se aproba a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a de servizo de administración e persoal do Valedor do Pobo 185306

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.2. Comunicacións da Xunta de Galicia

1.3.3. Exame de programas e plans

1.3.3.1. Programas e plans

Acordo da Mesa do Parlamento, do 14 de marzo de 2023, polo que se toma coñecemento do Informe sobre a avaliación final do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 14 de marzo de 2023, adoptou os seguintes acordos:

-51068 (10/PEP-000001)
Escrito da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias polo que, en cumprimento do disposto nos artigos 86.2 e 87.2 c) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento, achega o Informe sobre a avaliación final do IV Plan Director da Cooperación galega 2018-2021 (10/PEP-000001).

A Mesa toma coñecemento e acorda o seu traslado á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e a publicación no *Boletín Oficial* e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2023
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

Acordo da Mesa do Parlamento, do 14 de marzo de 2023, polo que toma coñecemento do proxecto do V Plan director da cooperación galega 2023-2026

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 14 de marzo de 2023, adoptou os seguintes acordos:

- 51069 (10/PEP-000003)
Escrito da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias polo que, en cumprimento do disposto no artigo 87.2 a) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento, achega o proxecto do V Plan director da cooperación galega 2023-2026 (11/PEP-000003)

A Mesa toma coñecemento e acorda o seu traslado á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e a publicación no *Boletín Oficial* e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2023
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos
1.5.4. De ámbito europeo
1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 16 de marzo de 2023, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello que modifica a Directiva (UE) 2015/413, pola que se facilita o intercambio transfronteirizo de información sobre infraccións de tráfico en materia de seguridade vial (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2023) 126 final] [COM(2023) 126 final anexo] [2023/0052 (COD)] {SEC(2023) 351 final} {SWD(2023) 126 final} {SWD(2023) 127 final}

-11/UECS-000275 (51475) Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello que modifica a Directiva (UE) 2015/413, pola que se facilita o intercambio transfronteirizo de información sobre infraccións de tráfico en materia de seguridade vial (Texto pertinente para efectos del EEE) [COM(2023) 126 final] [COM(2023) 126 final anexo] [2023/0052 (COD)] {SEC(2023) 351 final} {SWD(2023) 126 final} {SWD(2023) 127 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 51475, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello que modifica a Directiva (UE) 2015/413, pola que se facilita o intercambio transfronteirizo de información sobre infraccións de tráfico en materia de seguridade vial (Texto pertinente para efectos del EEE) [COM(2023) 126 final] [COM(2023) 126 final anexo] [2023/0052 (COD)] {SEC(2023) 351 final} {SWD(2023) 126 final} {SWD(2023) 127 final}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010, e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2023
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

4. Informacións e correccións de erros

4.1. Informacións

Valedor do Pobo

Acordo da Mesa do Parlamento, do 14 de marzo de 2023, polo que se toma coñecemento do escrito da valedora do pobo polo que remite a Resolución do 6 de marzo de 2023 pola que se aproba a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a de servizo de administración e persoal do Valedor do Pobo

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 14 de marzo de 2023, tomou coñecemento do escrito da valedora do pobo polo que remite a Resolución do 6 de marzo de 2023 pola que se aproba a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a do Servizo de Administración e Persoal do Valedor do Pobo, co rogo de que se proceda á súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* (doc. núm. 51061), e acordou a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2023
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

Resolución do 6 de marzo de 2023 pola que se aproba a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a de servizo de administración e persoal do Valedor do Pobo

Vista a proposta formulada polo secretario xeral do Valedor do Pobo para a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a do Servizo de Administración e Persoal do Valedor do Pobo,

RESOLVO:

Ao abeiro do establecido no artigo 7 k) do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo, aprobar a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a do Servizo de Administración e Persoal do Valedor do Pobo, conforme as seguintes

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BASES:

Primeira. Apróbase a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a do Servizo de Administración e Persoal do Valedor do Pobo que figura na vixente relación de postos de traballo (BOPG nº 596, do 24 de xaneiro de 2020).

As características do posto son as seguintes:

1. Grupo de titulación: A1

2. Nivel de complemento de destino: 29.

3. Administración: Pertenza como persoal funcionario de carreira A1.

4. Titulación: A correspondente ao grupo de pertenza.

5. Complemento específico: 35.808,48 €.

6. Funcións que se van desenvolver: dirixir, organizar e controlar os servizos administrativos; impulsar os expedientes da Comisión da Transparencia, órgano colexiado adscrito ao Valedor do Pobo; asegurar que a información pública que corresponda estea dispoñible e actualizada no portal de transparencia e o adecuado trámite das solicitudes de información pública dirixidas ao Valedor do Pobo, así como informar a cidadanía en materia de transparencia; calquera outra función que lle asigne a valedora do pobo.

7. Centro directivo: Valedor do Pobo

Segunda. Poderán concorrer á convocatoria os/as funcionarios/as de carreira de calquera administración pública pertencentes ao grupo A1.

Terceira. O persoal funcionario interesado poderá presentar a súa solicitude no Rexistro Xeral do Valedor do Pobo, rúa do Hórreo nº 65, en Santiago de Compostela, ou en calquera dos lugares indicados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, na cal deixará constancia dos datos do posto que viñese desempeñando e dos méritos que desexe alegar.

Para participar nesta convocatoria, a persoa interesada deberá formalizar a súa petición de acordo co modelo que se inclúe no anexo desta resolución.

As persoas aspirantes deberán achegar á súa petición un *curriculum vitae* e xustificar documentalmente os méritos alegados.

Os méritos alegados e non probados de acordo co establecido no parágrafo anterior non se terán en conta.

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cuarta. De conformidade co disposto no artigo 7.l) do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo, correspóndelle á valedora do pobo a resolución desta convocatoria.

Quinta. A dita resolución farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderase declarar deserto o posto de traballo de considerarse oportuno.

Sexta. O prazo de toma de posesión da persoa seleccionada será de tres días hábiles, de estar o destino anterior na mesma localidade, de sete días se comporta cambio de residencia, ou dun mes se comporta o reingreso no servizo activo.

O prazo de toma de posesión comezará a contar desde o día seguinte ao do cesamento nese destino, se é o caso, que deberá producirse dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución da libre designación. Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión comezará a contar desde o día seguinte ao da dita publicación.

Sétima. Contra a resolución pola que se aproba esta convocatoria, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante a valedora do pobo no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia,* ou poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2023
Dolores Fernández Galiño
Valedora do pobo

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ANEXO

Modelo de solicitude

Datos persoais:			
Primeiro apelido	*Segundo apelido*		*Nome*
DNI	*Data de nacemento*		*Teléfono*
Enderezo		*Localidade*	*Provincia*
Corpo ou escala		*Grupo*	*Nº R.P.*
Destino actual			
Administración	*Dependencia*		*Localidade*

SOLICITO:

Ser admitido/a á convocatoria pública para prover o posto de traballo polo sistema de libre designación, aprobada por Resolución da valedora do pobo do 6 de marzo de 2023, por considerar que reúno os requisitos esixidos para presentarme ao posto de traballo que se indica:

Designación posto de traballo	Nivel compl. destino	Centro directivo ou unidade	Localidade
		Valedor do Pobo	Santiago de Compostela

Tempo de servizos prestados	Anos	Meses	Días
No corpo actual:			
Noutros corpos:			
No actual posto de traballo:			
Outros destinos anteriores:			

Títulos académicos:			
Coñecemento da lingua galega:	Fala: □	Escribe: □	Entende: □
Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria:			
Outros méritos que a persoa candidata desexe facer constar:			

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Información básica sobre protección de datos persoais

Responsable do tratamento	Valedor do Pobo
Finalidades do tratamento	Provisión de posto de traballo
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento de obriga legal segundo a normativa xeral e sectorial referida en https://www.valedordopobo.gal/politica-de-protecion-de-datos/
Destinatarios dos datos	Os datos deberán ser comunicados á valedora do pobo e publicados no *Diario Oficial de Galicia*
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos en valedor@valedordopobo.gal ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	valedor@valedordopobo.gal

(Lugar, data e sinatura)

Valedora do pobo

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274
Data 08/03/2023 10:35

Coa finalidade de dar cumprimento ao disposto nos artigos 86.2 e 87.2 c) da Lei 10/2021 do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento, achégolle o *Informe sobre a avaliación final do IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021,* aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de outubro de 2022.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 08/03/2023 10:35:08

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

XUNTA DE GALICIA

DIEGO CALVO POUSO, VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e sete de outubro de dous mil vinte e dous adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Aprobar e acordar a remisión ao Parlamento de Galicia do informe sobre a avaliación final do IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021, de acordo co establecido nos artigos 86.2 e 87.2 c) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia."

E para que conste, asina a presente co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a vinte e sete de outubro de dous mil vinte e dous.

Vº. e Prace:
O PRESIDENTE

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

XUNTA DE GALICIA | DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA

PILAR ROMERO RODRÍGUEZ, actuando como secretaria do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode)

CERTIFICO

Que na súa reunión plenaria do día 21 de xullo de 2022, e ao non haber ninguna obxección por parte dos seus membros, o Congacode dase por informado e valida os resultados da **avaliación final do IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021.**

E para que así conste, e co visto e prace do presidente, asino este certificado, en Santiago de Compostela na data da sinatura electrónica.

Vº e Prace

O PRESIDENTE
Jesús Gamallo Aller

Asinado por: GAMALLO ALLER, JESUS MARIA
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 18/10/2022 13:05:29
O RODRÍGUEZ, PILAR
eral de Cooperación Exterior
22 13:03:50
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE
Rúa Hórreo, 61
15701 Santiago de Compostela
T. +34 981 541 002
sunioneu@xunta.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

2022

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. Xunta de Galicia

INFORME DE AVALIACIÓN FINAL DO IV PLAN DIRECTOR DA COOPERACIÓN GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO (2018-2021)



XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

XUNTA DE GALICIA

cooperacióngalego

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Informe elaborado por Xosé Luís Pastoriza Rozas a pedimento da
Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.
Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
Xunta de Galicia
Xuño 2022

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Índice

Lista de acrónimos, siglas e abreviaturas 4

I. Resumo executivo 5

2 infografías 8

20 datos 10

32 indicadores 12

II. Informe da avaliación final do IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021) . 23

1. Introdución 23

2. Informe de avaliación final do IV Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento. 24

2.1. Antecedentes e obxectivos 24
2.2. Metodoloxía empregada 26
2.3. Condicionantes e límites do informe 28

3. Descrición do IV Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 29

4. Resultados da avaliación final 37

4.1. Eficacia e logro de resultados 37
4.2. Eficiencia 40
4.3. Coherencia 46
4.3.1. Recuperación do consenso social e político 47
4.3.2. Aumento do esforzo investidor 49
4.3.3. Suficiencia orzamentaria, previsibilidade instrumental e redución da fragmentación da axuda 54
4.3.4. Concentración xeográfica da axuda 60
4.3.5. Selectividade sectorial e construción de resiliencia 65
4.3.6. Alianzas territoriais multiactor e multinivel. 70
4.3.7. Coherencia de políticas de desenvolvemento 70
4.3.8. Participación e diálogo de políticas 72
4.3.9. Coordinación e diálogo co resto de Administracións públicas 75
4.3.10. Xestión do coñecemento e das aprendizaxes institucionais 79
4.3.11. Rendición de contas e transparencia 82
4.4. Pertinencia 83
4.5. Satisfacción 85

5. Conclusións 87

6. Recomendacións 90

Anexos 92

Anexo 1. Matriz de criterios de análise 92
Anexo 2. Matriz de documentación 93
Anexo 3. Metodoloxía 96
Anexo 4. Axentes de cooperación participantes na avaliación 97
Anexo 5. Presentación do avaliador 99
Anexo 6. Índice de figuras, cadros, táboas e gráficos 100

XUNTA DE GALICIA | VICEPREIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Lista de acrónimos, siglas e abreviaturas

ACNUR	Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados/as
AECID	Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento
AH	Acción Humanitaria
AOD	Axuda Oficial ao Desenvolvemento
AXE	Administración Xeral do Estado
CAD	Comité de Axuda ao Desenvolvemento da OCDE
CCAA	Comunidades Autónomas
CETMAR	Centro Tecnolóxico do Mar
CGONGD	Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento
CONGACODE	Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento
CUD	Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento
DOG	Diario Oficial de Galicia
DXRREE e UE	Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE
EELL	Entidades Locais
EPA	Equipos País Ampliado da Cooperación Española
EpD	Educación para o Desenvolvemento
FEGAMP	Federación Galega de Municipios e Provincias
Fondo Galego	Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade
FPAN	Foro Político de Alto Nivel das Nacións Unidas
GAN	Grupo de Alto Nivel
IDH	Índice de Desenvolvemento Humano
MAP	Marco de Asociación País
OAH	Oficina de Acción Humanitaria da AECID
ODS	Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable
ONGD	Organización Non Gobernamental de Desenvolvemento
OTC	Oficina Técnica de Cooperación da Cooperación Española
PALOP	Países Africanos de Lingua Oficial Portuguesa
PCS	Plataformas de Consulta en Sede da Cooperación Española
PMA	País Menos Adiantado
RGCUD	Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento
RMA	Renda Media Alta
RMB	Renda Media Baixa
RNB	Renda Nacional Bruta
SDXCE	Subdirección Xeral de Cooperación Exterior
SOGAPS	Solidariedade Galega co Pobo Saharauí
UCE	Unidade de Cooperación no Exterior da Cooperación Española
UDC	Universidade de A Coruña
UE	Unión Europea
UNRWA	Axencia das Nacións Unidas para os Refuxiados de Palestina en Oriente Próximo
USC	Universidade de Santiago de Compostela
UVIGO	Universidade de Vigo
XG	Xunta de Galicia

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

I. Resumo executivo

Esta avaliación final do IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021) salienta as seguintes **conclusións e recomendacións** como principais resultados da execución deste marco estratéxico no cuadrienio 2018-2021:

1. **Unha Cooperación Galega que afrontou o desafío colectivo da pandemia da COVID-19** mediante a elaboración participativa da *Estratexia de resposta á COVID-19* que adaptou o seu marco estratéxico e operativo co obxectivo de combater eficazmente as consecuencias negativas da pandemia nos países e comunidades socias e nos axentes de galegos de cooperación.

2. **Unha Cooperación Galega que recuperou o consenso social e político** sobre a política pública de cooperación para o desenvolvemento e que conta cun novo marco legal regulador na *Lei 10/2021 reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.*

3. **Unha Cooperación Galega eficaz no logro dos resultados e indicadores** previstos no IV Plan Director da Cooperación Galega: 28 dos 32 indicadores foron acadados plena e satisfactoriamente, un éxito global do 88 % na execución.

4. **Unha Cooperación Galega solvente cun total de 27,15 millóns de euros destinados a cooperación ao desenvolvemento**, dos cales o 95 % (25,86 millóns) foi achegado pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. No cuadrienio 2018-2021 executouse o 100 % do orzamento previsto nos correspondentes Plans Anuais e desembolsouse o 100 % das axudas comprometidas.

5. **Unha Cooperación Galega situada na 7ª posición en volume de AOD** no cuadrienio 2018-2021 en relación ao resto de Comunidades Autónomas.

6. **Consonte ao seu esforzo investidor, a Xunta de Galicia situouse na 12ª posición no ránking de Comunidades Autónomas**, destinando o 0'06 % do seu orzamento xeral consolidado a cooperación para o desenvolvemento.

7. **Unha Cooperación Galega que aumentou anualmente de promedio máis dun 15 % a dotación orzamentaria do programa 331A de cooperación ao desenvolvemento** consonte ao establecido no marco orzamentario do IV Plan Director.

8. **Unha Cooperación Galega aliñada coa axenda global do desenvolvemento**, contribuíndo á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS):

    a. **Unha Cooperación Galega promotora da coherencia de políticas** na Administración pública galega no marco do proceso de implementación e localización da Axenda 2030 e dos ODS.

    b. **Unha Cooperación Galega que contribuíu activamente aos ODS** cun 99 % dos seus recursos desembolsables concentrados nos 5 ámbitos estratéxicos do IV Plan Director.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

c. **Unha Cooperación Galega concentrada xeograficamente:** o 93 % dos seus recursos desembolsados no exterior en cooperación investidos nos 11 países prioritarios definidos no IV Plan Director.

d. **Unha Cooperación Galega complementaria:** a través da súa actuación coordinada coa Cooperación Española e con outras cooperacións autonómicas no eido da acción humanitaria e da colaboración institucional a nivel estratéxico e operativo. Reforzando, ademais, o seu compromiso coa cooperación municipalista a través da promoción da localización da Axenda 2030, das alianzas coa Lusofonía e da reactivación da colaboración en cooperación no exterior co Fondo Galego. Ao tempo, impulsou o traballo conxunto cos comités das axencias especializadas das Nacións Unidas (UNICEF, ACNUR e UNRWA).

e. **Unha Cooperación Galega que reforzou o carácter participativo e participado da política pública de cooperación** a través do CONGACODE, dos procesos de diálogo de políticas no marco da actualización normativa da Xunta de Galicia no ámbito da acción exterior e a cooperación para o desenvolvemento, e da elaboración da *Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega.*

9. **Unha Cooperación Galega participativa e transparente** que rende contas á cidadanía dos seus logros colectivos a través de:

   a. A **accesibilidade da información** na web da Cooperación Galega verbo da planificación da Cooperación Galega, dos seus instrumentos de axuda, das intervencións financiadas, das avaliacións das súas actuacións e das memorias anuais de xestión.

   b. Un **activo diálogo cos axentes galegos de cooperación**, especialmente coas ONGD, que xestionaron o 79 % dos recursos desembolsables.

10. Unha Cooperación Galega con **retos pendentes** nos seguintes aspectos:

   a. **O reforzamento do diálogo de políticas** mediante a creación dun grupo de traballo específico no CONGACODE para a orientación e asesoramento do vindeiro ciclo de planificación.

   b. Dar continuidade ás **liñas de actuación vinculadas á loita contra a COVID-19** e as súas consecuencias negativas sobre as comunidades e países socios, e valorar a **ampliación dos ámbitos estratéxicos á loita contra o cambio climático e a defensa e promoción dos dereitos humanos** xunto coa elaboración de estratexias sectoriais nos eidos de especial interese e especialización da Cooperación Galega.

   c. **A aseguranza do incremento anual orzamentario do programa 331A** de cooperación para o desenvolvemento e o aumento do esforzo investidor no horizonte de acadar como mínimo o esforzo inversor do 0,1 % do orzamento total consolidado.

   A identificación de oportunidades para a constitución de novas alianzas territoriais multiactor e multinivel nos países prioritarios e ámbitos estratéxicos de especialización da Cooperación Galega, promovendo, ademais, a **creación de**

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

instrumentos estables de financiamento de intervencións a medio e longo prazo en cooperación e educación para a cidadanía global.

e. **A identificación de novas oportunidades de complementariedade e coordinación no marco do proceso de reforma e modernización da Cooperación Española,** así como de reforzamento do compromiso orzamentario previsible doutros departamentos da Xunta de Galicia.

f. **O fortalecemento da actual coordinación e diálogo da Xunta de Galicia coas Entidades Locais** en Galicia promovendo as complementariedades e a harmonización estratéxica e operativa coa cooperación municipalista no marco da Axenda 2030 e os procesos de localización dos ODS.

g. **A continuidade nos procesos de construción de capacidade do sistema galego de cooperación** mediante o financiamento de actividades orientadas ao fortalecemento e capacitación dos axentes galegos de cooperación.

h. **A dinamización e ampliación dos actuais procesos de xestión do coñecemento e de aprendizaxes institucionais** xerados polos estudos e avaliacións financiadas pola Cooperación Galega.

i. **Incrementar a difusión pública á cidadanía dos resultados da Cooperación Galega** co obxectivo de mellorar a visibilidade dos logros colectivos na consecución da Axenda 2030 e dos ODS.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

2 infografías

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

20 datos

De cada 10 euros xestionados como AOD pola Xunta de Galicia:

- ✓ **9,7 €** proveñen da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e **0,3 €** do resto de departamentos da Xunta de Galicia.

De cada 10 euros orzamentados como AOD pola DXRREE e UE:

- ✓ **10 €** foron executados.

De cada 10 euros xestionados como AOD pola DXRREE e UE:

- ✓ **9 €** financiaron as actividades da Cooperación Galega
- ✓ **1 €** destinouse a gastos de funcionamento e persoal.

De cada 10 euros desembolsados como AOD pola DXRREE e UE:[1]

- ✓ **8,5 €** financiaron proxectos de actuación no exterior de cooperación e acción humanitaria.
- ✓ **8 €** canalizáronse a través de convocatorias públicas de axudas.
- ✓ **7,9 €** foron xestionados por ONGD.
- ✓ **0,7 €** foron xestionados por axencias internacionais.
- ✓ **3,8 €** financiaron proxectos para o exercicio de dereitos sociais básicos.
- ✓ **1,5 €** financiaron proxectos de agricultura, pesca e acuicultura sustentable e desenvolvemento rural e territorial.
- ✓ **1,6 €** financiaron proxectos de equidade de xénero e apoderamento e exercicio de dereitos das mulleres e da infancia.
- ✓ **1,3 €** financiaron proxectos de educación para a cidadanía global.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

[1] Axuda desembolsada: total do orzamento de cooperación executado excluíndo os gastos de persoal e funcionamento da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior dentro da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

De cada 10 euros desembolsados no exterior como AOD pola DXRREE e UE:

- ✓ **8,2 €** financiaron actuacións de cooperación ao desenvolvemento.
- ✓ **1,8 €** destináronse a acción humanitaria.
- ✓ **7,9 €** financiaron actuacións nos 11 países prioritarios da Cooperación Galega.
- ✓ **7,4 €** destináronse a América Latina
- ✓ **1,7 €** destináronse a África Subsahariana.
- ✓ **0,8 €** financiaron proxectos nos Países africanos de lingua oficial portuguesa (PALOP)
- ✓ **8,2 €** financiaron proxectos en países de ingreso medio-baixo e medio- alto.
- ✓ **1,7 €** investíronse en países menos adiantados.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

32 indicadores

Indicador acadado/ Produto entregado
Indicador acadado parcialmente/Produto entregado parcialmente
Indicador non acadado/ Produto non entregado

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores[2]	Produtos	Grao de progreso
R.X.1. A Cooperación Galega aliña o seu marco estratéxico coa Axenda 2030 e os ODS.	*L.A.1.1. Reforzar a coherencia de políticas en todos os niveis da Administración pública galega.*	1.1.1. Aprobada unha declaración institucional no Parlamento de Galicia en favor da Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas.	1. Declaración institucional do Parlamento de Galicia.	O 20 de outubro de 2020, con motivo da celebración do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, o Parlamento de Galicia aprobou unha declaración institucional na que reitera o seu compromiso cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS). Este compromiso cos ODS reiterouse tamén nas declaracións institucionais aprobadas co gallo do Día Universal da Infancia os días 24 de novembro de 2020 e 23 de novembro de 2021.
		1.1.2. Constituído un grupo interdepartamental da Xunta de Galicia para a Axenda 2030.	2. Grupo interdepartamental da Xunta de Galicia para a Axenda 2030.	O 14 de novembro de 2019 publicouse no DOG (n. 217) o Decreto 142/2019, do 31 de outubro, polo que se crea a Comisión interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia. No seo desta Comisión constituíronse tres Grupos de Traballo nos ámbitos económico, medioambiental e social. A coordinación do grupo de traballo no ámbito social foille encomendada ao director xeral de Relacións Exteriores e coa UE. En 2020 esta Comisión reuniuse en sesión ordinaria o 16 de novembro para a presentación das principais conclusións obtidas a través do diagnóstico da Axenda 2030 en Galicia. En 2021 a Comisión reuniuse o 28 de setembro, na que se informou sobre o Informe de Avance do seu cumprimento en Galicia, solicitouse nova información de cara á medición de metas e indicadores e presentouse unha iniciativa para vincular o orzamento da Xunta en clave ODS. En novembro de 2020 o Instituto Galego de Estatística (IGE) puxo a disposición da cidadanía os Indicadores estatísticos da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable en Galicia que permiten medir a nivel autonómico os indicadores definidos polas Nacións Unidas.
	L.A.1.2. Fomentar a participación e o	1.2.1. Nº de reunións dos grupos de	3. Actas dos grupos de traballo	Na súa xuntanza de 18 de abril de 2018 o CONGACODE acordou a constitución do

[2] Os indicadores teñen como horizonte temporal o remate da vixencia do IV Plan director no 2021.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, JUSTIZA E DEPORTES
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores[2]	Produtos	Grao de progreso
	diálogo de políticas no Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.	traballo do CONGACODE.		Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global. En total celebráronse neste cuadrienio tres reunións: 27 de novembro de 2018, 18 de setembro de 2019, 26 de febreiro de 2020. En 2021 non se celebrou ningunha reunión deste Grupo de Traballo.
	L.A.1.3. Garantir a previsibilidade dos recursos orzamentarios.	1.3.1. O Programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento estará dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei Xeral de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018 (5.027.160 €), garantíndose un crecemento anual deste programa igual ou superior ao 11,4%.	**4.** Orzamento do Programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento aprobado.	Entre 2018 e 2021 o programa 331A de cooperación exterior para o desenvolvemento xestionado pola DXRREE e UE estivo dotado cun volume total de 25.468.591 €, dos cales un 90% constituíu o orzamento operativo desembolsable por un total de 23.373.552 €. En termos absolutos, o orzamento operativo aumentou en 8.358.954 € con respecto do período 2014-2017 correspondente ao III Plan Director. Entre 2018 e 2021 o programa 331A tivo un promedio de crecemento anual do 15%. Este incremento representa un crecemento do 63 % con respecto do orzamento do programa 331A do ano 2017 Entre 2018 e 2021 a Xunta de Galicia destinou un total de 27.150.921 € a cooperación para o desenvolvemento, cun incremento acumulado en termos absolutos de 3.118.542 € con respecto do ano 2017 e de 8.678.494 € con respecto do período 2014-2017. Nestes incrementos inclúese o 1.004.000 transferidos entre 2019 e 2021 pola Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia procedentes do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e os fondos achegados por Augas de Galicia e a Consellería do Mar a través do CETMAR.
R.X.2. A Cooperación Galega concentra a súa axuda con criterios de eficacia.	*L.A.2.1. Concentrar a axuda en cooperación ao desenvolvemento nos 11 países prioritarios*	2.1.1. Como mínimo o 90% da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE concéntrase nos 11 países prioritarios.	**5.** Proxectos no exterior executados nos países prioritarios.	No cuadrienio 2018-2021 o 93 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE concentrouse nos 11 países prioritarios do IV Plan Director da Cooperación Galega.
	L.A.2.2. Asegurar que unha parte da axuda se destina aos Países Menos Adiantados.	2.2.1. Un 20-25% da axuda desembolsada no exterior pola DXRREE e UE destinada aos Países Menos Adiantados.	**6.** Proxectos no exterior executados en Países Menos Adiantados.	No cuadrienio 2018-2021 o 17 % da axuda desembolsada no exterior pola DXRREE e UE foi destinada aos Países Menos Adiantados.
	L.A.2.3. Incrementar os fondos dirixidos a actuacións con marcos de planificación plurianuais.	2.3.1. Como mínimo un 20-30% da axuda desembolsada en cooperación exterior ao desenvolvemento e en educación para o desenvolvemento e a cidadanía global pola DXRREE e UE, dirixida a actuacións integradas en	**7.** Proxectos con marcos de planificación plurianual financiados.	No cuadrienio 2018-2021 un 53 % da axuda desembolsada (10.007.603 €) en cooperación exterior ao desenvolvemento e en educación para o desenvolvemento e a cidadanía global pola DXRREE e UE financiou actuacións integradas en proxectos ou estratexias dos axentes con marcos de planificación a medio prazo, ou que deron continuidade a intervencións previas.

JUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores[2]	Produtos	Grao de progreso
		proxectos ou estratexias dos axentes con marcos de planificación a medio prazo, ou que dean continuidade a intervencións previas.		
R.X.3. A Cooperación Galega especializa a súa axuda nos ámbitos estratéxicos nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas.	*L.A.3.1. Reforzar a especialización sectorial estratéxica da cooperación exterior.*	3.1.1.O 60-75% do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE destinarase aos tres ámbitos estratéxicos relativos á cooperación ao desenvolvemento.	8. Proxectos e intervencións executadas en cada un dos ámbitos estratéxicos.	No cuadrienio 2018-2021 o 70 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE destinouse aos tres ámbitos estratéxicos relativos á cooperación ao desenvolvemento: promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (38 %), apoiar a agricultura, pesca e acuicultura sustentables (15 %), e impulsar a equidade de xénero (16 %).
		3.1.2. O 10-15% do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE destinarase ao ámbito estratéxico da acción humanitaria.		Entre 2018 e 2021 o 16 % do total da axuda desembolsada a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e coa UE destinouse ao ámbito estratéxico da acción humanitaria.
		3.1.3. O 10-15% do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE destinarase ao ámbito estratéxico da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.		Entre 2018 e 2021 o 13 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE destinouse ao ámbito estratéxico da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.
	L.A.3.2. Realizar unha acción humanitaria integral e de calidade.	3.2.1. Un 20% dos recursos desembolsables no exterior da DXRREE e UE destinarase a acción humanitaria.	9. Proxectos financiados en acción humanitaria.	Entre 2018 e 2021 financiáronse 99 intervencións de Acción Humanitaria, o que representa o 18 % (3.635.244 €) do total dos recursos desembolsables no exterior da DXRREE e coa UE (19.670.099 €).
		3.2.2. Como mínimo un 50% da axuda desembolsada en acción humanitaria pola DXRREE e UE canalizarase por medio de convocatoria pública.	10. Convocatorias de acción humanitaria resoltas.	Entre 2018 e 2021, o 35 % da axuda desembolsada en acción humanitaria pola DXRREE e coa UE canalizouse por medio de convocatoria pública. Entre a DXRREE e UE recibiu unha achega extraordinaria por importe de 1.004.000 € da Secretaría Xeral de Igualdade procedentes do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Esta achega canalizouse a través da celebración de 14 convenios con ONGD. Tendo en conta exclusivamente o orzamento ordinario da DXRREE e UE entre 2018 e 2021

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores[2]	Produtos	Grao de progreso
				o 48 % (1.263.138 €) da axuda desembolsada en acción humanitaria (2.631.244 €) canalizouse por medio de convocatoria pública.
		3.2.3. Nº de convenios subscritos pola Xunta de Galicia con axentes especializados en acción humanitaria para a atención de emerxencias, crises humanitarias e poboación refuxiada e desprazada.	11. Convenios en acción humanitaria subscritos.	Entre 2018 e 2021 subscribíronse pola Xunta de Galicia 31 convenios, 6 addendas e 2 acordos de prórroga con axentes especializados en acción humanitaria para a atención de emerxencias, crises humanitarias e poboación refuxiada e desprazada cos que se financiaron 60 intervencións.
		3.2.4. Achegas económicas ao fondo humanitario común coordinado pola AECID realizadas pola Xunta de Galicia.	12. Achegas económicas ao fondo humanitario común realizadas	Entre 2018 e 2021 achegáronse 200.000 € para as actuacións coordinadas entre a AECID e a Cooperación Descentralizada no ámbito da acción humanitaria mediante a sinatura dun convenio o 3 de outubro de 2018 que foi prorrogado mediante unha Addenda asinada en outubro de 2019 e cadanseu acordo de prórroga en 2020 e 2021.
	L.A.3.3. Executar a Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global da Cooperación Galega.	3.3.1. Grao de execución da programación anual do marco de resultados da Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, aprobada polo grupo de traballo de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global do CONGACODE.	13. Actas do grupo de traballo de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global do CONGACODE.	Entre 2018 e 2021 o CONGACODE acordou na súa xuntanza de 18 de abril de 2018 a constitución do Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global. Este grupo de traballo celebrou tres reunións o 27 de novembro de 2018, o 18 de setembro de 2019, e o 26 de febreiro de 2020. En 2021 non se celebrou ningunha xuntanza. Nestas reunións informouse do grao de execución da programación anual do marco de resultados da Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.
			14. Programación anual do marco de resultados da Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.	Entre 2018 e 2021 os Plans Anuais da Cooperación Galega integraron a programación anual de execución do marco de resultados da Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global. En 2019 desenvolveuse unha avaliación externa dunha selección das intervencións financiadas nos últimos anos no eido da Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global. Os seus resultados diagnosticaron as debilidades e fortalezas deste ámbito en Galicia e realizáronse recomendacións de mellora que xa se teñen aplicado a este ámbito de especialización da Cooperación Galega.
R.X.4. Os actores e axentes da Cooperación Galega coordinados complementan as súas actuacións para a consecución dos ODS.	*L.A.4.1. Participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da cooperación española.*	4.1.1. Nº de reunións da Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento, do Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030, e dos Encontros de	15. Reunións da Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento da cooperación española celebradas.	Entre 2018 e 2021 a Xunta de Galicia participou en catro reunións da Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento da cooperación española celebradas o 7 e o 14 de febreiro de 2018. o 21 de decembro de 2020 e o 13 de decembro de 2021. En 2019 o Ministerio de Asuntos

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores[2]	Produtos	Grao de progreso
		comunidades autónomas e Cooperación nos que participa a Xunta de Galicia.		Exteriores, Unión Europea e Cooperación non convocou ningunha xuntanza.
			16. Reunións do Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030 celebradas.	En 2018 a Xunta de Galicia participou na xuntanza do Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030 celebrada o 29 de xuño en Madrid. En abril de 2019 o Goberno de España modificou a gobernanza para a Axenda 2030. A raíz desta reforma, as Comunidades Autónomas deixaron de formar parte do Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030 e pasan a integrarse na Comisión Nacional para a Axenda 2030. Actualmente, este órgano de coordinación recibe a denominación de Conferencia Sectorial para la Agenda 2030 na que participou a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda nas súas dúas xuntanzas do ano 2020.
			17. Encontros de comunidades autónomas e cooperación celebrados.	Entre 2018 e 2021 a DXRREE e UE participou nos XI, XII, XIII e XIV Encontros de Comunidades Autónomas e Cooperación para ao Desenvolvemento que se celebraron en Alacante (26-27 de abril de 2018), Palma de Mallorca (21-22 de febreiro de 2019), Bilbao (20-21 de febreiro de 2020), Mérida e Cáceres (24-26 de novembro de 2021). No mes de maio de 2020 a Xunta de Galicia presentou unha declaración conxunta con todas as CCAA e nove fondos de cooperación municipalista baixo o lema "Da crise sáese cooperando", enmarcada na crise da COVID-19.
	L.A.4.2. Incentivar a actuación conxunta e complementaria dos actores e axentes galegos de cooperación.	4.2.1. Un 20- 30% da axuda total desembolsada a través das convocatorias e convenios da DXRREE e UE aos axentes de cooperación financia proxectos en agrupación.	**18.** Proxectos en agrupación financiados.	No cuadrienio 2018-2021 un 25 % (5.742.563 €) da axuda total desembolsada (23.044.168 €) a través das convocatorias e convenios da DXRREE e UE aos axentes de cooperación financiou proxectos en agrupación.
	L.A.4.3. Reforzar a colaboración transfronteiriza cos axentes portugueses de cooperación.	4.3.1. Nº de actividades financiadas pola DXRREE e UE aos axentes de cooperación nas que participan axentes de cooperación portugueses.	**19.** Proxectos financiados pola DXREEE e UE.	Entre 2018 e 2021 a DXRREE e UE financiou actividades nas que participaron axentes de cooperación portugueses no marco do convenio anual subscrito co Fondo Galego. As actividades financiadas foron: "A localización dos ODS e as políticas públicas municipais de cooperación ao desenvolvemento" (maio 2018), "I Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía: Os municipios, pezas clave do desenvolvemento" (novembro 2019), "Intercambios Galicia-Portugal: os municipios a prol dos ODS" (novembro-decembro 2019), "II Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía. A localización dos ODS tras a Covid-19: unha mirada desde o xénero" (novembro 2021). En 2020 elaborouse un memorando de entendemento e unha base de datos da Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS. E 27 representantes da

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores[2]	Produtos	Grao de progreso
				Administración local galega e de Países de Lingua Oficial Portuguesa participaron nunha campaña de concienciación sobre o impacto da COVID-19 nos países máis empobrecidos. En 2021 axentes da cooperación municipalista portuguesa participaron nun dos webinars organizados sobre a Axenda 2030 na cooperación municipalista.
R.X.5. Os actores e axentes da Cooperación Galega fortalecen a súa capacidade institucional para a consecución dos ODS	*L.A.5.1. Reforzar as capacidades técnicas e de xestión da DXRREE e UE.*	5.1.2. Nº de asistencias técnicas orientadas ao reforzamento da capacidade da DXRREE e UE en acción humanitaria, avaliación e educación para o desenvolvemento.	**20.** Asistencias técnicas realizadas.	Entre 2018 e 2021 contratáronse asistencias técnicas especializadas nos seguintes eidos: identificación dunha iniciativa no ámbito da pesca artesanal na baía de Sechura (Perú); avaliacións ex-ante dos proxectos presentados ás convocatorias; avaliacións ex-post de proxectos financiados pola Cooperación Galega en Mozambique, Honduras e O Salvador, e Guatemala; estudo diagnóstico sobre ODS de ámbito social; estudo sobre o impacto das bolsas de formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento; estudo sobre a inclusión dun título de Cooperación para o Desenvolvemento no anteproxecto de Lei reguladora da Acción Exterior da Xunta de Galicia; avaliacións intermedia e final do IV Plan director, elaboración da Estratexia de resposta fronte á COVID-19 da Cooperación Galega, e procesos de identificación en Mozambique e Cuba para proxectos de cooperación directa por parte do CETMAR.
	L.A.5.2. Fortalecer a capacidade da Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e das Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.	5.2.1. Nº de convenios formalizados pola DXRREE e UE coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.	**21.** Convenios formalizados anualmente coa CGONGD, Fondo Galego e Universidades da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.	Entre 2018 e 2021 asináronse cadanseus convenios anuais coa Coordinadora Galega de ONGD (380.000 €) e o Fondo Galego (220.000 €). En 2018 e 2021 asináronse convenios coa Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento (122.577 €).
	L.A.5.3. Apoiar a formación e capacitación especializada dos actores e axentes galegos de cooperación.	5.3.1. Nº de actividades de formación e capacitación especializada financiadas a través dos convenios coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.	**22.** Informes de execución dos convenios formalizados coa CGONGD, Fondo Galego e Universidades da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.	A Coordinadora Galega de ONGD no marco dos convenios formalizados entre 2018 e 2021 organizou en 2018 unhas xornadas sobre os ODS e o papel da sociedade civil organizada. Ademais, participou nas II Xornadas Transfronteirizas para a Educación para o Desenvolvemento en Lisboa e realizou un curso baseado no enfoque de dereitos humanos e xestión por resultados. En 2019 organizou un curso de formación sobre avaliación de proxectos e iniciativas de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global e outro sobre "Ciberactivismo, como identificar e combater discursos de odio". Tamén participou na organización dunha formación sobre Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global dentro da programación do Centro Autonómico de Formación e

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores[2]	Produtos	Grao de progreso
				Información (CAFI) da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. En 2020 ofertáronse catro formacións de ámbito autonómico: "Ferramentas, metodoloxías e habilidades para traballar a Educación para a Cidadanía Global dende o espazo virtual" ao que asistiron 29 persoas. Curso sobre "Procesos, usos e necesidades para o traballo en liña nas organizacións" ao que asistiron 26 persoas. "Enfoque de xénero baseado nos dereitos humanos" que contou coa asistencia de 30 persoas. Curso de "Xestión baseada en Resultados de desenvolvemento" cuxa asistencia foi de 28 persoas. Xunto a estes, persoal galego das ONGD e membros da Xunta Directiva da CGONGD formáronse no marco dos cursos ofertados pola Coordinadora Estatal sobre: oportunidades de financiamento e licitacións, estratexias de comunicación dixital e voluntariado. Tamén se participou no "V Congreso Internacional de Estudos do Desenvolvemento de Hegoa. "Desafíos ao desenvolvemento: procesos de cambio cara á xustiza global". En 2021 a CGONGD organizou as seguintes formacións: "Paradigmas da cooperación ao desenvolvemento e perspectivas sobre as mulleres e a desigualdade de xénero", ao que asistiron 19 persoas. "Como integrar a perspectiva de xénero en proxectos de auga", ao que asistiron 14 persoas. " Como facer un diagnóstico do impacto da pandemia dende a perspectiva de xénero", que contou coa asistencia de 12 persoas. "Introdución á inclusión da perspectiva de xénero en proxectos de desenvolvemento", cunha asistencia de 7 persoas. "Mainstreaming de xénero e cambio proequidade a nivel interno das organizacións (mirar ao interno das organizacións e saber que pasos temos que dar)" ao que asistiron 14 persoas. Ademais, financiáronse 9 matrículas para persoal técnico de distintas ONGD para a súa asistencia a outras actividades formativas, e a asistencia de 3 persoas ao "V Congreso de Educación Transformadora de Hegoa".
				O Fondo Galego no marco dos convenios formalizados entre 2018 e 2021 realizou en 2018 unha formación sobre a localización dos ODS e a xestión da política pública municipal de cooperación ao desenvolvemento. En 2019 organizou unha formación práctica denominada "Intercambios con municipios portugueses sobre a implementación e localización dos ODS". E en 2019 e 2021 celebráronse cadansúa edición do Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía na cidade de Santiago de Compostela e en Braga. coa asistencia de representantes de entidades locais de Galicia, Portugal, Brasil, Guinea-Bissau, Angola, Mozambique, Cabo Verde e São Tomé e Príncipe, e da Xunta de Galicia.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores[2]	Produtos	Grao de progreso
				No ano 2020, no marco do convenio anual co Fondo Galego, púxose en marcha unha plataforma en liña de formación sobre municipalismo e ODS, e ofertouse o primeiro curso, 'Localizando a Axenda 2030: O papel clave dos municipios na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible', ao que asistiron 20 persoas representantes políticas ou técnicas da Administración local galega. En 2021, celebrouse unha nova edición do curso en liña ao que asistiron 20 persoas representantes políticas ou técnicas de 12 entidades locais galegas. Tamén se realizou un ciclo de webinars que contou coa participación de 32 representantes de 22 administracións locais galegas e 5 representantes de 4 entidades dos países empobrecidos. Por último, acompañouse tamén a 6 concellos (Barreiros, Cabanas, Fene, Pontedeume, San Sadurniño e Tomiño) na elaboración de cadanseus Plans de implementación da Axenda 2030.
				No cuadrienio 2018-2021 a RGCUD no marco do convenio formalizado realizou en 2018 catro obradoiros sobre ODS e Axenda 2030 para persoal docente e investigador nas universidades do Sistema Universitario Galego e dous obradoiros sobre Investigación para o Desenvolvemento nos Traballos de Fin de Grao e Traballos de Fin de Mestrado. Na Universidade da Coruña, ademais, realizouse o Curso de formación específica de posgrao en cooperación e educación para o desenvolvemento. En 2019 a RGCUD realizou catro obradoiros sobre ODS e Axenda 2030 para persoal docente e investigador nas universidades do Sistema Universitario Galego, un obradoiro titulado "A USC de cara á implementación da Axenda 2030. O reto do cambio climático", e nove obradoiros para o alumnado de Traballo de Fin de Grao e Traballo de Fin de Mestrado sobre cooperación, educación para o desenvolvemento e investigación para o desenvolvemento no marco da Axenda 2030. Ademais, a Universidade de Santiago de Compostela organizou o VIII Congreso Estatal de Universidade e Cooperación ao Desenvolvemento en novembro. En 2021, realizaron 15 actividades formativas no eido dos ODS e a Axenda 2030, a formulación e xustificación de proxectos, o voluntariado e o aprendizaxe-servizo, ás que asistiron 333 persoas.
				En xuño de 2019 e xuño de 2021, a DXRREE e UE colaborou coa EGAP na organización de dúas edicións do curso "A Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable e a súa implementación nas administracións públicas" dirixido a persoal das administracións públicas galegas. En setembro de 2021 colaborou coa Fundación Galicia Europa na celebración da

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZ...

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores[2]	Produtos	Grao de progreso
				primeira edición do curso de especialización en financiamento europeo para as ONGD galegas.
		5.3.2. Nº de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento concedidas.	**23.** Bolsas de formación de persoas expertas concedidas.	Entre 2018 e 2021 concedéronse 18 bolsas de formación de persoas expertas en cooperación: seis bolsas na sede da DXRREE e coa UE e doce bolsas no exterior (República Dominicana, Guatemala, Perú e Mozambique).
			24. Estudo sobre o impacto das bolsas de formación de persoas expertas.	En 2019 realizouse unha avaliación externa ex-post do programa de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional dende o seu inicio en 2002.
			25. Estudo de revisión da convocatoria de fortalecemento e consolidación, e sobre as necesidades de fortalecemento e capacitación dos axentes galegos de cooperación.	Non se produciron avances na entrega deste produto.
	L.A.5.4. Reforzar a cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe colectiva dos actores e axentes de cooperación.	5.4.1. Un documento marco de avaliación da Cooperación Galega elaborado participativamente e divulgado.	**26.** Documento marco de avaliación da Cooperación Galega.	Non se produciron avances na entrega deste produto por mor do proceso de revisión dos criterios de avaliación realizada polo CAD da OCDE e que foi aprobado o 10 de decembro de 2019.
		5.4.2. Nº de encontros de socialización, presentación de resultados e rendición de contas dos actores e axentes de cooperación abertos á cidadanía celebrados.	**27.** Encontros de socialización, presentación de resultados e rendición de contas celebrados.	Entre 2018 e 2021 celebráronse en 2018 dous encontros de socialización, presentación de resultados e rendición de contas. O primeiro no marco da presentación das novidades das convocatorias de axudas 2018 e o segundo para a presentación de resultados e rendición de contas da avaliación ex-post dos proxectos da Cooperación Galega en Mozambique entre 2010 e 2017. En 2019 celebrouse un encontro para a presentación de resultados e rendición de contas da avaliación ex-post dos proxectos da Cooperación Galega en Honduras e O Salvador entre 2010 e 2017.
		5.4.3. Nº de proxectos financiados a través da convocatoria de investigación para o desenvolvemento dirixida aos grupos e centros de investigación das Universidades galegas.	**28.** Convocatorias de investigación para o desenvolvemento resoltas.	En 2019 e 2021 publicouse a convocatoria bienal para proxectos de investigación e creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento, resultando financiados un total de 10 proxectos.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores[2]	Produtos	Grao de progreso
		5.4.4. Nº de avaliacións das intervencións financiadas nun mínimo de 2 países prioritarios realizadas e difundidas.	29. Avaliacións de proxectos no exterior en 2 países prioritarios.	Entre 2018 e 2021 realizáronse tres avaliacións externas ex-post das intervencións financiadas pola Cooperación Galega entre 2010 e 2017 en Mozambique, Honduras e O Salvador, e desde 2010 en Guatemala
	L.A.5.5. Dar continuidade ao investimento en recursos humanos especializados dos axentes galegos de cooperación.	5.5.1. Até o 70% do custo total do proxecto nas convocatorias e convenios permite financiar gastos en recursos humanos .	30. Bases das convocatorias publicadas.	Entre 2018 e 2021 as convocatorias e convenios permitiron financiar os gastos en recursos humanos até un 70 % do custo total do proxecto.
	L.A.5.6. Facilitar o acceso dos actores e axentes galegos a novas fontes de financiamento internacional.	5.6.1. Nº de proxectos cofinanciados pola Xunta de Galicia aos axentes de cooperación aprobados por organismos internacionais nos ámbitos estratéxicos e países prioritarios da Cooperación Galega.	31. Convenios de cofinanciamento formalizados.	Entre 2018 e 2021 a Fundación CETMAR recibiu financiamento da Unión Europea para o desenvolvemento de dous proxectos no sector da pesca.
-	*L.A.5.7. Favorecer a concorrencia competitiva no acceso aos recursos desembolsables da Cooperación Galega.*	5.7.1. O 70-75% da axuda desembolsable xestionada pola DXRREE e UE canalizarase a través de convocatorias públicas e o 25-30% a través de convenios.	32. Informes anuais da Cooperación Galega. -	Entre 2018 e 2021 o 80 % da axuda desembolsable xestionada pola DXRREE e UE canalizouse través de convocatorias públicas e o 20 % a través de convenios
R.X.6. A cidadanía galega accede a unha información de calidade sobre os logros colectivos da Cooperación Galega na consecución dos ODS.	*L.A.6.1. Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación.*	6.1.1. Grao de dispoñibilidade de información actualizada sobre toda as actividades da DXRREE e UE en cooperación na páxina web da Cooperación Galega.	33. Páxina web da Cooperación Galega actualizada.	Entre 2018 e 2021 mantivéronse actualizados os contidos da páxina web da Cooperación Galega nas súas diversas seccións: a Cooperación Galega, planificación e rendición de contas, proxectos e avaliacións, instrumentos de financiamento, rexistro de axentes.
		6.1.2. Nº de publicacións e actividades de difusión anual dos resultados da Cooperación Galega.	34. Informes anuais da Cooperación Galega difundidos.	No cuadrienio 2018-2021 editáronse e divulgáronse as seguintes publicacións: IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021); Informe 2017 da Cooperación Galega, Informe 2018 da Cooperación Galega, Informe 2019 da Cooperación Galega, Informe 2020 da Cooperación Galega.
		6.1.3. Unha análise intermedia de seguimento e unha avaliación final externas e	35. Análise intermedia do IV Plan director realizada.	A análise intermedia do IV Plan Director desenvolveuse no primeiro semestre do 2020.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores[2]	Produtos	Grao de progreso
		independentes da execución do IV Plan director da Cooperación Galega realizadas e difundidas.	36. Avaliación final do IV Plan director realizada.	A avaliación final do IV Plan Director iniciouse no derradeiro trimestre de 2021 na parte cuantitativa e entregouse en xuño de 2022.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

II. Informe da avaliación final do IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021)

1. Introdución

Este informe ten por obxectivo presentar os resultados da avaliación final externa do IV Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (2018-2021). Este informe foi realizado por unha asistencia técnica externa a pedimento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (DXRREE e UE) da Xunta de Galicia, sendo dirixida pola Subdirección Xeral de Cooperación Exterior (SDXCE). Este informe abrangue unha análise das accións correspondentes ao cuadrienio 2018-2021 centrando a súa atención especialmente naquelas iniciativas desenvolvidas ao abeiro do IV Plan Director.

A *Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento* estableceu un modelo para a planificación e programación da axuda oficial ao desenvolvemento (AOD) da Xunta de Galicia baseado na elaboración de plans directores estratéxicos de duración cuadrienal que a súa vez se despregan en cadanseus plans anuais. Estes plans directores conteñen os obxectivos e as prioridades xeográficas e sectoriais así como unha previsión dos recursos orzamentarios que orientarán a actuación da Cooperación Galega para o desenvolvemento durante o seu período de vixencia. Como resultado da modernización estratéxica e operativa desde o ano 2006 do sistema galego de cooperación téñense executado previamente tres plans directores cuadrienais, abranguendo o vixente IV Plan Director o período 2018-2021. O 5 de abril de 2021 entrou en vigor a *Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia* que derrogou a Lei 3/2003. No seu título VIII dedicado á cooperación para o desenvolvemento, o artigo 83 dá continuidade ao previsto na anterior Lei de xeito que a planificación e programación da AOD galega basearase en Plans directores cuadrienais que fundamentan os plans anuais de acción.

A finais de 2017 iniciouse o cuarto ciclo de planificación estratéxica participativa baseada nos correspondentes exercicios externos e independentes de avaliación intermedia (2016) e final (2017) do III Plan Director. Este IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021) recibiu o apoio maioritario do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE) reunido o 18 de abril de 2018, sendo aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 3 de maio, e recibindo a aprobación maioritaria do Parlamento de Galicia o 22 de xuño do mesmo ano. No CONGACODE non recibiu ningún voto en contra dos axentes de cooperación pero non acadou o voto favorable do conxunto dos partidos políticos con representación no Parlamento de Galicia. O IV Plan Director deu continuidade ao proceso de consolidación da mellora da calidade e eficacia da Cooperación Galega consonte aos seguintes criterios:

a) O aliñamento coa Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas, contribuíndo aos esforzos colectivos da cidadanía galega e dos actores públicos e axentes de cooperación para a consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS).

b) A continuidade na planificación estratéxica baseada no modelo de xestión orientada a resultados de desenvolvemento, reforzando a identidade, as vantaxes comparativas e o valor engadido da Cooperación Galega.

c) A previsibilidade dos recursos dispoñibles no marco dun crecemento sustentable do Programa 331A de cooperación exterior para o desenvolvemento da Xunta de Galicia.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

d) A transparencia e promoción dunha participación ampla e activa dos actores e axentes galegos de cooperación durante o seu proceso de execución, de tal xeito que resulte coherente cos principios dunha política pública participativa e participada.

O IV Plan Director representou unha renovación do compromiso da Xunta de Galicia coa cooperación ao desenvolvemento como política pública a través da elaboración e aprobación do seu marco estratéxico e operativo cuadrienal e da dotación orzamentaria do programa 331 de cooperación ao desenvolvemento da Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia xestionado a través da DXRREE e UE.

A execución do IV Plan Director viuse favorecida pola aprobación parlamentaria e entrada en vigor da *Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia*. Ao tempo, a pandemia da COVID-19 afectou negativamente ás persoas e comunidades socias da Cooperación Galega e aos seus axentes de cooperación de tal xeito que a DXRREE e UE promoveu a elaboración participativa dunha *Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega* complementaria do IV Plan Director e que estará vixente durante a situación de pandemia. Ao tempo, durante o bienio 2020-2021, o Goberno de España impulsou a reforma e modernización do sistema español de cooperación, proceso no que ten participado activamente a Xunta de Galicia e que terá como resultado unha nova Lei estatal de cooperación para o desenvolvemento sustentable e a solidariedade global e un novo Plan Director para o período 2022-2025. Estas dúas circunstancias motivaron a prórroga da vixencia do IV Plan Director da Cooperación Galega e a decisión de adiar o proceso de planificación estratéxica participativa para o segundo semestre do 2022.

A través deste informe de avaliación preséntanse os principais resultados acadados ao abeiro do IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021) co fin de garantir unha adecuada rendición de contas á cidadanía así como asegurar a transparencia da política pública de solidariedade global da Xunta de Galicia.

2. Informe de avaliación final do IV Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento.

2.1. Antecedentes e obxectivos

A *Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia* establece como criterios da política pública autonómica de cooperación para o desenvolvemento "a eficiencia, responsabilidade e transparencia na xestión dos recursos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, establecendo uns criterios de avaliación e indicadores que fagan posible a medición do impacto e do logro de resultados para a rendición de contas á sociedade" (art. 82.d). Ao tempo, tamén fixa a "participación dos axentes de cooperación na planificación, o seguimento e a avaliación desta política pública" (art. 82.g). Por outra banda, establece un mandato en relación á elaboración dos Plans Directores de tal xeito que "o órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento basearase para a súa formulación na avaliación participativa do plan director precedente, e habilitará os espazos e mecanismos de consulta oportunos promovendo a participación plural, activa e inclusiva dos axentes de cooperación" (art. 83. 2).

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEBATES
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

As avaliacións constitúen o núcleo principal do sistema de xestión do coñecemento da Cooperación Galega ao servizo da aprendizaxe colectiva, a transparencia e a rendición de contas á cidadanía galega. A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (DXRREE e UE) a través da Subdirección Xeral de Cooperación Exteriores (SDXCE) integrada na Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, como centro directivo competente en materia de cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia "promoverá a aprendizaxe colectiva e o fortalecemento da capacidade para a xestión do coñecemento dos axentes de cooperación a través da realización de estudos e investigacións e a habilitación de espazos e mecanismos para o intercambio de coñecementos e boas prácticas no logro de resultados de desenvolvemento" (art. 86.1). Ao tempo, tamén se indica que a DXRREE e UE "promoverá a rendición de contas á sociedade galega a través da avaliación do Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento vixente, dos instrumentos de cooperación e das actuacións financiadas con recursos do sector público autonómico. A avaliación rexerase polos criterios básicos de pertinencia, eficacia, eficiencia, impacto e sustentabilidade e mais pola metodoloxía de avaliación da cooperación española e da Unión Europea, integrando o enfoque de xénero e de dereitos humanos. Os informes resultantes da avaliación dos plans directores da cooperación galega serán presentados anualmente ao Parlamento de Galicia polo órgano competente" (artigo 86.2). Por último, ao Consello da Xunta de Galicia correspóndelle "aprobar e acordar a remisión ao Parlamento de Galicia dun informe cuadrienal sobre a avaliación final do Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento, elaborado polo órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento" (art. 87.c). Os resultados deste informe de avaliación final tamén deberán ser presentados ante o Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE), tal e como se prescribe no artigo 89.3.c da Lei 10/2021.

O IV Plan Director da Cooperación Galega ao Desenvolvemento (2018-2021) recoñece como un dos seus resultados de xestión (R.X.6.) que "a cidadanía galega accede a unha información de calidade sobre os logros colectivos da Cooperación Galega na consecución dos ODS" a través da acción de "facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación" (L.A.6.1). Esta acción compleméntase co obxectivo de "reforzar a cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe colectiva dos actores e axentes de cooperación" (L.A.5.4). Ao tempo, o modelo de xestión orientada a resultados de desenvolvemento salienta a necesidade de que a toma de decisións estratéxicas e operativas se realice con base en información de calidade e relevante que achegue datos, feitos e evidencias. Xa que logo, as avaliacións cóidanse necesarias por un dobre motivo:

a) Por constituíren un elemento imprescindible para que a política de axuda avance progresivamente cara a unha maior calidade e impacto.

b) Por facilitaren a rendición de contas esixible a toda política de cooperación levada a cabo con fondos públicos.

Neste senso, consonte ao Plan Anual 2021 da Cooperación Galega para o Desenvolvemento e dando cumprimento ao indicador I.6.1.3 do IV Plan Director realizarase unha avaliación final externa e independente, debendo presentarse os seus resultados con antelación suficiente para que poidan orientar o novo ciclo de planificación. Os resultados desta avaliación difundiranse publicamente, mandato que desenvolve o presente informe. De vez, esta avaliación achega á unidade responsable da xestión do IV Plan Director recomendacións e propostas de mellora útiles, realistas e pragmáticas para optimizar a eficacia e eficiencia dos esforzos institucionais, organizativos e operativos de cara

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

ao novo ciclo de planificación do marco estratéxico da Cooperación Galega. De vez, os seus resultados e recomendacións contribúen a facilitar o uso dos seus resultados en todos os niveis de responsabilidade. Xa que logo, este informe inclúe:

a) A análise do grao cumprimento no cuadrienio 2018-2021 dos resultados de xestión, liñas de acción e indicadores establecidos no IV Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (**Conclusións**).

b) Propostas de mellora para o novo ciclo de planificación estratéxica participativa da Cooperación Galega (**Recomendacións**).

Ao tratarse dunha avaliación final, en diálogo coa DXRREE e UE, establecéronse como criterios para a análise os seguintes:

a) **Eficacia e logro de resultados** para comprobar en que medida se acadaron adecuada e suficientemente os resultados de xestión do IV Plan Director así como detectar aquelas dificultades e atrancos para a execución das súas liñas de acción e para a consecución dos seus indicadores.
b) **Eficiencia** para determinar o grao de transformación dos recursos e activos nos resultados de xestión e produtos do IV Plan Director.
c) **Coherencia** co fin de valorar a adecuación das accións programadas para acadar os resultados de xestión do IV Plan Director.
d) **Pertinencia** co fin de apreciar a utilidade do sistema de indicadores definido no IV Plan Director e para valorar a validez e utilidade dos métodos de colleita e análise de datos establecidos para o seguimento e avaliación do IV Plan Director.
e) **Satisfacción** co fin de determinar o grao de satisfacción das expectativas dos axentes e actores da Cooperación Galega respecto do IV Plan Director

As necesidades informativas plasmáronse a xeito de preguntas na **matriz de análise** do IV Plan Director vencellándoas con cadanseu criterio e definindo un conxunto preciso de indicadores **(Anexo 1)**.

2.2. Metodoloxía empregada

O proceso de análise abrangueu catro fases de traballo aliñándose co establecido pola AECID no seu *Manual de xestión de avaliacións da cooperación española* (AECID, 2007) adaptado á especificidade deste exercicio de análise intermedia:

Fase I: Diagnóstico e deseño participativo

1. Análise de avaliabilidade do IV Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento.
2. Traballo de gabinete e documentación.
3. Deseño dos instrumentos avaliativos.

Fase II. Análise de datos e traballo de campo

4. Análise cuantitativa.
5. Análise cualitativa. cuestionario, entrevistas individuais e grupais, e xuntanzas de contraste.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Fase III: Elaboración de informe

6. Informes parciais e achegas.
7. Informe definitivo contendo conclusións e recomendacións.
8. Revisión polos mandatarios do informe e os axentes de cooperación.

Fase IV: Comunicación pública de resultados.

9. Presentación en xuntanza do CONGACODE.
10. Difusión a través da web da Cooperación Galega e envío a actores da cooperación en Galicia e España, cunha especial atención aos partidos políticos con representación no Parlamento de Galicia.

Trala fase de deseño elaborouse unha ***Guía de Deseño*** que incluíu: plan de traballo e cronograma xeral, o esquema da lóxica do IV Plan Director, os indicadores e matriz de planificación, o resultado da análise de avaliabilidade, a matriz de criterios de análise, e as ferramentas metodolóxicas que se implementaron na fase de análise dos datos e traballo de campo.

Cadro 1: Opcións metodolóxicas da avaliación

Fases	Opcións metodolóxicas			
	Análise documental	Base de datos	Cuestionarios, focus-group	Xuntanzas de contraste
I. Diagnóstico e deseño	☑			☑
II. Análise de datos e traballo de campo	☑	☑	☑	☑
III. Elaboración do informe	☑			☑
IV. Comunicación pública de resultados				☑

Ao longo de todo o proceso desenvolveuse un amplo e continuo traballo de análise documental sobre a base da **matriz de documentación (Anexo 2)** relativa ao IV Plan Director.

Na fase de deseño, asemade, definíronse e seleccionáronse os actores participantes na avaliación nos cales aplicar as diferentes ferramentas de escolma e colleita de datos. Con este fin, elaboráronse dous tipos de recursos:

a) Un modelo de cuestionario para o conxunto dos axentes inscritos no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación.

b) Unha guía de traballo de campo.

A seguir sintetízase o alcance e número de actores participantes:

Cadro 2: Axentes participantes nos diferentes instrumentos

Instrumentos	Participantes
Cuestionario	65 persoas de 63 entidades
Focus-group	8 persoas de 7 entidades
Xuntanzas de contraste	4 persoas

O proceso de avaliación desenvolveuse entre outubro de 2021 e xuño de 2022 en dúas fases: fase de análise cuantitativa e fase de análise cualitativa. Os resultados deste informe serán presentados publicamente en xuntanza do CONGACODE en xullo de 2022.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTE

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

2.3. Condicionantes e límites do informe

O avaliador pon de manifesto as seguintes consideracións co fin de facilitar unha correcta interpretación das conclusións e recomendacións:

a) A SDXCE ten realizado un **seguimento activo e fiable do marco de resultados e indicadores do IV Plan Director** tal e como se reflicte nas súas memorias anuais de xestión do período 2018-2021. Deste xeito, achegouse unha información suficiente e adecuada para a medición do grao de execución dos indicadores previstos no marco de resultados.

b) Os indicadores do marco de resultados do IV Plan Director céntranse nas actuacións e procesos xestionados pola DXRREE e UE. A limitada previsibilidade das actuacións en cooperación ao desenvolvemento xestionadas por outros departamentos da Xunta de Galicia impediu definir con precisión no Plan Director indicadores que abranguesen estes recursos e produtos. De todos os xeitos, **nalgúns casos téñense desagregado os datos de xeito que se realiza unha análise a un triplo nivel nalgúns dos indicadores e produtos**.

   a. Datos da Cooperación Galega integrando os desembolsos da totalidade da Xunta de Galicia, é dicir, DXRREE e UE e mais o resto de departamentos.

   b. Datos da Cooperación Galega centrados nos desembolsos da DXRREE e UE e que inclúen os compromisos de desembolso derivados de convocatorias e convenios de anos anteriores ao 2018 e os compromisos das convocatorias e convenios do cuadrienio 2018-2021.

   c. Datos da Cooperación Galega centrados en exclusiva nos desembolsos realizados ao abeiro das convocatorias resoltas e convenios formalizados entre 2018 e 2021 pola DXRREE e UE. No caso dos datos relativos ao promedio de financiamento por proxecto a través de convocatorias entre 2018 e 2021, tomáronse en conta os datos de financiamento por proxecto da resolución e non os desembolsos efectivos xa que estes integran desembolsos a efectuar en 2022.

c) O feito de que a asistencia técnica externa responsable deste informe teña realizado o informe intermedio de seguimento do IV Plan Director e teña sido o responsable da facilitación do proceso de planificación estratéxica que deu lugar ao III e IV Plan Director demandou a implementación de **mecanismos de supervisión e revisión que garantan o rigor crítico, a obxectividade, a integridade e imparcialidade do exercicio de avaliación.**

d) A pandemia da COVID-19 e a afectación provocada nas comunidades socias, en Galicia e nos axentes de cooperación motivou a elaboración participativa, a instancias da DXRREE e UE, dunha **Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega**. Nesta estratexia, aprobada en xaneiro de 2021, inclúese un mandato específico de realizar unha "avaliación da execución da estratexia de resposta á COVID-19 no marco da avaliación final externa e independente do IV Plan director da cooperación galega" (Indicador 6.1.2). Naqueles indicadores do IV Plan Director que teñen sido adaptados por esta Estratexia de resposta realizouse unha análise específica neste informe.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

3. Descrición do IV Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento

O cuarto ciclo de planificación estratéxica da Cooperación Galega desenvolveuse no primeiro semestre do ano 2018 con base nas avaliacións intermedia e final do III Plan Director. O proceso de consulta cos axentes galegos de cooperación deu como resultado o IV Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (2018-2021) cunha vixencia cuadrienal sendo aprobado por maioría no Parlamento de Galicia o día 22 de xuño de 2018. Asemade contou previamente co apoio maioritario do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE) na súa xuntanza do 18 de abril de 2018, sendo aprobado posteriormente polo Consello da Xunta de Galicia o 3 de maio de 2018. Este Plan Director foi aprobado sen contar co apoio unánime do conxunto de axentes de cooperación no CONGACODE aínda que non obtivo ningún voto en contra. No Parlamento de Galicia aprobouse sen o voto favorable das forzas políticas da oposición con representación parlamentaria. Tanto o III Plan Director como o vixente IV Plan Director non gozaron do consenso social e político que tiña caracterizado o I e II Plan Director. Con todo, o consenso no CONGACODE recuperouse coa aprobación posterior por unanimidade dos Plans Anuais 2018, 2019, 2020 e 2021 da Cooperación Galega.

O marco de formulación do IV Plan Director naceu determinado por un dobre proceso: en primeiro lugar, a evolución e experiencia da Cooperación Galega tras da execución de tres Plans Directores; e, en segundo lugar, as transformacións da axenda global de desenvolvemento coa aprobación polas Nacións Unidas en 2015 do novo contrato social global plasmado na Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable e os seus 17 ODS. Este novo consenso internacional motivou a necesidade de actualizar a misión e visión da Cooperación Galega expresadas nos anteriores plans directores, de tal xeito que o IV Plan Director declara como **misión**:

> ***Mediante a política pública de cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega contribúe ao logro dos Obxectivos de desenvolvemento sustentable co fin de erradicar a pobreza nas súas múltiples dimensións, construír a resiliencia de persoas e comunidades, reducir as desigualdades, promover a realización efectiva dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais, e favorecer modelos de produción e de consumo sostibles para a conservación do planeta. As accións da Cooperación Galega orientaranse á promoción de cambios positivos e sostibles e a longo prazo nas condicións de vida das persoas para a realización do dereito ao desenvolvemento humano integral e sustentable dos países e comunidades cos que se asocia a Cooperación Galega, e contribuirán á construción dunha cidadanía global concienciada, comprometida e participativa que apoia as políticas e accións de solidariedade a nivel local e global.***

Xuntamente, a Cooperación Galega expresa como renovada **visión** do proceso de desenvolvemento a seguinte:

> ***A sociedade galega aspira a conseguir un mundo onde as persoas estean primeiro, onde ningunha persoa sexa deixada atrás -especialmente as mulleres, a infancia e os colectivos vulnerables-, onde a prosperidade sexa compartida por todas as persoas e comunidades, que respecte e conserve o planeta, onde se consolide e constrúa a paz baseada na xustiza e os dereitos humanos, e onde traballemos conxuntamente e en asociación para construílo.***

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Nesta visión sintetízanse os cinco P que integran a Axenda 2030: persoas, prosperidade, planeta, paz e partenariado, configurando o marco no que se desenvolverán os tres Plans Directores da Cooperación que se executarán entre 2018 e 2030

Dentro do proceso de consolidación da mellora da calidade e eficacia da Cooperación Galega esta nova estratexia presentou as seguintes características diferenciadoras:

a) O aliñamento coa Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas contribuíndo aos esforzos colectivos da cidadanía galega e dos actores públicos e axentes de cooperación para a consecución dos ODS.

b) A continuidade na planificación estratéxica baseada no modelo de xestión orientada a resultados de desenvolvemento reforzando, á súa vez, a identidade, as vantaxes comparativas e o valor engadido da Cooperación Galega.

c) A previsibilidade dos recursos dispoñibles no marco dun crecemento sustentable do Programa 331A de cooperación exterior para o desenvolvemento da Xunta de Galicia.

d) A transparencia e promoción dunha participación ampla e activa dos actores e axentes galegos de cooperación durante o seu proceso de elaboración de tal xeito que resulte coherente cos principios dunha política pública participativa e participada.

O I Plan Director (2006-2009) significou a modernización do sistema galego de cooperación mentres que o II Plan Director (2010-2013) deu continuidade á traxectoria de racionalización e aliñamento estratéxico coa axenda global de desenvolvemento. O III Plan Director avanzou a nivel de planificación e deseño na harmonización e homologación da Cooperación Galega co resto de cooperacións autonómicas españolas e na racionalización e mellora operativa e institucional do sistema a través dun deseño estratéxico baseado nos **criterios de política pública de cooperación** definidos no II Plan Director. A aplicación destes criterios ten amosado efectos correctores sobre as inercias e atrancos do sistema galego no seu conxunto tal e como salientaron as avaliacións externas intermedia e final do II e III Plan Director. Estes criterios foron revisados no marco da elaboración do IV Plan Director e son os seguintes:

1. A axuda debe ser eficaz e sostible.
2. A axuda debe ser previsible.
3. A axuda debe concentrar os seus recursos.
4. A axuda débese xestionar de forma transparente.
5. A axuda débese integrar nun marco de coherencia de políticas de desenvolvemento sustentable das administracións públicas.
6. A axuda debe fomentar a participación social nos países socios e en Galicia.
7. A axuda debe promover a integración, complementariedade e coordinación dos actores e axentes de cooperación.

Estes sete criterios xunto cos principios da Cooperación Galega enunciados no I e II Plan Director actuaron como fundamentos doutrinais que inspiraron a planificación estratéxica.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Cadro 3: Principios da Cooperación Galega para o Desenvolvemento

1. *O ser humano debe constituír o centro dos esforzos do desenvolvemento.*
2. *O desenvolvemento constitúe un proceso multidimensional e non simplemente económico.*
3. *O desenvolvemento ten que se concibir como opción de realización dos pobos.*
4. *O desenvolvemento constitúe unha responsabilidade compartida.*
5. *A xustificación última do proceso de desenvolvemento descansa na conquista efectiva dos dereitos para as persoas.*

A planificación da xestión estratéxica materializada no IV Plan Director desenvolveuse consonte á seguinte **cadea de resultados**:

Figura 1: Esquema da planificación estratéxica do IV Plan Director da Cooperación Galega



En síntese, o IV Plan Director abrangue 5 ámbitos estratéxicos, 6 resultados de xestión, 36 produtos, 20 liñas de acción, e 32 indicadores de desempeño para facilitar o seu seguimento e avaliación.

En relación ao **contexto de execución** do IV Plan Director cómpre salientar os seguintes aspectos que influíron no mesmo:

a) A **pandemia global** orixinada pola COVID-19 desde principios de 2020 ten afectado gravemente á humanidade no seu conxunto provocando unha crise económica, sanitaria e social con consecuencias negativas e que afectan con maior gravidade ás persoas e colectivos máis vulnerables tanto en Galicia coma no resto do mundo. O impacto negativo da pandemia nas persoas e comunidades socias da Cooperación Galega e sobre os propios axentes de cooperación, xunto coa afectación da execución dos proxectos financiados, motivaron que no derradeiro trimestre do 2020, a DXRREE e UE desenvolvese o proceso de planificación estratéxica participativa dunha *Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega*. Este proceso iniciouse a mediados de novembro co obxectivo de dotar á Cooperación Galega dun consenso que permitise adaptar, en diálogo cos axentes de cooperación, o marco estratéxico e operativo da Cooperación Galega á situación de pandemia e poder paliar os seus efectos sobre as persoas e comunidades coas que se asocia a Cooperación Galega e sobre os axentes de cooperación e os seus socios. O *Informe intermedio de seguimento do IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021)* incluíra entre as súas recomendacións a definición dunha estratexia complementaria ao IV Plan director en diálogo cos axentes de cooperación, co fin de facer fronte aos impactos negativos da pandemia da COVID-19 e da crise sanitaria, social e económica en Galicia e nos países e nas comunidades socias. O proceso rematou en xaneiro de 2021 e esta estratexia orientou a elaboración dos Plan Anuais 2021 e 2022 así como os convenios e as convocatorias de axudas de proxectos no exterior de

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

cooperación e acción humanitaria. A principal achega desta estratexia consistiu na definición de tres ámbitos estratéxicos específicos deseñados para optimizar os activos, recursos e instrumentos da Cooperación Galega na loita contra a pandemia e as súas negativas consecuencias que afectaron e seguen a afectar gravemente ás comunidades e persoas máis vulnerables.

b) A situación excepcional provocada pola pandemia da COVID-19 e a formulación da *Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega*, complementaria do IV Plan Director, ten motivado a **prórroga da vixencia do actual Plan Director para alén do ano 2021**. Tal e como se establece na devandita Estratexia, esta constituirá o marco de referencia estratéxico e operativo para a Cooperación Galega durante a situación de pandemia. Para todas aquelas cuestións non previstas nesta Estratexia seguirá en vigor subsidiariamente o establecido no IV Plan Director da Cooperación Galega. Ante a prevalencia da pandemia, a DXRREE e UE ten trasladado aos axentes galegos de cooperación a idoneidade de dar comezo aos traballos de elaboración do V Plan Director da Cooperación Galega no segundo semestre do 2022 ao contar cun marco estratéxico de transición adaptado ás actuais circunstancias nos países e comunidades socias.

c) Actualmente estase a desenvolver o **proceso de reforma e modernización do sistema español de cooperación** impulsado polo Goberno de España e liderado polo Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación. Este proceso aborda a necesidade de fortalecer o deseño institucional e a gobernanza do sistema da Cooperación Española co fin de definir unha estrutura máis integrada que favoreza unha actuación máis coordinada, estratéxica e eficaz, asegurando de vez a coherencia das políticas. Entre os principais obxectivos, atópanse a elaboración dunha nova lei estatal de cooperación para o desenvolvemento, a reforma da AECID, da cooperación financeira e do estatuto do cooperante, e alcanzar o 0,7% da RNB en 2030. En novembro de 2021, o MAEC presentou perante o Consejo Estatal de Cooperación do proxecto de Lei da Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global. Ao tempo, anunciouse que o VI Plan Director da Cooperación Española abranguerá o período 2022-2025. A relevancia desta reforma integral da arquitectura do sistema español de cooperación e o compromiso da Cooperación Galega coa coordinación e a complementariedade coa Cooperación Española tamén influíron na decisión de adiar ao segundo semestre do 2022 o proceso participativo de elaboración do V Plan Director da Cooperación Galega.

d) O 5 de abril de 2021 entrou en vigor a ***Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia***. Durante a vixencia do III Plan Director (2014-2017), a falta de consenso social e político motivou que a proposta dunha nova Lei galega de cooperación para o desenvolvemento prevista neste Plan Director ficase sen executarse. En 2019 a Xunta de Galicia iniciou o proceso para a remisión ao Parlamento de Galicia dun anteproxecto de Lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia. A DXRREE e UE asumiu a dirección dos traballos técnicos relativos ao Título VIII dedicado en exclusiva á cooperación para o desenvolvemento e facilitou a participación dos axentes galegos de cooperación na elaboración do articulado deste Título. O anteproxecto foi sometido a exposición pública entre xullo e setembro de 2019 sendo integradas no seu articulado alegacións realizadas polos axentes de cooperación. O 30 de xaneiro de 2020 o anteproxecto de Lei foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia e

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

remitido ao Parlamento de Galicia para a súa tramitación. A convocatoria anticipada de eleccións e disolución do Parlamento de Galicia do día 10 de febreiro de 2020 finalizou a tramitación parlamentaria deste proxecto de lei. Tras o inicio da XI Lexislatura, o Consello da Xunta de Galicia remitiu ao Parlamento de Galicia outra volta o anteproxecto de Lei sendo aprobada no pleno celebrado o 23 de febreiro de 2023. Esta nova Lei contou cos votos a favor do PPdeG, a abstención do BNG e os votos en contra do PSdeG. Xa que logo, durante a vixencia do IV Plan Director desenvolveuse un proceso aberto de elaboración do Título VIII da nova Lei na que participaron os principais axentes da Cooperación Galega. No articulado desta Lei recolléronse as súas demandas, especialmente as relativas ao sistema de financiamento e control das axudas e subvencións, establecendo no seu artigo 94 un sistema específico adaptado ás singularidades da cooperación para o desenvolvemento. Estas novidades reguladoras da política pública de cooperación para o desenvolvemento en Galicia teñen eliminado grande parte dos puntos críticos que xeraban insatisfacción nos axentes de cooperación facilitando unha valoración máis favorable dos impactos positivos xerados polo IV Plan Director.

e) Tras da aprobación polas Nacións Unidas a finais de 2015 da nova axenda global de desenvolvemento que se materializa na **Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable e os seus 17 ODS** puxéronse en marcha os procesos de localización da Axenda 2030 a nivel estatal e sub-estatal. O Goberno de España aprobou en xuño de 2018 o *Plan de acción para a implementación da Axenda 2030* e impulsou a creación da estrutura institucional para a gobernanza da Axenda que actualmente depende da Secretaría de Estado para la Agenda 2030 integrada no Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030. O 18 de xullo de 2018 e o 15 de xullo de 2021, España superou cadanseu exame voluntario perante o Foro Político de Alto Nivel (FPAN) das Nacións Unidas. Actualmente a gobernanza española da Axenda 2030 está integrada por unha Comisión Delegada del Gobierno para la Agenda 2030, a Conferencia Sectorial para la Agenda 2030 e o Consejo de Desarrollo Sostenible . Desde 2018 publícase ademais un *Informe de progreso sobre a implementación da Axenda 2030 en España*. En Galicia, a Xunta de Galicia realizou un estudo sobre a implantación da Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable pola Administración autonómica. A raíz deste estudo, impulsáronse os procesos institucionais de gobernanza da Axenda 2030 coa creación en novembro de 2019 da Comisión interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia. A coordinación do grupo de traballo no ámbito social foille encomendada ao Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.

f) A recuperación económica e o incremento dos ingresos fiscais motivaron o **crecemento dos orzamentos anuais da Xunta de Galicia**, medrando entre 2018 e 2019 a dotación orzamentaria do programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento na Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. A pesar das **consecuencias negativas da pandemia da COVID-19** sobre os ingresos públicos, o aumento do endebedamento e do gasto público no eido sanitario e social, no bienio 2020 e 2021 o orzamento desembolsado ao abeiro do programa 331A mantivo taxas positivas de crecemento anual.

g) Entre 2014 e 2017 as persoas representantes das ONGD no CONGACODE votaron en contra do proxecto de III Plan Director e dos Plans Anuais da Cooperación Galega no marco das campañas reivindicativas e accións de incidencia política das ONGD respecto dos severos

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTE

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

recortes sufridos pola cooperación ao desenvolvemento a nivel local, autonómico e estatal. En relación ao IV Plan Director, as persoas representantes das ONGD no CONGACODE abstivéronse e, posteriormente, votaron a favor dos Plans Anuais da Cooperación Galega dos anos 2018, 2019, 2020 e 2021. Deste xeito recuperouse de vagar o **consenso social e político sobre a política pública galega de cooperación**, proceso tamén favorecido pola elaboración participativa do anteproxecto da Lei reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia e pola participación activa dos axentes de cooperación no proceso de planificación da *Estratexia de reposta á COVID-19 da Cooperación Galega.*

h) A execución do IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021) realizouse de maneira simultánea á do **V Plan Director da Cooperación Española (2018-2021),** aprobado en marzo de 2018 polo Consello de Ministros presidido por Mariano Rajoy. Este V Plan Director aprobouse tras dun proceso de elaboración no que o texto contou coa crítica e rexeitamento por parte das ONGD, partidos políticos, gobernos autonómicos e locais, etc. De todos os xeitos, por vez primeira teñen coincidido os ciclos de planificación da Cooperación Española e Galega de tal xeito que podería constituír unha oportunidade para a retroalimentación mutua nos seus avances e progresos así como do vindeiro ciclo de planificación da Cooperación Galega.

i) Os resultados das **eleccións autonómicas de xullo de 2020** determinaron a continuidade no goberno da Xunta de Galicia do partido político que asumira a formulación e xestión do vixente IV Plan Director de tal xeito que a execución do seu marco de resultados realizouse consonte ao previsto, agás coas modificacións sinaladas no apartado a) derivadas da pandemia da COVID-19. Este equipo responsable da gobernanza da Cooperación Exterior da Xunta de Galicia dirixiu o proceso de avaliación externa do IV Plan Director e liderará o proceso participativo de elaboración do V Plan Director. Como resultado destas eleccións o órgano directivo competente en cooperación para o desenvolvemento da Xunta de Galicia pasou a denominarse Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e na que se integrou a DXRREE e UE (Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, DOG, n. 190, de 18 de setembro de 2020).

j) Consonte ás sentenzas do Tribunal Constitucional en relación á *Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local* as Entidades Locais poderán exercer as súas competencias en cooperación para o desenvolvemento con plena autonomía nun marco de coordinación e respecto dos principios, directrices, fins e obxectivos da Política Exterior do Estado e mais dos instrumentos de planificación da acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia. A *Lei 10/2021 reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia* recoñece estas competencias no seu artigo 98.

k) As **crises humanitarias** derivadas de catástrofes naturais e a crise ecolóxica (volcán de Fuego, ciclón Idai, inundacións en Ecuador, fame no Sahel, tormentas tropicais Eta e Iota en Honduras, ciclóns en Mozambique, terremoto en Haití), pandemias (COVID-19, Ébola) e conflitos armados (crise das persoas refuxiadas e desprazadas polos conflitos en Siria, Iraq e Afganistán, República Democrática do Congo, República Centroafricana, Mozambique, Iemen e Ucraína) demandan unha resposta coordinada así como un maior compromiso político das administracións públicas galegas coa cooperación ao desenvolvemento e a

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

acción humanitaria. Ao tempo, a Cooperación Galega deu continuidade á súa cooperación no eido humanitario co pobo saharauí e con Palestina.

Dentro da fase de diagnose previa do ciclo de avaliación do IV Plan Director analizouse a **lóxica de planificación** que fundamenta a coherencia interna do mesmo. A seguir recuperamos a devandita lóxica que ten sido elaborada tras a análise dos elementos relativos á estrutura, procesos e resultados e tendo en conta os criterios da política pública de cooperación para o desenvolvemento da Cooperación Galega así como os indicadores do seu marco de resultados. Desde esta perspectiva, o IV Plan Director desenvolveu dous procesos principais que se sintetizan na definición de misión do mesmo e que abranguen dous tipos de actividades: as actividades de cooperación e acción humanitaria, e mais as actividades de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global. Os procesos vinculados ás actividades da Cooperación Galega agardaban contribuír a resultados de desenvolvemento coa seguinte definición de impacto:

a) Impacto do proceso vencellado ás actividades de cooperación ao desenvolvemento e acción humanitaria: ***Mediante a política pública de cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega contribúe ao logro dos Obxectivos de desenvolvemento sustentable co fin de erradicar a pobreza nas súas múltiples dimensións, construír a resiliencia de persoas e comunidades, reducir as desigualdades, promover a realización efectiva dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais, e favorecer modelos de produción e de consumo sostibles para a conservación do planeta. As accións da Cooperación Galega orientaranse á promoción de cambios positivos e sostibles e a longo prazo nas condicións de vida das persoas para a realización do dereito ao desenvolvemento humano integral e sustentable dos países e comunidades cos que se asocia a Cooperación Galega.***

b) Impacto do proceso vencellado á actividade de educación para o desenvolvemento e cidadanía global: ***As accións da Cooperación Galega contribuirán á construción dunha cidadanía global concienciada, comprometida e participativa que apoia as políticas e accións de solidariedade a nivel local e global.***

A nivel dos subprocesos, identificáronse nove niveis de análise asociados aos criterios da política pública galega de cooperación aos que se vinculan os indicadores de desempeño correspondentes. Xa que logo, o IV Plan Director foi deseñado para producir dúas castes de resultados:

a) **Seis resultados de xestión**, entendidos como os logros colectivos relativos a aqueles aspectos internos organizativos que a Cooperación Galega debe acometer para a consecución dos resultados de desenvolvemento.

b) **Cinco resultados de desenvolvemento** a través da definición de cinco ámbitos estratéxicos da Cooperación Galega. Estes ámbitos estratéxicos afirman o valor diferencial e a especialización coherente da Cooperación Galega, resultado da experiencia e traxectoria histórica da actuación conxunta dos actores e axentes galegos de cooperación en alianza cos seus socios de desenvolvemento. Ao tempo, estes ámbitos estratéxicos, complementados coas prioridades transversais, abranguen as cinco esferas da Axenda 203 (persoas, planeta, prosperidade, paz e partenariados) contribuíndo á consecución dos 17 ODS.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Figura 2: Lóxica do IV Plan Director da Cooperación Galega

ESTRUTURA

Elementos estruturais de carácter ESTRATÉXICO e TÉCNICO

- Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia
- Lei 3/2003 de Cooperación para o Desenvolvemento (derrogada).
- Decreto 178/125 de Acción Exterior de Galicia. Decreto 29/2017 de Cooperación para o Desenvolvemento
- Estratexia Galega de Acción Exterior. Horizonte post 2020
- IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021)
- Plans anuais (2018, 2019, 2020, 2021) e informes de xestión (2018, 2019, 2020, 2021)
- Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega
- Estratexia galega de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global
- Convocatorias de axudas e convenios e avaliacións de proxectos da Cooperación Galega
- Plan de acción para a implementación da Axenda 2030 na Xunta de Galicia
- V Plan Director da Cooperación Española

Recursos e elementos ORGANIZATIVOS

- Programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento da Lei Xeral de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia
- Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE
- Subdirección Xeral de Cooperación Exterior
- Consellerías da Xunta de Galicia
- Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento
- Grupo de Traballo en Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global no CONGACODE
- Comisión interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia
- Grupo de traballo no ámbito social da Comisión Interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia
- Rexistro Galego de Axentes de Cooperación

PROCESOS

Proceso principal 1:

Mediante a política pública de cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega contribúe ao logro dos Obxectivos de desenvolvemento sostible co fin de erradicar a pobreza nas súas múltiples dimensións, construír a resiliencia de persoas e comunidades, reducir as desigualdades, promover a realización efectiva dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais, e favorecer modelos de produción e de consumo sostibles para a conservación do planeta. As accións da cooperación galega orientaranse á promoción de cambios positivos e sostibles e a longo prazo nas condicións de vida das persoas para a realización do dereito ao desenvolvemento humano integral e sostible dos países e comunidades cos que se asocia a cooperación galega.

Proceso principal 2:

As accións da cooperación galega contribuirán á construción dunha cidadanía global concienciada, comprometida e participativa que apoia as políticas e accións de solidariedade a nivel local e global.

Criterios da política pública galega de cooperación	Indicadores de desempeño Cooperación ao desenvolvemento e acción humanitaria	Indicadores de desempeño Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global
Previsibilidade	1.3.1	
Concentración	2.1.1 / 2.2.1 / 2.3.1 / 3.2.1 / 4.2.1	2.3.1 / / 4.2.1
Especialización	3.1.1 / 3.1.2 / 3.2.3	3.1.3 / 3.3.1
Concorrencia competitiva	3.2.2 / 5.7.1	5.7.1
Coordinación, complementariedade e participación	1.2.1 / 3.2.4 / 4.1.1 / 4.3.1 /5.6.1	1.2.1 / 3.3.1 / 4.1.1 / 4.3.1 /5.6.1
Coherencia de políticas	1.1.1 / 1.1.2	
Fortalecemento de capacidade	5.1.2 / 5.2.1 / 5.3.1 /5.3.2 / 5.5.1	
Avaliación e xestión do coñecemento	5.4.1 / 5.4.4 / 6.1.3	5.4.1 / 5.4.3 / 6.1.3
Rendición de contas e transparencia	5.4.2 / 6.1.1 / 6.1.2 / 6.1.3	

RESULTADOS

Resultados de xestión

- R.X.1. A cooperación galega aliña o seu marco estratéxico e operativo coa Axenda 2030 e os ODS
- R.X.2. A cooperación galega concentra a súa axuda con criterios de eficacia
- R.X.3. A cooperación galega especializa a súa axuda nos ámbitos estratéxicos nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas
- R.X.4. Os actores e axentes da cooperación galega coordinan e complementan as súas actuacións para a consecución dos ODS
- R.X.5. Os actores e axentes da cooperación galega fortalecen a súa capacidade institucional para a consecución dos ODS
- R.X.6. A cidadanía galega accede a unha información de calidade sobre os logros colectivos da cooperación galega na consecución dos ODS

Resultados de desenvolvemento

Ámbitos estratéxicos 1 a 4
Cooperación e Acción Humanitaria

Ámbito estratéxico 5
Educación para o desenvolvemento e a ciudadanía global

XUNTA DE GALICIA

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

4. Resultados da avaliación final

A estrutura deste apartado segue os criterios establecidos na matriz de análise ofrecendo unha resposta ás necesidades informativas definidas en diálogo co equipo técnico da SDXCE, unidade mandataria deste informe de seguimento **(Anexo 1)**.

4.1. Eficacia e logro de resultados

Este subapartado resposta a dúas preguntas:

a) **Lográronse adecuada e suficientemente os resultados de xestión do IV Plan Director?**
b) **Que dificultades e atrancos impediron a consecución dos resultados de xestión do IV Plan Director?**

O IV Plan Director da Cooperación Galega definiu 6 resultados de xestión e 20 liñas de acción coas que asegurar a entrega de 36 produtos. Para poder determinar o alcance no cumprimento dos devanditos resultados de xestión, estableceuse como indicio de éxito **o grao de execución dos 32 indicadores e o grao de entrega dos 36 produtos** establecidos no marco de resultados do Plan Director ao remate do 2021.

En decembro de 2021, 28 dos 32 indicadores foran acadados plena e satisfactoriamente, 2 presentan unha execución parcial e 1 indicador non foi acadado, alcanzándose un **éxito global do 88 %** no logro de indicadores do IV Plan Director da Cooperación Galega. En relación aos produtos, 34 foron entregados e 2 ficaron sen entregar. Xa que logo, alcanzouse un **éxito global do 94%** na entrega dos produtos establecidos no IV Plan Director.

Gráfico 1: Grao de execución en porcentaxe dos indicadores do IV Plan Director da Cooperación Galega, 2018-2021

Gráfico 2: Grao de execución en porcentaxe dos produtos do IV Plan Director da Cooperación Galega, 2018-2021

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZ...
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Gráfico 3: Grao de execución en porcentaxe dos resultados de xestión do IV Plan Director da Cooperación Galega, 2018-2021



Xa que logo, a DXRREE e UE progresou favorablemente no alcance dos 6 resultados de xestión previstos no IV Plan Director, de tal xeito que a ponderación dos indicadores ten permitido delimitar o grao de alcance deste resultados.

Gráfico 4: Grao de alcance dos resultados de xestión do IV Plan Director da Cooperación Galega, 2018-2021



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O promedio global no alcance sitúase nun satisfactorio 4,7 sobre 5, aínda que cómpre analizar aqueles resultados de xestión que se sitúan por debaixo deste promedio e nos que se detectan progresos insuficientes e puntos de fractura:

a) ***Resultado de xestión 3. A Cooperación Galega especializa a súa axuda nos ámbitos estratéxicos nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas:*** Neste caso, o valor de 3,8 débese a que non se conseguiron acadar dous indicadores. En primeiro lugar, o indicador I.3.2.1. establecía que un 20 % dos recursos desembolsables no exterior da DXRREE e UE se destinaría a acción humanitaria. No cuadrienio 2018-2021 a porcentaxe destinada a acción humanitaria acadou o 18 % dos recursos desembolsables no exterior. En segundo lugar, o indicador I.3.2.2. establecía que, como mínimo, un 50 % da axuda desembolsada en acción humanitaria pola DXRREE e UE se canalizaría por medio de convocatoria pública. No cuadrienio 2018-2021 a porcentaxe canalizada a través de convocatoria en acción humanitaria acadou o 35 % dos recursos desembolsables neste eido. Con todo, se se detrae dos fondos desembolsados en acción humanitaria a achega excepcional de 1.004.000 € da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia no marco do Plan Estatal contra a Violencia de Xénero, os recursos propios desembolsados pola DXRREE e UE a través de convocatoria en acción humanitaria representarían un 48 % do total.

b) ***Resultado de xestión 5. Os actores e axentes da Cooperación Galega fortalecen a súa capacidade institucional para a consecución dos ODS.*** O valor atribuído de 4,5 débese a que non se produciron avances no indicador I.5.4.1 que establece a elaboración participativa e divulgación dun documento marco de avaliación da Cooperación Galega. Debido ao proceso de revisión dos criterios de avaliación realizada polo CAD da OCDE, revisión aprobada o 10 de decembro de 2019, adoptouse a decisión de non avanzar na realización deste indicador. Por outra banda, nese resultado de xestión ficou sen entregar un "estudo de revisión da convocatoria de fortalecemento e consolidación e sobre as necesidades de fortalecemento e capacitación dos axentes galegos de cooperación".

En relación ás dificultades e atrancos que impediron a consecución dos resultados de xestión do IV Plan Director, **esta avaliación final non identificou puntos de fractura internos que afectasen á súa execución en relación a aqueles aspectos e criterios de política pública centrais para o cumprimento dos seus indicadores e a entrega dos seus produtos**. En relación ao contexto de execución do IV Plan Director, como xa temos sinalado, o impacto da pandemia da COVID-19 no marco estratéxico e operativo da Cooperación Galega ten sido mitigado mediante a elaboración participativa da *Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega*. Ao tempo, a aprobación da Lei 10/2021 ten permitido contar cun marco máis flexible de execución dos proxectos e xustificación da axudas facilitando as adaptacións das intervencións financiadas pola Cooperación Galega aos axentes de cooperación.

No informe intermedio de seguimento sinalabamos tres puntos que era preciso afrontar no bienio 2020-2021 en relación á proactividade no liderado estratéxico e operativo da Cooperación Galega por parte da DXRREE e UE. En primeiro lugar, fortalecer o diálogo e coordinación institucional coa Cooperación municipalista das Entidades Locais galegas a través da FEGAMP e o Fondo Galego; en segundo lugar, fomentar a creación de espazos e mecanismos estables para o intercambio de coñecementos, boas prácticas e resultados entre os axentes galegos de cooperación; e, en terceiro lugar, aumentar o coñecemento público dos resultados e logros da Cooperación Galega entre a

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

cidadanía e tamén no Parlamento de Galicia co fin de reforzar a súa visibilidade e relevancia no debate político parlamentario e na fiscalización da acción do goberno da Xunta de Galicia de cara á nova lexislatura que se iniciou en agosto do 2020.

En relación ao primeiro punto, reforzouse o traballo co Fondo Galego retomando en 2021 os convenios de cooperación no eido da cooperación municipalista. Por outra banda, a consolidación dos espazos de rendición de contas e aprendizaxe colectiva viuse afectada pola pandemia da COVID-19. Por último, a Lei 10/2021 establece como función da DXRREE e UE **"remitir anualmente ao Parlamento de Galicia un informe sobre o grao de execución do Plan director vixente e do Plan de acción anual"** (art. 88.2.d.). O 7 de abril de 2021, o Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE compareceu no Parlamento de Galicia para presentar o Plan Anual 2021 da Cooperación Galega.

4.2. Eficiencia

Este subapartado resposta á pregunta: **foi eficiente a transformación dos recursos nos resultados de xestión do IV Plan Director?** Con este fin imos analizar o grao en que os produtos previstos no IV Plan Director contribuíron a acadar os resultados de mellora previstos. Na seguinte táboa analízase o estado e grao de entrega do conxunto dos 36 produtos previstos asociados aos procesos de mellora definidos no seu narrativo.

Táboa 1: Procesos de mellora e produtos do IV Plan Director da Cooperación Galega, 2018-2021

Procesos	Produto	Fonte	Estado	Grao de entrega
L.A.1.1. Reforzar a coherencia de políticas en todos os niveis da Administración pública galega.	1. **Declaración institucional do Parlamento de Galicia.**	Boletíns e diarios de sesións do Parlamento de Galicia	Entregado	100%
	2. **Grupo interdepartamental da Xunta de Galicia para a Axenda 2030.**	Decreto 142/2019, do 31 de outubro, polo que se crea a Comisión interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia (DOG, n. 217, de 14 de novembro de 2019)	Entregado	**100%**
L.A.1.2. Fomentar a participación e o diálogo de políticas no Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.	3. **Actas dos grupos de traballo**	Actas do CONGACODE	Entregado	**100%**
L.A.1.3. Garantir a previsibilidade dos recursos orzamentarios.	4. **Orzamento do Programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento aprobado.**	Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia	Entregado	**100%**
L.A.2.1. Concentrar a axuda en cooperación ao desenvolvemento nos 11 países prioritarios	5. **Proxectos no exterior executados nos países prioritarios.**	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	**100%**
L.A.2.2. Asegurar que unha parte da axuda se destina aos Países Menos Adiantados.	6. **Proxectos no exterior executados en Países Menos Adiantados.**	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	**100%**
L.A.2.3. Incrementar os fondos dirixidos a actuacións con marcos de planificación plurianuais.	7. **Proxectos con marcos de planificación plurianual financiados.**	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	**100%**
L.A.3.1. Reforzar a especialización sectorial	8. **Proxectos e intervencións executadas en cada un dos ámbitos estratéxicos.**	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	**100%**

XUNTA DE GALICIA
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Procesos	Produto	Fonte	Estado	Grao de entrega
estratéxica da cooperación exterior.				
L.A.3.2. Realizar unha acción humanitaria integral e de calidade.	**9. Proxectos financiados en acción humanitaria.**	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	**100%**
	10. Convocatorias de acción humanitaria resoltas.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	**100%**
	11. Convenios en acción humanitaria subscritos	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	**100%**
	12. Achegas económicas ao fondo humanitario común realizadas.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	**100%**
L.A.3.3. Executar a Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global da Cooperación Galega.	**13. Actas do grupo de traballo de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global do CONGACODE.**	Actas do CONGACODE	Entregado	**100%**
	14. Programación anual do marco de resultados da Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.	Plan Anual da Cooperación Galega	Entregado	**100%**
L.A.4.1. Participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da cooperación española.	**15. Reunións da Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento da cooperación española celebradas.**	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	**100%**
	16. Reunións do Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030 celebradas.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	**100%**
	17. Encontros de comunidades autónomas e cooperación celebrados.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	**100%**
L.A.4.2. Incentivar a actuación conxunta e complementaria dos actores e axentes galegos de cooperación.	**18. Proxectos en agrupación financiados.**	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	**100%**
L.A.4.3. Reforzar a colaboración transfronteiriza cos axentes portugueses de cooperación	**19. Proxectos financiados pola DXREEE e UE.**	Informes anuais da Cooperación Galega/ Memoria xustificativa dos convenios co Fondo Galego, CGONGD, RGCUD	Entregado	**100%**
L.A.5.1. Reforzar as capacidades técnicas e de xestión da DXRREE e UE.	**20. Asistencias técnicas realizadas.**	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	**100%**
L.A.5.2. Fortalecer a capacidade da Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e das Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.	**21. Convenios formalizados anualmente coa CGONGD, Fondo Galego e Universidades da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.**	Informes anuais da Cooperación Galega/	Entregado	**100%**
L.A.5.3. Apoiar a formación e capacitación especializada dos actores e axentes galegos de cooperación.	**22. Informes de execución dos convenios formalizados coa CGONGD, Fondo Galego e Universidades da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.**	Memoria xustificativa dos convenios co Fondo Galego, CGONGD, RGCUD	Entregado	**100%**
	23. Bolsas de formación de persoas expertas concedidas.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	**100%**

XUNTA DE GALICIA
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Procesos	Produto	Fonte	Estado	Grao de entrega
	24. Estudo sobre o impacto das bolsas de formación de persoas expertas.	Documento do estudo	Entregado	**100%**
	25. Estudo de revisión da convocatoria de fortalecemento e consolidación, e sobre as necesidades de fortalecemento e capacitación dos axentes galegos de cooperación.	Documento do estudo	Non entregado	**0%**
L.A.5.4. Reforzar a cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe colectiva dos actores e axentes de cooperación.	**26. Documento marco de avaliación da Cooperación Galega**	Documento marco	Non entregado	**0%**
	27. Encontros de socialización, presentación de resultados e rendición de contas celebrados.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	**100%**
	28. Convocatorias de investigación para o desenvolvemento resoltas.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	**100%**
	29. Avaliacións de proxectos no exterior en 2 países prioritarios.	Informes de avaliación	Entregado	**100%**
L.A.5.5. Dar continuidade ao investimento en recursos humanos especializados dos axentes galegos de cooperación.	**30. Bases das convocatorias publicadas.**	Bases das convocatorias de subvencións	Entregado	**100%**
L.A.5.6. Facilitar o acceso dos actores e axentes galegos a novas fontes de financiamento internacional.	**31. Convenios de cofinanciamento formalizados.**	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	**100%**
L.A.5.7. Favorecer a concorrencia competitiva no acceso aos recursos desembolsables da Cooperación Galega.	**32. Informes anuais da Cooperación Galega.**	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	**100%**
L.A.6.1. Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación.	**33. Páxina web da Cooperación Galega actualizada.**	Páxina web da Cooperación Galega	Entregado	**100%**
	34. Informes anuais da Cooperación Galega difundidos.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	**100%**
	35. Análise intermedia do IV Plan director realizada.	Informe de análise intermedia	Entregado	**100%**
	36. Avaliación final do IV Plan director realizada.	Informe de avaliación final	Entregado	**100%**

En relación ao alcance e entrega dos produtos, durante a execución do IV Plan Director aconteceron dous cambios de relevancia que afectan á entrega de dous produtos: a declaración institucional do Parlamento de Galicia en favor da Axenda 2030 das Nacións Unidas e dos ODS e en apoio da política pública de cooperación en todos os niveis da Administración pública galega, e mais as reunións do Grupo estatal de Alto Nivel para a Axenda 2030.

En primeiro lugar, durante os anos 2020 e 2021 o Parlamento de Galicia aprobou tres declaracións institucionais nas cales se integrou o compromiso coa Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable. O 20 de outubro de 2020, con motivo da celebración do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, o Parlamento de Galicia aprobou unha declaración institucional na que reiterou o seu compromiso cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMERA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

(ODS). Este compromiso cos ODS manifestouse expresamente tamén nas declaracións institucionais aprobadas co gallo do Día Universal da Infancia os días 24 de novembro de 2020 e 23 de novembro de 2021.

En segundo lugar, durante a execución do IV Plan Director o Goberno de España modificou por dúas veces a estrutura da gobernanza para a Axenda 2030 en abril de 2019 e en abril de 2020. A raíz da primeira reforma, as Comunidades Autónomas deixaron de formar parte do Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030 e pasan a integrarse na Comisión Nacional para a Axenda 2030. Deste xeito, no informe intermedio de seguimento, o indicador de resultado e o produto asociado referenciouse para o seu seguimento ás xuntanzas da devandita Comisión Nacional ao decaer a participación das Comunidades Autónomas no Grupo de Alto Nivel. En abril de 2020, a Comisión Nacional foi substituída pola Conferencia Sectorial para la Agenda 2030. En representación da Xunta de Galicia participa a Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda xa que tamén preside a Comisión interdepartamental de seguimento da Axenda 2030 en Galicia. Xa que logo, o indicador asociado a este produto vinculouse ás reunións da Conferencia Sectorial para la Agenda 2030 e órganos predecesores.

Por outra banda, cómpre sinalar que durante o cuadrienio 2018-2021 entregáronse dous produtos non previstos no IV Plan Director e de relevancia significativa para o sistema galego de cooperación e o seu marco estratéxico e operativo: a nova *Lei 10/2021 reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia* e a *Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega.* En primeiro lugar, o anterior III Plan Director da Cooperación Galega prevía unha liña de acción vinculada á "actualización normativa da Cooperación Galega" (LA.1.1) e que incluía o proceso de elaboración dunha nova Lei galega de Cooperación para o Desenvolvemento. A falta de consenso social e político sobre a política pública galega de cooperación motivou que a Xunta de Galicia desestimase a oportunidade de iniciar o devandito proceso de actualización da vixente Lei de cooperación para o desenvolvemento do ano 2003. Con todo, durante o cuadrienio 2014-2017 aprobouse o Decreto 29/2017 de cooperación para o desenvolvemento. En 2019 a Xunta de Galicia desenvolveu o proceso para a remisión ao Parlamento de Galicia dun anteproxecto de Lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia. A DXRREE e UE asumiu a dirección dos traballos técnicos relativos ao Título VIII dedicado á cooperación para o desenvolvemento. Este anteproxecto foi sometido a exposición pública entre xullo e setembro de 2019 sendo integradas no seu articulado alegacións realizadas polos axentes de cooperación. O 30 de xaneiro de 2020 o anteproxecto de Lei foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia e remitido ao Parlamento de Galicia para a súa tramitación. A convocatoria anticipada de eleccións e disolución do Parlamento de Galicia do día 10 de febreiro de 2020 finalizou a tramitación parlamentaria deste proxecto de lei. Tras as eleccións de xullo de 2020 e o inicio da XI Lexislatura en agosto, o Consello da Xunta de Galicia remitiu outra volta ao Parlamento de Galicia o anteproxecto de Lei sendo aprobada no pleno celebrado o 23 de febreiro de 2023. Esta nova Lei contou cos votos a favor do PPdeG, a abstención do BNG e os votos en contra do PSdeG

En segundo lugar, a pandemia da COVID-19 afectou ao sistema galego de cooperación no seu conxunto e aos seus socios de desenvolvemento de tal xeito que, seguindo a recomendación realizada no informe intermedio de seguimento do IV Plan Director, a DXRREE e UE iniciou en novembro de 2020 o proceso participativo de elaboración da *Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega,* complementaria do IV Plan Director e vixente mentres estea activa a situación

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DIÁLOGO SOCIAL
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

de pandemia. Polo tanto, durante a execución do IV Plan Director desenvolvéronse dous procesos con participación ampla e inclusiva dos principais axentes de cooperación galegos e que permitiron modernizar o marco normativo da política pública galega de cooperación para o desenvolvemento e facilitaron a adaptación flexible do marco estratéxico e operativo da Cooperación Galega á pandemia global da COVID-19.

Para valorar a eficiencia na consecución dos 36 produtos temos que analizar os recursos financeiros investidos en cooperación ao desenvolvemento pola Xunta de Galicia. **Entre 2018 e 2021, a Xunta de Galicia investiu en cooperación ao desenvolvemento un total de 27.150.921 €, dos cales un 95 % (25.868.591 €) foi xestionado pola DXRREE e UE** dentro da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e o restante 5 % (1.282.330 €) por outros departamentos da Xunta de Galicia. Con todo, en relación á previsibilidade da axuda galega, nos Plans Anuais da Cooperación Galega non se reflicte unha previsión dos desembolsos a realizar por outros departamentos da Xunta de Galicia.

Táboa 2: Distribución do orzamento inicial e executado da DXRREE e UE (Cooperación Exterior), 2018-2021[3]

CAPÍTULO	CONCEPTO	2018		2019		2020		2021		Total 2018-2021		
		INICIAL €	EXECUTADO €	INICIAL €	EXECUTADO €	INICIAL €	EXECUTADO €	INICIAL €	EXECUTADO €	INICIAL €	EXECUTADO €	Execución %
Capítulo I	**Gastos de persoal**	**491.754**	**491.754**	**502.209**	**502.209**	**528.435**	**528.435**	**572.461**	**572.641**	**2.094.859**	**2.095.039**	**100**
Capítulo II	**Gastos de funcionamento**	**100.000**	**100.000**	**100.000**	**100.000**	**100.000**	**100.000**	**100.000**	**100.000**	**400.000**	**400.000**	**100**
Capítulo IV	**Transferencia correntes**	**3.513.568**	**3.936.325**	**4.086.664**	**4.787.722**	**5.669.792**	**5.231.800**	**5.145.584**	**6.712.182**	**18.415.608**	**0.668.029**	**112**
	Transferencias a institucións sen fins de lucro	*490.000*	*490.000*	*520.000*	*526.675*	*572.730*	*496.474*	*572.730*	*485.572*	*2.155.460*	*1.998.721*	*93*
	Transferencias Universidades	*115.000*	*114.600,01*	*115.00*	*115.007*	*115.007*	*75.000*	*115.007*	*115.007*	*460.021*	*419.614*	*91*
	Actuacións de cooperación no exterior	*2.605.568*	*3.037.142*	*3.128.657*	*3.829.715*	*4.573.530*	*4.251.801*	*4.099.322*	*5.681.757*	*4.407.077*	*16.800.415*	*117*
	Convenio Coordinadora Galega de ONGD	*90.000*	*90.000*	*90.000*	*90.000*	*100.000*	*100.000*	*100.000*	*100.000*	*380.000*	*380.000*	*100*
	Convenio Fondo Galego	*40.000*	*40.000*	*60.000*	*60.000*	*60.000*	*60.000*	*60.000*	*60.000*	*220.000*	*220.000*	*100*
	Bolsas de formación en cooperación	*95.000*	*87.000*	*95.000*	*87.800*	*95.000*	*95.000*	*95.000*	*77.321*	*380.000*	*347.121*	*91*
	Seguridade Social Bolsas formación en cooperación	*3.000*	*2.583*	*3.000*	*3.525*	*3.525*	*3.525*	*3.525*	*3.525*	*13.050*	*13.158*	*101*
	Convenio Fondo Humanitario AECID	*50.000*	*50.000*	*50.000*	*50.000*	*50.000*	*50.000*	*50.000*	*50.000*	*200.000*	*200.000*	*100*
	Convenio Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS)	*25.000*	*25.000*	*25.000*	*25.000*	*100.000*	*100.000*	*50.000*	*139.000*	*200.000*	*289.000*	*145*
Capítulo VI	**Investimentos reais**	**60.000**	**74.966**	**60.000**	**105.306**	**70.000**	**45.153**	**70.000**	**99.415**	**260.000**	**324.839**	**125**
Capítulo VII	**Transferencias de capital**	**961.838**	**524.115**	**961.838**	**715.474**	**378.742**	**768.322**	**.660.208**	**372.773**	**3.962.626**	**2.380.684**	**60**
	Actuacións de Cooperación no Exterior	*911.838*	*474.114*	*911.838*	*665.474*	*378.742*	*768.322*	*.610.208*	*372.773*	*3.812.626*	*2.280.684*	*60*
	Convenio Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS)	*50.000*	*50.000*	*50.000*	*50.000*	-	-	*50.000*	-	*150.000*	*100.000*	*67*
Total		**5.127.160**	**5.127.160**	**5.710.711**	**6.210.711**	**6.746.969**	**6.673.709**	**7.548.253**	**7.857.011**	**25.133.093**	**25.868.591**	**103**

[3] O capítulo II non forma parte do programa 331 de cooperación para o desenvolvemento, e a cantidade executada resulta do prorrateo do total de gastos de funcionamento da DXRREE e UE entre todas as súas unidades.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

A execución orzamentaria da DXRREE e UE tense desenvolvido consonte ao previsto en cadanseu Plan Anual cunha execución orzamentaria do 103 %. Entre 2019 e 2021 incorporouse ao orzamento unha achega total de 1.004.000 € transferida pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia. Estes recursos extraordinarios proviñan dos fondos correspondentes a Galicia no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Deste xeito, desde 2015 a DXRREE e UE mantén a plena execución do orzamento previsto no correspondente Plan Anual con excepción do ano 2020, en que se executou o 99 %. Debido á situación de emerxencia sanitaria declarada en Galicia no mes de marzo como consecuencia da COVID-19, traspasáronse 325.260 € do orzamento de cooperación ao Fondo de Continxencia COVID-19 creado pola Xunta para lle dar resposta á crise. Ao tempo, engadíronse 252.000 € transferidos pola Secretaría Xeral da Igualdade procedentes do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero de tal xeito que finalmente o orzamento inicial e executado minguou en 73.260 €. Por último, as normas orzamentarias e financeiras da Xunta de Galicia habilitan á DXREEE e UE para realizar transferencias entre os capítulos IV, VI e VII co fin de adecuar o orzamento previsto no Plan Anual ás actividades financiadas durante o ano correspondente, sendo significativos os incrementos dun 12 % no capítulo IV e o 25 % no capítulo VI, mentres que se reduce un 40 % o capítulo VII. Por outra banda, os gastos de persoal e funcionamento da SDXCE ascenden 2.495.039 € un 10 % do gasto total entre 2018 e 2021. O restante 90 % destinouse ás actividades propias de cooperación ao desenvolvemento por un total de 23.373.552 €.

Táboa 3: Distribución agregada do gasto por tipo de actividade e instrumento da DXRREE e UE (Cooperación Exterior), 2018-2021

Actividade	Instrumento	2018-2021			
		Total por actividade €	%	Total por tipo de actividade €	%
Cooperación para o desenvolvemento	Convocatoria proxectos ONGD	13.117.575	56	16.034.855	69
	Convocatoria outros axentes	1.617.208	7		
	Convenios	1.300.072	6		
Acción humanitaria	Convocatorias	1.263.138	5	3.635.244	16
	Convenios e addendas	2.372.106	10		
Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global	Convocatoria EpD	1.718.721	7	3.013.790	13
	Convocatoria investigación	296.992	1		
	Convenios EpD e Fortalecemento	998.077	4		
Formación	Convocatoria de bolsas de formación	360.279	2	360.279	2
Outros	Asistencias técnicas	324.839	1	324.839	1
		23.369.007	100	23.369.007	100

En canto á distribución por actividades, destinouse un 69 % a cooperación ao desenvolvemento cun total de 16 millóns de euros, e un 16 % a acción humanitaria cun investimento de 3,6 millóns de euros. En total, un 85 % da axuda desembolsada investiuse no exterior por un importe de 19,67 millóns de euros. En canto á actividade de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global recibiu 3 millóns de euros, que representa o 13 % do total desembolsado. Tanto as actividades de formación como de fomento da cooperación (asistencias técnicas) recibiron 685 mil euros, que representan o 3 % do total da axuda desembolsada pola DXRREE e UE.

Xa que logo, unha análise cabal da relación entre o orzamento efectivamente desembolsado e os 36 produtos previstos durante a vixencia do IV Plan Director da Cooperación Galega permítenos concluír que a Cooperación Galega no cuadrienio 2018-2021 se caracterizou pola eficiencia na transformación dos recursos financeiros en produtos, contribuíndo a acadar a práctica totalidade dos resultados de xestión previstos. Malia a crise económica, fiscal e de saúde pública orixinada pola pandemia da COVID-19 garantiuse a previsibilidade orzamentaria e a solvencia financeira que, canda

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E ...
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

á xestión eficiente da DXRREE e UE, permitiu desenvolver o marco de resultados previsto no IV Plan Director.

4.3. Coherencia

Neste apartado responderemos á cuestión de se **foron adecuadas as accións programadas para acadar os resultados de xestión e liñas de acción do IV Plan Director.**

Tendo á vista o conxunto de produtos entregados ao longo do cuadrienio 2018-2021 artellaremos a exposición en torno a dous criterios de análise:

a) **Grao en que se afrontaron os retos e minguaron as debilidades detectadas no diagnóstico que acompaña ao IV Plan Director.**

b) **Grao de cumprimento das reformas previstas no IV Plan Director.**

O diagnóstico da Cooperación Galega no período 2014-2107, resultado das súa avaliación externa intermedia e final, sinalaba os seguintes **11 retos e desafíos pendentes** que deberían de ser obxecto de corrección entre 2018 e 2021 a través do IV Plan Director.

1. A **recuperación do consenso social e político** sobre a política pública galega de cooperación no marco dunha nova axenda global de desenvolvemento que demanda maiores compromisos dos gobernos sub-estatais para o cumprimento dos ODS no 2030.
2. O **aumento do esforzo investidor**, superando o 0,04% dos orzamentos da Xunta de Galicia destinado a cooperación ao desenvolvemento entre 2014 e 2017 co obxectivo de recuperar o volume de axuda oficial ao desenvolvemento (AOD) xestionado previamente á crise económica e fiscal iniciada en 2009.
3. A **suficiencia orzamentaria** necesaria para garantir dous aspectos: en primeiro lugar, a previsibilidade instrumental, de tal xeito que se dote á DXRREE e UE dos recursos financeiros suficientes para a convocatoria estable dos instrumentos de axudas previstos no Plan director; e, en segundo lugar, o reforzamento do proceso de aumento do promedio de financiamento por actuación e actividade, apoiando accións de maior impacto a medio e longo prazo que posibiliten a xeración de cambios positivos sostibles nas persoas e comunidades coas que traballa e se asocia a Cooperación Galega.
4. A **renovación das prioridades xeográficas** da cooperación exterior no contexto dunha ampliación dos fondos destinados a países menos adiantados e a África Subsahariana, aproveitando o valor estratéxico dos países africanos de lingua oficial portuguesa (PALOP).
5. A **construción de resiliencia** no conxunto de actividades de cooperación, mediante un reforzamento da especialización no eido do fortalecemento institucional e de organizacións da sociedade civil, e do apoderamento das mulleres.
6. O reforzamento do modelo de actuación nos países prioritarios ou nas comunidades socias con base en **alianzas territoriais multiactor e multinivel** nos sectores de especialización da Cooperación Galega.
7. A integración dunha visión de **coherencia de políticas na Administración pública galega**, en coordinación co conxunto de actores públicos e axentes de cooperación, a través dun liderado

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

político activo que promova a transversalización estratéxica da Axenda 2030 e a súa localización no nivel autonómico e local.

8. A promoción da **participación** nas actividades da Cooperación Galega do conxunto de axentes de cooperación, e a posta en valor das novas oportunidades de **diálogo de políticas** pola ampliación da composición do CONGACODE.

9. A mellora da **coordinación e diálogo coas administracións locais** que financian actividades de cooperación internacional e educación para o desenvolvemento.

10. A **posta en valor dos procesos de xestión do coñecemento e das aprendizaxes institucionais** derivadas dos estudos e avaliacións financiadas pola Cooperación Galega.

11. A **mellora da difusión á cidadanía dos logros colectivos da Cooperación Galega** a través de accións de comunicación máis estratéxicas e integrais.

No seguinte gráfico presentamos unha ponderación do grao de corrección destes 11 retos no cuadrienio 2018-2021. Da combinación da análise do grao de alcance dos resultados de xestión e indicadores do IV Plan Director da Cooperación Galega e dos produtos entregados no cuadrienio 2018-2021, tense identificado que se produciu unha corrección alta no conxunto de retos e desafíos da Cooperación Galega.

Gráfico 5: Grao de corrección dos retos da Cooperación Galega, 2018-2021



4.3.1. Recuperación do consenso social e político

Entre 2009 e 2016 a crise económica, financeira e fiscal afectou con severidade á Facenda Pública motivando un retroceso dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste contexto a política pública de cooperación da Xunta de Galicia sufriu axustes que provocaron unha redución do 65 % do seu orzamento entre 2010 e 2014. Xa que logo, a execución do II e III Plan Director da Cooperación Galega desenvolveuse nun contexto de contestación social e política respecto dos graves recortes sufridos pola cooperación ao desenvolvemento a nivel local, autonómico e estatal. De feito, entre 2014 e 2017 as persoas representantes das ONGD no

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

CONGACODE votaron en contra do proxecto de III Plan Director e dos Plans Anuais da Cooperación Galega no marco das súas campañas reivindicativas e accións de incidencia política.

En relación ao IV Plan Director, este foi aprobado sen contar co apoio unánime do conxunto de axentes de cooperación no CONGACODE aínda que non obtivo ningún voto en contra. Ademais, no Parlamento de Galicia aprobouse sen o voto favorable das forzas políticas da oposición con representación parlamentaria. Xa que logo, o III Plan Director e o vixente IV Plan Director non gozaron do consenso social e político que tiña caracterizado o I e II Plan Director. Con todo, o consenso no CONGACODE recuperouse coa aprobación por unanimidade dos Plan Anuais 2018, 2019, 2020 e 2021 da Cooperación Galega nos que se recolle un crecemento significativo do orzamento do programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento. Deste xeito durante a vixencia do IV Plan Director foise recuperando de vagar o consenso social e político sobre a política pública galega de cooperación. Ao tempo, tanto o anteproxecto de Lei reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia como a *Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega* foron aprobados por unanimidade no CONGACODE evidenciando a progresiva recuperación do consenso.

Como xa temos indicado, o III Plan Director da Cooperación Galega prevía unha liña de acción vinculada á "actualización normativa da Cooperación Galega" (LA.1.1) e que incluía o proceso de elaboración dunha nova Lei galega de Cooperación para o Desenvolvemento. En 2019 a Xunta de Galicia desenvolveu o proceso para a remisión ao Parlamento de Galicia dun anteproxecto de Lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia. A DXRREE e UE asumiu a dirección dos traballos técnicos relativos ao Título VIII dedicado á cooperación para o desenvolvemento. Este anteproxecto foi sometido a exposición pública entre xullo e setembro de 2019 sendo integradas no seu articulado alegacións realizadas polos axentes de cooperación. O 30 de xaneiro de 2020 o anteproxecto de Lei foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia e remitido ao Parlamento de Galicia para a súa tramitación. A convocatoria anticipada de eleccións e disolución do Parlamento de Galicia do día 10 de febreiro de 2020 finalizou a tramitación parlamentaria deste proxecto de lei que se retomou tras o inicio da XI Lexislatura do Parlamento de Galicia e a toma de posesión do novo Goberno. Con todo, a aprobación da nova Lei carece de unanimidade e unicamente foi votada favorablemente polo PPdeG, mentres que o BNG abstívose e o PSdeG votou en contra.

Durante o proceso de elaboración do anteproxecto de Lei recibíronse achegas das entidades máis representativas do sistema galego de cooperación, como a CGONGD, Fondo Galego, FEGAMP, etc. Estas achegas foron integradas en diversa medida tras dunha análise xurídica e técnica da súa viabilidade e idoneidade. O resultado deste amplo proceso participativo na definición do anteproxecto de Lei ten sido un título VIII dedicado en exclusiva á cooperación para o desenvolvemento no que se reflicten os avances e progresos experimentados nos máis de vinte e cinco anos de experiencia da Comunidade Autónoma no eido da cooperación internacional e da acción humanitaria e que configuraron unha Cooperación Galega máis especializada sectorial e xeograficamente, con maior complementariedade e eficaz coordinación co Estado e coa Unión Europea, con maior valor engadido e con maior capacidade para acadar os resultados de desenvolvemento establecidos na axenda global de desenvolvemento humano sustentable das Nacións Unidas. Este título actualiza e moderniza os principios, obxectivos, criterios e prioridades da política pública autonómica de cooperación para o desenvolvemento, así como a organización institucional da Cooperación Galega e os seus recursos e financiamento co fin de facilitar un espazo de coordinación e complementariedade co resto de axentes públicos e privados de cooperación, en

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEREITOS SOCIAIS

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

especial coas administracións locais e as organizacións que a representan e as ONGD. Polo tanto, este proceso lexislativo participativo ten favorecido tamén a recuperación do consenso social a nivel dos axentes de cooperación aínda que non así a nivel dos partidos políticos e os seus grupos no Parlamento de Galicia.

En conclusión, **durante o cuadrienio 2018-2021 recuperouse o consenso social sobre a política pública de cooperación da Xunta de Galicia nun proceso favorecido pola recuperación orzamentaria da AOD autonómica e polo proceso de actualización normativa da Cooperación Galega**. Con todo, os partidos políticos non reflectiron na súa votación en sede parlamentaria o consenso social existente no eido da cooperación para o desenvolvemento.

4.3.2. Aumento do esforzo investidor

O IV Plan Director da Cooperación Galega definiu un indicador I.1.3.1. cunha previsión de crecemento anual do 11,4 % do programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento da Lei Xeral de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia. Ao tempo, estableceu un mínimo de financiamento fixado en 5.027.160 € e que se corresponde coa anualidade 2018 do programa 331A. **Entre 2018 e 2021 o programa 331A medrou un 15 % de promedio.** Este crecemento entre os anos 2019 e 2021 viuse favorecido por tres achegas extraordinarias da Secretaría Xeral de Igualdade por importe de 1.004.000 € correspondentes ao Plan Estatal contra a Violencia de Xénero. Sen esta cantidade, o incremento do programa 331A tería sido de promedio un 13,7 %, un 2,3 % superior ao establecido no marco orzamentario do IV Plan Director. Este crecemento en termos de volume de axuda correspóndese cun aumento do esforzo investidor, destinando a Xunta de Galicia a cooperación para o desenvolvemento un promedio do 0,06 % do seu orzamento total consolidado entre 2018 e 2021.

Táboa 4: Evolución do programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento, 2017-2021[4]

Ano	2017	2018	2019	2020	2021
Programa 331A	4.512.744 €	5.027.160 €	6.110.711 €	6.573.709 €	7.757.011 €
% Crecemento anual	7,6	11,4	21,6	7,6	18,0

Este aumento do esforzo investidor aconteceu tras do retroceso do 65 % entre 2010 e 2014 nos desembolsos de cooperación para desenvolvemento da Xunta de Galicia. **Durante a vixencia do IV Plan Director erradicouse a ameaza da volatilidade e dotouse de estabilidade á dotación orzamentaria do programa 331** de cooperación para o desenvolvemento que medrou de promedio un 14,7 % entre 2018 e 2021.

En relación ao volume total de AOD da Cooperación Galega, **durante o IV Plan Director a Xunta de Galicia investiu en cooperación para o desenvolvemento un total de 27,15 millóns de euros, 8,7 millóns máis que durante a vixencia do III Plan Director. Entre 2018 e 2021 o orzamento dispoñible medrou en 3,11 millóns de euros, un 47 % máis con respecto do III Plan Director**. Con todo, estarían aínda pendentes de recuperar 4,2 millóns de euros con respecto do seu máximo histórico de 12,29 millóns de euros acadados en 2009.

[4] O cálculo do programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento realízase sobre o capítulo I, capítulo IV, capítulo VI e capitulo VII atribuídos á SXCE no seo da DXRREE e UE. Fica excluído deste cómputo o capítulo II Gastos de funcionamento que resulta do prorrateo dos gastos de funcionamento do conxunto da DXRREE e UE e que se teñen establecido en 100.000€ anuais.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Gráfico 6: Evolución da AOD neta española, AOD da Administración Xeral do Estado e AOD das Comunidades Autónomas por volume de fondos, 2008-2021 (millóns de euros)[5]



Esta tendencia á estabilización e crecemento orzamentario da AOD tamén se detecta no conxunto da AOD española entre 2008 e 2021, xa que toca fondo en 2015 e triplicou os seus recursos en 2021 con respecto a 2015. No caso da cooperación autonómica, en 2014 acadou o seu menor desembolso da década cun total de 108 millóns de euros mentres que se duplicou en 2021 con respecto de 2014, acadando os 241 millóns de euros. A nivel xeral, a Cooperación Española en conxunto pasou do seu teito histórico de esforzo investidor do ano 2009, cando se destinou o 0,46 % da Renda Nacional Bruta (RNB), ao cativo 0,12 % do 2015. En 2021 o esforzo investidor global situouse no 0,25 % da RNB. O anómalo aumento de AOD en 2016 debeuse a unha operación extraordinaria de condoazón de débeda con Cuba e que provocou que se acadase o 0,34 % da RNB. En termos reais, a AOD sen débeda teríase situado no 0,17 % da RNB.

No caso da Cooperación Galega, o seu teito histórico de esforzo investidor sitúase no 0,1 % do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia que se logrou en 2009 fronte ao 0,04 % do período 2014-2017 e o 0,06 % acadado no período 2018-2021. Simultaneamente, ten acontecido un crecemento da AOD por habitante, pasando de 1,7 € de promedio entre 2014-2017 a 2,5 € entre 2018 e 2021.

Táboa 5: Esforzo investidor en AOD da Xunta de Galicia, 2018-2021

Ano	2018	2019	2020	2021
AOD Xunta de Galicia en €	5.486.504	6.606.027	6.978.819	8.079.571
Orzamento total consolidado Xunta de Galicia en €	10.723.973.000	11.544.351.000	11.821.575.337	13.396.505.623
% AOD/ Orzamento total consolidado Xunta de Galicia	0,05	0,06	0,06	0,06
% Crecemento anual AOD Xunta de Galicia	+ 11	+20	+6	+16
% Crecemento anual orzamento Xunta de Galicia	- 3	+ 8	+ 2	+13
Habitantes Galicia	2.701.743	2.699.499	2.701.819	2.689.152
AOD/ € por habitante	2,0	2,4	2,6	3,0

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

[5] A partir do ano 2018 a Cooperación Española ten integrado a metodoloxía AOD *Grant Equivalent* do CAD da OCDE. Con todo, co fin de permitir a comparación da serie histórica, as cifras da AOD española a nivel global, estatal e autonómico refírense á AOD neta. Os datos de 2021 correspóndense á AOD orzamentada.

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

No conxunto da AOD autonómica, en 2020 a Comunidade Autónoma de Galicia figuraba no 7º posto por volume de fondos desembolsados mentres que en relación ao esforzo investidor ocupaba a 12ª posición. De todos os xeitos, a medida que se está a producir desde 2015 un incremento nos desembolsos totais de AOD das Comunidades Autónomas, Galicia ten ido descendo na clasificación desde a súa mellor clasificación histórica en 2015: 5ª por volume de fondos e 8ª en esforzo inversor. Xa que logo, os incrementos anuais do programa 331A revélanse insuficientes para seguir o actual ritmo de recuperación da AOD autonómica que destina de promedio un 0,10 % do orzamento total consolidado e 5,38 € por habitante. En volume de fondos o promedio autonómico da AOD neta desembolsada sitúase en 12,10 millóns de euros en 2020.

Trasladados estes promedios á Xunta de Galicia, o volume de AOD da Cooperación Galega debería ter ascendido en 2021 a unha cantidade de entre 13.396.506 € (criterio do 0,10 % do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia) e 14.467.638 € (criterio do 5,38 €/hab.).

Táboa 6: Esforzo investidor das Comunidades Autónomas, 2020

Comunidade Autónoma	% AOD/ orzamento total consolidado	AOD € por habitante	Total AOD neta desembolsada €
Andalucía	0,06	2,72	23.059.568
Aragón	0,06	3,14	4.177.323
Asturias	0,09	4,05	4.129.794
Baleares	0,09	4,54	5.316.891
Canarias	0,02	1,02	2.209.442
Cantabria	0,06	2,76	1.608.717
Castela-A Mancha	0,00	0,25	517.612
Castela e León	0,04	1,83	4.384.650
Cataluña	0,11	5,84	45.420.681
C. Valenciana	0,14	6,35	32.093.436
Estremadura	0,14	7,76	8.251.682
Galicia	0,06	2,58	6.978.818
Madrid	0,02	0,67	4.567.238
Murcia	0,01	0,31	475.000
Navarra	0,29	20,02	13.234.922
País Vasco	0,40	21,27	47.234.466
A Rioxa	0,13	6,43	2.055.866
Total			*205.716.106*
Promedio	0,10	5,38	12.100.947,41

Por mor da crise e os recortes orzamentarios, na última década a AOD autonómica retrocedeu no seu peso na AOD española acadando un mínimo do 6 % en 2011. En 2016 o efecto contable que produce a operación de condoazón de débeda a Cuba provoca que este peso mingüe até o 4 %. De todos os xeitos, a cooperación autonómica ten ido recuperando a súa relevancia entre 2017 e 2020 situándose nun estable 9 % da AOD neta española. No caso de Galicia, o seu peso na Cooperación Española segue a ser marxinal, representando de promedio 0,27 % do total da AOD española desembolsada en 2020 e un 3,39 % do total da AOD autonómica.

Durante a última década téñense producido grandes variacións na AOD autonómica. Este proceso provocou que determinadas comunidades autónomas como Madrid, Comunidade Valenciana, Navarra e Castela-A Mancha reducisen de maneira abrupta o seu orzamento de cooperación durante as fases máis agudas da crise. Con todo, desde 2015 ten acontecido unha progresiva recuperación da política pública de cooperación de xeito que en 2020 seis comunidades autónomas desembolsaban recursos iguais ou superiores ao promedio do 0,1 % do seu orzamento total consolidado, como é o caso de Euskadi, Navarra, Estremadura, Baleares, Cataluña, Comunidade Valenciana e A Rioxa. Estas seis comunidades representan en conxunto o 53 % do total da AOD autonómica desembolsada.

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Táboa 7: Participación da AOD das Comunidades Autónomas e da Xunta de Galicia na AOD desembolsada neta española, 2010-2020

Ano	AOD Desembolsada Neta €	AOD Administración Xeral do Estado €	% AOD Administracion Xeral do Estado sobre total	AOD Comunidades Autónomas €	% AOD CCAA sobre total	AOD Xunta de Galicia Total €	% AOD Xunta de Galicia sobre AOD total	% AOD Xunta de Galicia sobre AOD CCAA
2010	4.495.826	3.973.915	88	389.024	9	10.748	0,24	2,76
2011	2.987.549	2.687.461	90	191.529	6	7.008	0,23	3,66
2012	1.585.502	1.365.883	86	166.705	11	6.538	0,41	3,92
2013	1.769.971	1.574.623	89	138.912	8	4.613	0,26	3,32
2014	1.414.414	1.242.298	88	108.801	8	4.294	0,30	3,95
2015	1.260.870	1.063.548	84	128.752	10	4.611	0,37	3,58
2016	3.819.432	3.591.850	94	149.315	4	4.607	0,12	3,09
2017	2.271.037	2.016.305	89	186.540	9	4.961	0,25	2,66
2018	2.519.137	2.220.359	88	206.910	9	5.486	0,22	2,65
2019	2.629.424	2.296.226	87	217.426	9	6.606	0,25	3,04
2020	2.621.219	2.305.356	88	205.716	9	6.978	0,27	3,39

Á vista do contexto da AOD autonómica, **as previsións de crecemento orzamentario establecidas no IV Plan Director teñen permitido avanzar na recuperación do esforzo investidor e volume de fondos da Cooperación Galega**. Con todo, este ritmo de recuperación resulta inferior ao do resto de Comunidades Autónomas cunha AOD global que está a medrar en termos absolutos e en esforzo investidor. Xa que logo, **a Xunta de Galicia atópase afastada tanto do promedio global de fondos desembolsados como do esforzo investidor autonómico en AOD**.

Táboa 8: AOD das Comunidades Autónomas por volume desembolsado, variación anual e posición relativa anual, 2018-2020

CC.AA	2018			2019			2020		
	Total €	% de variación	Ránking	Total €	% de variación	Ránking	Total €	% de variación	Ránking
Andalucía	54.228.518	54	1	38.046.750	-30	2	23.059.568	-39	4
Aragón	1.235.256	-53	15	3.612.624	192	12	4.177.323	16	11
Asturias	3.449.046	-18	11	4.061.369	18	10	4.129.794	2	12
Baleares	6.534.420	-9	7	5.776.578	-12	8	5.316.89	-8	8
Canarias	0,00	-100	17	1.021.033		16	2.209.442	116	13
Cantabria	1.941.871	127	13	2.564.078	32	14	1.608.717	-37	15
Castela Mancha	3.021.434	21	12	3.065.440	1	13	517.612	-83	16
Castela e León	4.659.442	2	9	4.730.453	2	9	4.384.650	-7	10
Cataluña	33.238.662	13	3	33.333.558	0	3	45.420.681	36	2
C. Valenciana	19.834.861	18	4	30.963.025	56	4	32.093.436	4	3
Estremadura	9.624.107	-28	5	12.290.150	28	5	8.251.682	-33	5
Galicia	5.486.107	11	8	6.606.027	20	7	6.978.818	6	7
Madrid	3.638.530	38	10	4.042.719	11	11	4.567.238	13	9
Murcia	360.044	-1	16	460.000	28	17	475.000	3	17
Navarra	8.408.642	20	6	9.410.614	12	6	13.234.922	41	6
País Vasco	49.578.803	-7	2	45.984.551	-7	1	47.234.466	3	1
Rioxa, A	1.620.431	11	14	1.094.000	-32	15	2.055.866	88	14
Total	*206.860.174*	*11*		*207.062.969*	*0,1*		*205.716.106*	*-0,7*	

Na seguinte táboa realízase o cálculo da achega orzamentaria que representarían as diferentes porcentaxes de AOD con respecto do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia en 2021 que ascendeu a un total de 13.396.505.623 €.

Táboa 9: Cálculo da porcentaxe de AOD da Xunta de Galicia respecto do orzamento total consolidado en 2021

Esforzo investidor en %	Volume de fondos en €
0,1	13.396.506
0,2	26.793.011
0,3	40.189.517
0,4	53.586.022
0,5	66.982.528
0,6	80.379.034
0,7	93.775.539

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEREITOS SOCIAIS

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Como se pode observar, acadar o 0,7 % do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia de 2021 -tal e como recomenda a Lei 10/2021 na súa disposición adicional quinta e o Pacto Galego contra a Pobreza- demandaría un investimento anual de 93,77 millóns de euros, mentres que situarse no promedio autonómico de esforzo investidor precisaría dun total de 13,39 millóns. Por tanto, en 2021 a Xunta de Galicia debería de ter multiplicado por 12 a súa AOD para alcanzar o 0,7 %. Agora ben, **a xestión de cantidades superiores ao 0,2 % do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia demandaría a reactivación do proxecto de creación dunha estrutura de xestión en forma de axencia autonómica de cooperación** xa que ese volume de AOD excedería das capacidades técnicas e de xestión coas que conta actualmente a DXRREE e UE.

Durante a vixencia do vindeiro V Plan Director da Cooperación Galega sería posible que acontecese a recuperación do volume de AOD desembolsada pola Xunta de Galicia a niveis de 2009. Para acadar este obxectivo, abondaría con manter un crecemento anual do 11,4 %, dando continuidade ao crecemento mínimo anual definido no IV Plan Director. Con todo, se o obxectivo se fixase en recuperar o esforzo inversor do 0,1 % do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia e situar a Galicia no promedio autonómico actual, sería necesario elevar ese crecemento anual a unha taxa do 15 %.

Táboa 10: Hipóteses de crecemento anual do programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia, 2023-2026 (euros)[6]

% Crecemento anual do programa 331A	2022	2023	2024	2025	2026	Total AOD	Diferenza absoluta	Crecemento cuadrienal respecto 2022
11,4%	7.834.855	8.728.028	9.723.024	10.831.448	12.066.234	41.348.734	+ 4.231.379	+ 54 %
15%	7.834.855	9.010.083	10.361.596	11.915.835	13.703.210	44.990.724	5.868.355	+ 75 %

Xa que logo, aspirar á xestión dun volume total de AOD superior á do II Plan Director, esixirá manter o **crecemento promedio anual do 11,4 % do programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento**. Ao tempo, tamén resulta preciso demandar un significativo aumento dos recursos computables como AOD executados por parte do resto de departamentos da Xunta de Galicia, que no III e IV Plan Director mobilizaron cadanseus 1,3 millóns de euros, unha cantidade afastada dos 2 millóns de euros desembolsados durante o II Plan Director.

En conclusión, **a previsibilidade da axuda da Cooperación Galega mellorou no cuadrienio 2018-2021 por canto se garantiu o cumprimento do marco orzamentario establecido no IV Plan Director** cun promedio de crecemento anual do 15% do programa 331A. Con todo, a AOD galega está a afastarse progresivamente do promedio autonómico de esforzo investidor que en 2020 acadou o 0,10 % do orzamento total consolidado das Comunidades Autónomas. Ademais, os case 7,8 millóns de euros desembolsados no programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento en 2021 ao remate da vixencia do IV Plan Director seguirán a ser inferiores ao teito histórico dos 10,4 millóns de euros que a Cooperación Galega desembolsou no ano 2009 no devandito programa. Neste senso, **a maioría dos axentes de cooperación participantes nesta avaliación situaron o aumento da dotación orzamentaria e do esforzo investidor como un punto crítico de mellora de cara ao novo ciclo de planificación estratéxica.**

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

[6] Non inclúe o capítulo II (Gastos de funcionamento).

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

4.3.3. Suficiencia orzamentaria, previsibilidade instrumental e redución da fragmentación da axuda

Xunto co esforzo investidor, o IV Plan Director desenvolveu medidas destinadas a garantir a suficiencia orzamentaria co fin de asegurar a previsibilidade instrumental e reducir a fragmentación da axuda. En primeiro lugar, tratouse de dotar á DXRREE e UE dos recursos financeiros suficientes para a convocatoria estable dos instrumentos de axuda previstos no IV Plan Director; e, en segundo lugar, abordouse o reforzamento do proceso de aumento do promedio de financiamento por actuación e actividade, apoiando accións de maior impacto a medio e longo prazo que posibiliten a xeración de cambios positivos sostibles nas persoas e comunidades coas que traballa e se asocia a Cooperación Galega.

O aumento do esforzo investidor e do volume de AOD desembolsada ten permitido realizar a convocatoria e resolución plena do conxunto de convocatorias previstas no IV Plan Director así como a formalización dos convenios establecidos nos correspondentes Plans Anuais. Estes instrumentos de canalización da axuda representan a materialización dos compromisos estratéxicos da Cooperación Galega. O IV Plan Director establece un rango do 70-75 % da axuda desembolsable xestionada pola DXRREE e UE canalizada a través de convocatorias públicas e o restante 25-30 % a través de convenios. No cuadrienio 2018-2021 estes rangos orientativos superáronse no caso das convocatorias xa que o 80 % da axuda distribuíble a través de convocatorias e convenios canalizouse a través de convocatorias públicas de axudas en concorrencia competitiva para os axentes de cooperación. En concreto, **a axuda desembolsable da DXRREE e UE a través de convocatorias e convenios distribuíuse nun 80 % a través de convocatorias (18.373.913 €) e un 20 % a través de convenios (4.670.255 €).**

Táboa 11: Instrumentos de canalización da AOD da DXRREE e coa UE, 2018-2021

Tipo de instrumento	Actividade	Total desembolsado €	Total €	%
Convocatorias	Proxectos ONGD	13.117.575		
	Outros Axentes	1.617.208		
	Acción humanitaria	1.263.138		
	Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global	1.718.721		-
	Bolsas de formación	360.279		
	Investigación	296.992		
	Subtotal convocatorias		*18.373.913*	*80*
Convenios	Cooperación ao desenvolvemento	1.300.072		
	Acción humanitaria	2.372.106		
	Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global e fortalecemento	998.077		
	Subtotal convenios		*4.670.255*	*20*
	Total	**23.044.168**	**23.044.168**	**100**

No cuadrienio 2018-2021 publicáronse e resolvéronse un total de 18 convocatorias de axudas que financiaron un total de 173 proxectos dos axentes de cooperación e 18 bolsas de formación de persoas expertas. O número de proxectos financiados aos axentes de cooperación representa o 49 % das 353 solicitudes presentadas. En total, concedéronse **19,43 millóns de euros, un 97 % dos 20 millóns previstos inicialmente nas convocatorias.** A maior diferenza porcentual entre orzamento previsto e desembolsado aconteceu na convocatoria doutros axentes onde unicamente se concedeu o 65 % do orzamento inicial. Unha porcentaxe afastada da convocatoria de proxectos no exterior de ONGD (104 %), acción humanitaria (97 %), educación para o desenvolvemento e a cidadanía global (95 %) e investigación (100 %). Esta porcentaxe inferior de desembolso tense que poñer en relación coa baixa taxa de proxectos aprobados en relación aos presentados, un 22 % de promedio no cuadrienio, cando o promedio de todas as convocatorias se sitúa no 45 %.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Gráfico 7: Evolución dos créditos previstos e desembolsos concedidos a través de convocatorias públicas dos axentes de cooperación, 2014-2021



Se analizamos a evolución desde 2014 da previsibilidade dos desembolsos a través de convocatorias públicas, observamos como a partir de 2017 se produciu unha estabilización dos orzamentos previstos e dos desembolsos cun crecemento sostido dos mesmos. No cuadrienio 2018-2021, os desembolsos por convocatorias medran con respecto do ano anterior un 6 % en 2018, un 8 % en 2019, un 20 % en 2020 e un 15 % en 2021. En total, o incremento das cantidades desembolsadas foi do 51 % con respecto do anterior Plan Director.

En relación ás solicitudes aprobadas e denegadas, das 180 solicitudes denegadas, 56 delas foran aprobadas na valoración externa ex-ante que a DXRREE e UE encomenda a unha asistencia técnica independente, mais ao esgotarse o crédito orzamentario correspondente ficaron sen financiamento. Con todo, desde 2019 detéctase un significativo minguamento do número de proxectos aprobados na fase de valoración mais sen financiamento por esgotamento do crédito orzamentario, con excepción da convocatoria de investigación.

Táboa 12: Proxectos aprobados sen financiar por esgotamento do crédito orzamentario, 2018-2021

Convocatoria	2018	2019	2020	2021
Proxectos ONGD	17	2	3	2
Proxectos outros axentes	5	0	0	0
Acción Humanitaria	0	2	4	2
Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global	3	0	0	2
Investigación	-	9	-	5
Total	25	13	7	11

O progresivo aumento dos créditos orzamentarios destinados ao financiamento das convocatorias públicas de axudas ten permitido aumentar o número de proxectos financiados cando estes acadan as valoracións esixidas nas bases das convocatorias. Esta redución dos proxectos aprobados sen financiamento reduce o coste de oportunidade que representa para os axentes de cooperación a concorrencia ás convocatorias públicas de axudas grazas ao progresivo aumento do orzamento dispoñible distribuíble a través de convocatorias públicas de axudas en concorrencia competitiva.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Táboa 13: Convocatorias públicas de axudas da DXRREE e UE, 2018-2021

Instrumento	Convocatoria	Resolución	Orzamento previsto €	Orzamento concedido €	% concedido/ previsto	Proxectos presentados	Proxectos financiados	% presentados/ financiados
2018								
Proxectos ONGD	ORDE do 18 de decembro de 2017 (DOG n. 6, 9 de xaneiro de 2018)	12 de xuño de 2018	2.762.500,00	2.679.197,00	97%	41	15	37%
Proxectos outros axentes	ORDE do 18 de decembro de 2017 (DOG n. 6, 9 de xaneiro de 2018)	12 de xuño de 2018	500.000,00	568.996,50	114%	11	4	36%
Acción humanitaria	ORDE do 28 de marzo de 2018 (DOG n. 73, 16 de abril de 2018)	15 de xullo de 2018	300.000,00	300.000,00	100%	8	5	63%
Educación para o desenvolvemento e cidadanía global	ORDE do 11 de abril de 2018 (DOG n. 79, 24 de abril de 2018)	23 de xullo de 2018	450.000,00	449.008,55	100%	22	13	59%
Investigación	Non se convoca							
			4.012.500	3.997.202	100%	82	37	45%
2019								
Proxectos ONGD	ORDE do 17 de decembro de 2018 (DOG n. 9, 14 de xaneiro de 2019)	2 de xullo de 2019	2.800.000,00	3.055.587,98	109%	34	17	50%
Proxectos outros axentes	ORDE do 17 de decembro de 2018 (DOG n. 9, 14 de xaneiro de 2019)	2 de xullo de 2019	700.000,00	344.665,49	49%	11	2	18%
Acción humanitaria	ORDE do 29 de abril 2019 (DOG n. 92, 15 de maio de 2019)	23 de xullo de 2019	300.000,00	279.891,52	93%	9	4	44%
Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global	ORDE do 2 de abril de 2019 (DOG n. 77, 23 de abril de 2019)	23 de xullo de 2019	500.000,00	490.428,08	98%	20	14	70%
Investigación	ORDE do 6 de maio de 2019 (DOG n. 100, 28 de maio de 2019)	2 de setembro de 2019	150.000,00	150.000	100%	14	5	36%
			4.450.000	4.320.573	97%	88	42	48%
2020								
Proxectos ONGD	ORDE do 23 de decembro de 2019 (DOG, n. 8, 14 de xaneiro de 2020)	11 de xuño de 2020	4.015.458	4.138.851	103%	41	24	59%
Proxectos outros axentes	ORDE do 23 de decembro de 2019 (DOG, n. 8, 14 de xaneiro de 2020)	11 de xuño de 2020	700.000	335.463	48%	13	2	15%
Acción humanitaria	ORDE do 25 de maio de 2020 (DOG, n. 108, 4 de xuño de 2020)	21 de xullo de 2020	300.000	296.480	99%	12	6	50%
Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global	ORDE do 22 de xuño de 2020 (DOG, n. 134, 7 de xullo de 2020)	29 de setembro de 2020	500.000	401.583	80%	21	10	48%
Investigación	Non se convoca							
			5.515.458	5.172.377	94%	87	42	48%
2021								
Proxectos ONGD	ORDE do 17 de xuño de 2021 (DOG, n. 121, 28 de xuño de 2021)	1 de outubro de 2021	4.300.000	4.554.272	106%	35	26	74%
Proxectos outros axentes	ORDE do 17 de xuño de 2021 (DOG, n. 121, 28 de xuño de 2021)	1 de outubro de 2021	700.000	349.995	50%	12	2	17%
Acción humanitaria	ORDE do 24 de maio de 2021 (DOG, n. 108, 9 de xuño de 2021)	2 de agosto de 2021	400.000	386.765	97%	10	6	60%
Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global	ORDE do 20 de abril de 2021 (DOG, n. 82, 3 de maio de 2021)	15 de xullo de 2021	500.000	502.467	100%	25	13	52%
Investigación	ORDE do 7 de maio de 2021 (DOG, n. 94, 21 de maio de 2021)	11 de agosto de 2021	150.000	149.924	100%	14	5	36%
			6.050.000	5.943.423	98%	96	52	54%

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

O marco instrumental da Cooperación Galega entre 2018 e 2021 caracterizouse por:

1. A **convocatoria do conxunto das convocatorias públicas anuais de axudas previstas no IV Plan Director**. En 2018 e 2020 non se realiza a convocatoria de investigación por canto se trata dunha subvención bienal.

2. **A estabilidade nos prazos de publicación das convocatorias e a súa resolución en cada anualidade**. Todas as convocatorias publicáronse no primeiro semestre do ano, con excepción da convocatoria de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global do ano 2020, e resolvéronse nun prazo non superior a 6 meses desde a data de peche do prazo de presentación, resolvéndose nun prazo inferior a tres meses as convocatorias de Acción Humanitaria, Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global, e Investigación. No caso da convocatoria de proxectos de cooperación no exterior, a máis importante por volume de fondos, a súa publicación realizouse en decembro de 2017 e 2019 e en xaneiro de 2018 co fin de contar cunha resolución da mesma no primeiro semestre do ano. En 2021 as convocatorias no exterior sufriron un retraso na súa convocatoria por mor dos problemas de execución dos proxectos activos provocados pola pandemia da COVID-19. E tamén por terse consensuado cos axentes de cooperación o agardar a que entrase en vigor o 5 de abril de 2021 a nova Lei 10/2021 de tal xeito que as convocatorias ficasen reguladas polo novo marco normativo aos efectos da súa execución e xustificación.

Con todo, diversos axentes de cooperación participantes nesta avaliación expresaron a necesidade de seguir desenvolvendo **procesos conxuntos de revisión das bases e formularios das convocatorias co fin de melloralas e, nalgún casos, adaptalas ás especificidades institucionais e operativas dalgúns axentes** como as Universidades e o colectivo heteroxéneo dos "outros axentes" na convocatoria específica de cooperación.

Centrando a análise nos **convenios, entre 2018 e 2021 a DXRREE e UE canalizou 4,67 millóns de euros a través de convenios de cofinanciamento, un 20 % do total desembolsable a través de convocatorias e convenios aos axentes de cooperación**. O IV Plan Director limitaba o emprego dos convenios para o financiamento daquelas actividades que non poden ser financiadas a través das convocatorias públicas de axudas e establece que, como regra xeral, este instrumento se empregará nos seguintes casos:

a) Cando a urxencia e excepcionalidade das circunstancias non permitan empregar os procedementos regulados mediante convocatoria ordinaria.

b) Cando se definan accións cun alcance temporal medio e longo que requiran un marco de actuación previamente establecido.

c) Sempre que se acorden accións conxuntas nos ámbitos estratéxicos da Cooperación Galega con entidades que, pola súa natureza, non se poden acoller ás vías normalizadas de acceso a recursos públicos mediante convocatorias.

d) Cando se trate da promoción de proxectos ou programas de carácter rexional baseados na cooperación Sur-Sur ou na xeración de coñecemento a través do intercambio de experiencias nos ámbitos estratéxicos e países prioritarios da Cooperación Galega.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

e) Cando se cofinancien proxectos dos axentes galegos de cooperación nos ámbitos estratéxicos en países prioritarios da Cooperación Galega que teñan sido aprobados por outros organismos internacionais (Unión Europea, Banco Mundial, etc.).

A DXRREE e UE respectou estes criterios no eido da acción humanitaria e empregou os convenios para o financiamento de actuacións de Farmamundi, UNRWA, ACNUR, UNICEF e Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS). Os convenios asinados coas organizacións vencelladas ao sistema das Nacións Unidas (UNRWA, ACNUR e UNICEF) representan a vía de materialización da cooperación multilateral da DXREE e UE. Complementariamente, entre 2019 e 2021 a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia puxo a disposición da DXRREE e UE un total de 1.004.000 € da cota correspondente a Galicia do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para ser destinados ao financiamento de actuacións no marco das medidas 36 e 37 do Pacto que afectan ao ámbito da cooperación internacional. Estes fondos foron destinados ao financiamento de 14 proxectos de atención a persoas refuxiadas en materia de violencia de xénero coas entidades ACNUR, UNRWA, UNICEF, EDUCO, Farmamundi, Médicos do Mundo, Entreculturas-Fe e Alegría, AIDA Axuda, Intercambio y Desarrollo e Asemblea de Cooperación pola Paz.

En 2019 tamén se asinou un convenio excepcional con Solidariedade Internacional de Galicia, Sólida-Asociación de Cooperación ao Desenvolvemento e Solidariedade Galega, para a execución do proxecto "Fortalecemento do enfoque de protección integral feminista para defensoras de dereitos humanos en Mesoamérica". Por último, a DXREEE e UE financiou a través da sinatura dun convenio en 2018, dúas addendas (2019 e 2020) e unha prórroga (2021) a participación da Xunta de Galicia no convenio entre a Cooperación Descentralizada e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria. Neste fondo común participan a AECID e mais as comunidades autónomas de Asturias, Canarias, Cantabria, Castela e León, Comunidade Valenciana, Illas Baleares, A Rioxa, Madrid, Murcia, e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).

No eido da cooperación ao desenvolvemento, a DXRREE e UE asinou en 2018 dous convenios de colaboración co Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR) para actuacións no eido da pesca artesanal en O Salvador e da acuicultura e pesca artesanal en Mozambique. En 2019 e 2020 formalizáronse convenios de colaboración con UNICEF para actuacións de inclusión social en Cuba e educativas en Venezuela; con Augas de Galicia e a Fundación Universidade da Coruña no sector da xestión dos recursos hídricos en Mozambique; e en 2019 con AIDA Ayuda, Intercambio y Desarrollo no eido da atención sanitaria a crianzas con necesidades especiais en Guinea-Bissau. Como novidade, en 2021 recuperouse o convenio de cooperación co Fondo Galego que financiou un proxecto en Mozambique de construcións de vivendas resilientes ao cambio climático.

Por último, os convenios foron empregados entre 2019 e 2021 para a execución dunha intervención sectorial denominada ACUIPESCA-PERÚ en apoio á pesca artesanal na Baía de Sechura, no Departamento de Piura (Perú). Esta iniciativa está enmarcada no desenvolvemento do Memorando de Entendemento asinado entre o Ministerio da Produción de Perú e a Xunta de Galicia en febreiro de 2015 e que se concretou nunha serie de proxectos que resultaron do proceso de identificación iniciado a finais do ano 2018 na Baía de Sechura. En 2019 asináronse nove convenios de colaboración coas entidades CETMAR, Axuda en Acción e ANFACO polo que se comprometeron un total de 667.075 € para esta actuación entre 2019 e 2021.

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

No eido da consolidación e fortalecemento dos axentes de cooperación e das súas entidades representativas, no cuadrienio 2018-2021 asinouse cadanseu convenio anual coa CGONGD e co Fondo Galego, e un convenio bienal en 2019 e un anual en 2021 coas tres universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento (RGCUD). Tamén se renovaron anualmente os convenios coa agrupación de ONGD que executa desde 2013 o proxecto "Cooperación Galega: o mundo que queremos" dentro do Plan Proxecta de innovación educativa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

En relación á **fragmentación da axuda**, o IV Plan Director deu continuidade no seu marco estratéxico ás medidas favorecedoras da redución desta fragmentación a través da xeración de incentivos para o financiamento de propostas integradas en marcos de planificación plurianual, en coherencia co obxectivo de xerar cambios sostibles e a longo prazo na vida das persoas e comunidades coas que se asocia a Cooperación Galega. De feito, un 53 % da axuda desembolsada (10.007.603 €) en cooperación exterior ao desenvolvemento e en educación para o desenvolvemento e a cidadanía global pola DXRREE e UE financiou actuacións integradas en proxectos ou estratexias dos axentes con marcos de planificación a medio prazo, ou que dean continuidade a intervencións previas. Durante o cuadrienio 2018-2021 detectouse un notable aumento do promedio de desembolso por proxecto no eido da cooperación cun incremento do 32 % nos proxectos de ONGD e do 55 % nos proxectos doutros axentes. Ao tempo, os crecementos no eido da educación para o desenvolvemento (10 %) e investigación (4 %) son menores pero tamén significativos permitindo a execución de proxectos cun maior alcance e impacto.

Táboa 14: Promedio de desembolso anual por convocatorias da DXRREE e UE, 2006-2021

Convocatoria	Promedio total 2006-2009 €	Promedio convocatorias 2010-2013 €	Promedio convocatorias 2014-2017 €	Promedio convocatorias 2018-2021 €	% variación convocatorias 2014-2017/ 2018-2021
Proxectos ONGD	127.090	175.869	133.282	175.950	32
Outros Axentes	77.657	165.514	103.094	159.912	55
Acción Humanitaria	-	47.196	59.882	60.149	0
Educación para o desenvolvemento	15.136	26.394	33.417	36.870	10
Investigación	-	-	28.914	29.992	4

No contexto dun previsible crecemento da dotación orzamentaria do programa 331A de cooperación ao desenvolvemento, **os axentes de cooperación participantes nesta avaliación teñen sinalado a "creación de instrumentos estables de financiamento de intervencións a medio e longo prazo" como segunda prioridade de mellora de cara ao vindeiro ciclo de planificación da Cooperación Galega.**

En conclusión, **no cuadrienio 2018-2021 publicáronse e resolvéronse todas as convocatorias de axudas previstas no IV Plan Director** cun incremento da súa dotación orzamentaria dun 12 % anual de promedio. Este crecemento permitiu financiar 173 novos proxectos dos axentes de cooperación por un importe total de 19,4 millóns de euros. **A través das convocatorias públicas en concorrencia competitiva desembolsáronse o 80 % dos fondos distribuíbles aos axentes de cooperación.** Complementariamente, a cooperación directa promovida pola DXREE e UE a través dos convenios resultou coherente cos criterios e obxectivos do IV Plan Director fortalecendo a especialización sectorial e a concentración xeográfica e permitindo unha xestión máis flexible e estratéxica da acción humanitaria. En total canalizáronse 4,67 millóns de euros, o que representa o 20 % dos fondos distribuíbles aos axentes de cooperación. Por último, no cuadrienio 2018-2021 impulsouse unha **corrección significativa da fragmentación da axuda**, especialmente no eido da

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

cooperación, de tal xeito que se están a fomentar intervencións con maior alcance e impacto vinculados á xeración de resultados de desenvolvemento no marco dos ODS.

4.3.4. Concentración xeográfica da axuda

O IV Plan Director deu continuidade aos procesos de concentración e selectividade xeográfica da axuda a través da revisión dos países prioritarios da cooperación exterior no contexto dunha ampliación dos fondos destinados a países menos adiantados e a África Subsahariana, aproveitando o valor estratéxico dos Países africanos de lingua oficial portuguesa (PALOP). Especificamente, o IV Plan Director identificou os seguintes 11 países prioritarios:

- África Subsahariana: Cabo Verde, Guinea Bissau e Mozambique.
- América Central: Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador.
- América do Sur: Bolivia, Ecuador e Perú.
- Caribe: República Dominicana.

Entre 2018 e 2021, a DXRREE e UE desembolsou un total de 19.670.368 € no exterior nun total de 34 países. O 82 % dos recursos no exterior destináronse a países de renda media e o 17 % a Países Menos Adiantados (PMA). En relación a esta aparente dispersión xeográfica e fragmentación da axuda galega debemos distinguir, en primeiro lugar, unha actuación en cooperación ao desenvolvemento que fomenta a concentración xeográfica nos 11 países prioritarios e realizou desembolsos en 17 países. E, en segundo lugar, unha dispersión motivada por unha actuación en acción humanitaria que non resposta a criterios de asignación xeográfica da axuda senón a criterios de necesidades humanitarias con independencia do lugar onde se identifiquen. De aí que se realizasen desembolsos humanitarios en 34 países, un 46 % dos cales se concentran en África Subsahariana e un 49 % en PMA. Ademais, no conxunto das intervencións en acción humanitaria cómpre distinguir entre proxectos de acción humanitaria e as 27 microintervencións de axuda humanitaria ao abeiro dos convenios anuais e addendas subscritos coa ONGD Farmamundi que aumentan o volume de intervencións totais malia a súa baixa contía económica.

Entre 2018 e 2021 deuse continuidade ao proceso de concentración xeográfica da axuda no exterior en cooperación ao desenvolvemento ao desembolsarse o 93 % dos seus recursos nos once países prioritarios cun total de 14.978.705 €. Por outra banda, houbo cinco países non prioritarios que recibiron desembolsos en cooperación ao desenvolvemento: Cuba, India, Senegal, Serra Leoa e Venezuela. No caso de Cuba o desembolso foi por importe de 14.000 € financiado a través dun convenio con UNICEF, mentres que no caso de Serra Leoa trátase dun País Menos Adiantado (PMA) e, no caso de Senegal e India son países con Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) baixo que, tal e como establece o IV Plan Director, recibe a mesma valoración cós países prioritarios nas convocatorias de axudas a proxectos no exterior. En canto a Venezuela, o deterioro da situación económica e social do país xustificou a celebración de convenios de cooperación con UNICEF. Por último, en Palestina financiouse unha actuación de cooperación en saúde sexual e reprodutiva por parte de Médicos do Mundo. Se atendemos ao marco de fraxilidade da OCDE, 8 dos 17 países destinatarios da axuda en cooperación son fráxiles (Guatemala, Nicaragua, Honduras, Mozambique, Serra Leoa, Guinea-Bissau, Palestina e Venezuela) e, entre eles, cinco prioritarios (Guatemala, Honduras, Nicaragua, Guinea-Bissau e Mozambique).

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Táboa 15: Países receptores da AOD da DXRREE e UE por área xeográfica, nivel de renda, volume de recursos desembolsados en cooperación e acción humanitaria e porcentaxe sobre o total de AOD no exterior, 2018-2021

Rexión	País	Nivel renda	Total desembolsado Cooperación	Total desembolsado Acción Humanitaria	Total AOD desembolsada	% país/total AOD
América do Norte	México	RMA	0	40.000	40.000	0,20%
América Central	O Salvador	RMB	1.574.556	0	1.574.556	8,00%
	Guatemala	RMA	3.689.162	17.408	3.706.571	18,84%
	Honduras	RMB	1.456.798	13.883	1.470.681	7,48%
	Nicaragua	RMB	1.723.902	4.167	1.728.069	8,79%
	Mesoamérica	Sen especificar	0	100.000	100.000	0,51%
Caribe	Rep. Dominicana	RMA	1.883.413	100.000	1.983.413	10,08%
	Cuba	RMA	72.150	30.000	102.150	0,52%
	Haití	PMA	0	132.263	132.263	0,67%
América do Sur	Bolivia	RMB	828.296	100.000	928.296	4,72%
	Colombia	RMA	0	30.000	30.000	0,15%
	Ecuador	RMA	413.916	10.867	424.783	2,16%
	Perú	RMA	2.123.045	0	2.123.045	10,79%
	Venezuela	RMA	100.000	91.773	191.773	0,97%
Norte de África	R.A. Saharauí Democrática	RMB	0	445.763	445.763	2,27%
África Subsahariana	Burkina Faso	PMA	0	70.000	70.000	0,36%
	Cabo Verde	RMB	84.265	0	84.265	0,43%
	Congo, R.D.	PMA	0	237.068	237.068	1,21%
	Etiopía	PMA	0	9.933	9.933	0,05%
	Guinea Bissau	PMA	330.079	70.000	400.079	2,03%
	Guinea Bissau/Senegal	PMA/RMB	105.000	0	105.000	0,53%
	Kenya	RMB	0	99.496	99.496	0,51%
	Malaui	PMA	0	118.998	118.998	0,60%
	Malí	PMA	0	62.500	62.500	0,32%
	Mozambique	PMA	880.275	100.518	980.793	4,99%
	Níxer	PMA	0	118.335	118.335	0,60%
	Nixeria	RMB	0	38.335	38.335	0,19%
	Rep. Centroafricana	PMA	0	119.689	119.689	0,61%
	Serra Leoa	PMA	350.000	0	350.000	1,78%
	Sudán do Sur	PMA	0	70.000	70.000	0,36%
	Uganda	PMA	0	554.592	554.592	2,82%
Oriente Medio	Iemen	PMA	0	21.072	21.072	0,11%
	Iraq	RMA	0	8.717	8.717	0,04%
	Israel- Xerusalén Este	Sen especificar	0	8.335	8.335	0,04%
	Líbano	RMB	0	234.517	234.517	1,19%
	Palestina	RMB	175.000	436.570	611.570	3,11%
	Siria	PMA	0	83.005	83.005	0,42%
Sur de Asia	Afganistán	PMA		9.375	9.375	0,05%
	Bangladesh	RMB	0	40.000	40.000	0,20%
	India	RMB	245.000	0	245.000	1,25%
Sen especificar	Varios	Sen especificar	0	8.335	8.335	0,04%
		Total	16.034.854	3.635.514	19.670.368	100,00%

O criterio de concentración xeográfica da Cooperación Galega mantívose ao longo do IV Plan Director, cunha porcentaxe de concentración nos países prioritarios superior á do II e III Plan Director. Realizando unha comparativa respecto do II e III Plan Director, no IV Plan Director téñense consolidado as tendencias de concentración xeográfica nos 11 países prioritarios coa excepción de Cabo Verde, no que minguaron os desembolsos nun 52 %.

JUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DE...

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Táboa 16: Comparativa dos países e colectivos prioritarios do II, III e IV Plan Director da Cooperación Galega receptores de fondos da DXRREE e UE por volume de recursos desembolsados e porcentaxe sobre o total de AOD en cooperación.[7]

	II Plan Director (2010-2013)		III Plan Director (2014-2017)		IV Plan Director (2018-2021)		
País	Total desembolsado €	Total % cooperación	Total desembolsado €	Total % cooperación	Total desembolsado €	Total % cooperación	Variación III Plan Director – IV Plan Director
Guatemala	2.338.823	15	1.696.349	15	3.689.162	23	117
Perú	2.360.391	16	1.398.723	12	2.123.045	13	52
Nicaragua	787.020	5	1.174.669	10	1.723.902	11	47
Mozambique	678.626	4	1.098.144	10	880.275	5	-20
O Salvador	889.678	6	1.079.755	10	1.574.556	10	46
Honduras	800.382	5	858.760	8	1.456.798	9	70
Rep. Dominicana	1.556.789	10	473.039	4	1.883.413	12	298
R. A. Saharauí D.	185.691	1	418.871	4	445.763	-	6
Bolivia	1.037.334	7	415.825	4	828.296	5	99
Guinea Bissau	420.694	3	264.963	2	330.079	2	25
Ecuador	1.548.476	10	282.595	3	413.916	3	46
Cabo Verde	260.408	2	174.992	2	84.265	1	-52
Haití	630.406	4	74.587	1	0	0	-100
Total	13.494.718	89	9.411.272	85	15.433.467	93	+ 64

Durante este IV Plan Director, consolidouse Guatemala como destino preferente da cooperación galega cun 23 % do total da axuda en cooperación; cuadriplicáronse os desembolsos en República Dominicana e minguaron un 20 % en Mozambique. No resto de países prioritarios, o seu peso relativo mantívose con certa estabilidade nun marco de crecemento do 64 % dos desembolsos en cooperación no contexto do significativo crecemento da AOD galega durante o IV Plan Director.

Táboa 17: Ránking de países receptores da AOD da DXRREE e UE en cooperación no exterior por nivel de renda, número de proxectos, volume de recursos desembolsados e porcentaxe sobre o total de AOD en cooperación, 2018-2021

País	Nivel ingreso país	Total desembolsado €	Nº de proxectos	Total %
1. Guatemala	RMA	3.689.162	42	23,0
2. Perú	RMA	2.123.045	26	13,2
3. República Dominicana	RMA	1.883.413	20	11,8
4. Nicaragua	RMB	1.723.902	18	10,8
5. O Salvador	RMB	1.574.556	17	9,8
6. Honduras	RMB	1.456.798	15	9,1
7. Bolivia	RMB	828.296	10	5,2
8. Mozambique	PMA	880.275	12	5,5
9. Ecuador	RMA	413.915	5	2,6
10. Serra Leoa	PMA	350.000	4	2,1
11. Guinea-Bissau	PMA	330.079	4	2,1
12. India	RMB	245.000	3	1,5
13. Palestina	RMB	175.000	2	1,1
14. Guinea-Bissau/ Senegal	PMA/RMB	105.000	1	0,7
15. Venezuela	RMA	100.000	1	0,6
16. Cabo Verde	RMB	84.264	2	0,5
17. Cuba	RMA	72.150	3	0,5
	Total	16.034.855	185	100

Se atendemos ao **nivel de ingreso do país**, a Cooperación Galega concentra os seus recursos en cooperación en países de renda medio alta (52 %) e baixa (38 %), selectividade característica da Cooperación Española pola súa tradición de actuación en países de ingreso medio de América Latina.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

[7] No caso da poboación saharauí, no IV Plan Director non recibiron desembolsos no eido de cooperación senón de Acción Humanitaria. Con todo, consérvase como colectivo prioritario a efectos de comparación.

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Táboa 18: Distribución da AOD da DXRREE e UE en cooperación exterior por nivel de ingreso por volume de fondos e porcentaxe, 2018-2021

Nivel de renda	Total desembolsado €	%
Países menos adiantados, PMA	1.612.853	10
Renda media baixa, RMB	6.140.315	38
Renda media alta, RMA	8.281.686	52
Total	16.034.854	100

En canto á **distribución rexional da axuda no exterior**, o 74 % desembolsouse en América Latina e o 17 % en África Subsahariana.

Táboa 19: Distribución da AOD da DXRREE e UE no exterior por área rexional, 2018-2021

Rexión	Total desembolsado €	%
América Latina	14.535.597	74%
África subsahariana	3.419.083	17%
Outros	1.715.688	9%
Total	19.670.368	100

En relación aos **países africanos de lingua oficial portuguesa (PALOP)**, foron o destino do 7 % dos recursos desembolsados no exterior entre 2018 e 2021 cun total de 1.465.136 €.

Táboa 20: Ránking dos 20 principais países receptores da AOD da DXRREE e UE en acción humanitaria por nivel de renda, volume de recursos desembolsados e porcentaxe sobre o total de AOD en acción humanitaria, 2018-2021

País	Nivel ingreso país	Total desembolsado €	Total %
1. Uganda	PMA	554.592	15,3
2. R.A. Saharauí Democrática	RMB	445.763	12,3
3. Palestina	RMB	436.570	12,0
4. R.D. Congo	PMA	237.068	6,5
5. Líbano	RMB	234.517	6,5
6. Haití	PMA	132.263	3,6
7. República Centroafricana	PMA	119.689	3,3
8. Malaui	PMA	118.998	3,3
9. Níxer	PMA	118.335	3,3
10. Mozambique	PMA	100.518	2,8
11. Mesoamérica	RM	100.000	2,8
12. República Dominicana	RMA	100.000	2,8
13. Bolivia	RMB	100.000	2,8
14. Kenia	RMB	99.496	2,7
15. Venezuela	RMA	91.773	2,5
16. Siria	PMA	83.005	2,3
17. Burkina Faso	PMA	70.000	1,9
18. Sudán do Sur	PMA	70.000	1,9
19. Guinea Bissau	PMA	70.000	1,9
20. Malí	PMA	62.500	1,7

No caso da **acción humanitaria**, o 86 % dos desembolsos (3.110.335 €) realizáronse en países non prioritarios da Cooperación Galega, destinando o 48 % a Países Menos Adiantados (1.777.349€) e o 64 % á atención da poboación desprazada e refuxiada, cun total de 2.322.348 €. A esta cantidade habería que engadir os 744.706 € que a Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social destinaron á poboación saharauí. Neste senso, hai que ter en conta que moitos dos países de acollida ou paso das poboacións refuxiadas e desprazadas son de renda media como Colombia, Líbano, México, Kenya, ou Alxeria, onde se sitúan os campamentos saharauís de Tindouf. En total, a Xunta de Galicia destinou 3.067.054 € ás persoas desprazadas e refuxiadas, cunha atención preferente polo pobo saharauí, destino de 1.190.469 €.

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMERA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DIÁLOGO SOCIAL

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

De cara ao novo ciclo de planificación da Cooperación Galega, na hipótese de mantemento dos 11 países prioritarios do IV Plan Director, debemos analizar a súa complementariedade coas prioridades xeográficas da Cooperación Española. Neste senso, 10 dos 11 países prioritarios contarían coa cobertura da programación operativa da Cooperación Española en cada un dos devanditos países a través dos Marcos de Asociación País e dos Acordos de Cooperación Avanzada.

Cadro 4: Comparativa de países prioritarios da Cooperación Galega e prioridades xeográficas e marco de programación da Cooperación Española

País prioritario IV Plan Director Cooperación Galega	Marco de programación da Cooperación Española
Bolivia	Marco de Asociación País (2018-2021)
Cabo Verde	Acordo de Cooperación Avanzada (2022-2030)
Ecuador	Marco de Asociación País (2019-2022)
Guatemala	Marco de Asociación País (2021-2024)
Guinea Bissau	-
Honduras	Marco de Asociación País (2020-2023)
Mozambique	Marco de Asociación País (2021-2024)
Nicaragua	Marco de Asociación País (2015-2017)
O Salvador	Marco de Asociación País (2015-2019)
Perú	Marco de Asociación País (2019-2022)
República Dominicana	Marco de Asociación País (2019-2022)

Non obstante, **durante a elaboración participativa do V Plan Director da Cooperación Galega poderase debater a ampliación ou redución dos países prioritarios da Cooperación Galega** con independencia desta coherencia xeográfica coa Cooperación Española, podendo candidatar países nos que se conte con experiencia de cooperación ou que reforcen as vantaxes comparativas e a identidade singular da Cooperación Galega. Os axentes de cooperación participantes nesta avaliación amosaron a súa satisfacción co criterio de concentración xeográfica e co recoñecemento dos PMA e dos países con IDH baixo nas convocatorias de cooperación pero sinalaron a posibilidade de debater a ampliación dos países prioritarios consonte aos criterios definidos na Lei 10/2021. Ao tempo, tamén se sinalou a idoneidade de visibilizar o compromiso da Cooperación Galega coa República Árabe Saharauí Democrática e Palestina como países prioritarios.

En conclusión, **a Cooperación Galega mantivo a súa traxectoria de selectividade e concentración xeográfica** destinando o 93 % dos seus desembolsos en cooperación aos 11 países prioritarios cunha concentración do 90 % das axudas en países de renda media e dun 10 % en PMA. A acción humanitaria concentrouse na atención aos PMA, que foron o destino do 48 % da axuda desembolsada. Os PALOP recibiron o 7 % dos recursos desembolsados no exterior que se concentraron un 74 % en América Latina e un 17 % en África Subsahariana. A nivel global, o 82 % destinouse a países de renda media e o 17 % a PMA.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E ...

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

4.3.5. Selectividade sectorial e construción de resiliencia

O IV Plan Director aspirou a promover a consecución da Axenda 2030 e os ODS con base nas capacidades, activos e recursos da Cooperación Galega. Durante o proceso participativo de planificación seleccionáronse cinco ámbitos estratéxicos co fin de afirmar o valor diferencial e a especialización coherente da Cooperación Galega, resultado da experiencia e traxectoria histórica da actuación conxunta dos actores e axentes galegos de cooperación en alianza cos seus socios de desenvolvemento. Ao tempo, estes ámbitos estratéxicos, complementados coas prioridades transversais do IV Plan Director, abranguen as cinco esferas da Axenda 2030: persoas, planeta, prosperidade, paz e partenariado/alianzas. Por último, o IV Plan Director puxo o foco en promover a construción de resiliencia no conxunto de actividades de cooperación, mediante un reforzamento da especialización no eido do fortalecemento institucional e de organizacións da sociedade civil, e do apoderamento das mulleres.

Táboa 21: Distribución por ámbitos estratéxicos da AOD da DXRREE e UE por volume de fondos e porcentaxe, 2018-2021

Ámbitos estratéxicos		Total desembolsado €	% sobre orzamento operativo (cap. IV, VI, VII) e axuda desembolsada por convocatorias e convenios	Rango % previsto IV Plan Director
AE1	Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.	8.812.421 €	38%	60-75 %
AE2	Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sustentables, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.	3.422.271 €	15%	
AE3	Impulsar a equidade de xénero e mais o apoderamento e o exercicio dos dereitos das mulleres e da infancia.	3.800.162 €	16%	
AE4	Paliar e reducir a vulnerabilidade respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade.	3.635.244 €	16%	10-15 %
AE5	Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.	3.018.290 €	13%	10-15 %
	TOTAL	22.688.388 €	97%	

No cuadrienio 2018-2021 **os ámbitos estratéxicos foron o destino do 97 % dos recursos desembolsables** a través de convocatorias e convenios e dos recursos dispoñibles do capítulo IV, VI e VII do programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento. Os ámbitos estratéxicos AE1, AE2, AE3 concentraron o 69 % dos recursos desembolsados mentres que a acción humanitaria e a construción de cidadanía global foron o destino do 16 % e do 13 % respectivamente de tal xeito que se cumpriu coa distribución prevista no IV Plan Director.

Este conxunto de ámbitos estratéxicos contribúen á consecución dos seguintes ODS:

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Cadro 5: Relación dos ámbitos estratéxicos do IV Plan Director e os ODS

Ámbitos estratéxicos	Obxectivos de desenvolvemento sustentable
1. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.	ODS 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 10, 11, 13
2. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sostibles, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.	ODS 1, 2, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15
3. Impulsar a equidade de xénero e máis o apoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia.	ODS 3, 5, 10, 16
4. Paliar e reducir a vulnerabilidade respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade.	
5. Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sostible.	ODS 4, 13, 16, 17

En relación ao novo ciclo de planificación da Cooperación Galega, **os axentes de cooperación participantes nesta avaliación demandaron a ampliación dos ámbitos estratéxicos en dúas liñas de traballo: planeta e defensa dos dereitos humanos**. Coa primeira visibilizaríase a loita contra o cambio climático e a xustiza ambiental no marco dos ODS vinculados a "planeta". E a segunda abordaría a construción de capacidade e resiliencia mediante o fortalecemento institucional das organizacións da sociedade civil e das Administracións públicas no marco da defensa e promoción dos dereitos humanos, a democracia, a paz e as liberdades. Por outra banda, tamén se sinalou a **necesidade de abordar o despregamento dos ámbitos estratéxicos en estratexias sectoriais** da Cooperación Galega en eidos de especial interese ou especialización, como xénero ou promoción e defensa dereitos humanos.

Táboa 22: Distribución sectorial da AOD da Xunta de Galicia por sectores CAD e peso relativo, 2018-2021 (euros)

Código sector	Descrición sector	Total		% Total AOD
		Importe	%	
I. Achegas distribuíbles sectorialmente		16.576.060,07	100	61
100. Infraestruturas e servizos sociais		11.389.155,06	69	42
110. Educación		*2.839.138,69*	*17*	*10*
120. Saúde		*1.837.782,20*	*11*	*7*
130. Programas/políticas sobre poboación e saúde reprodutiva		*1.761.849,82*	*11*	*6*
140. Abastecemento de auga e saneamento		*1.506.877,44*	*9*	*6*
150. Goberno e sociedade civil		*2.986.795,35*	*18*	*11*
160. Outros servizos e infraestruturas sociais		*456.711,56*	*3*	*2*
200. Infraestruturas e servizos económicos		59.990,31	0	0
300. Sectores produtivos		3.976.302,14	24	15
400. Multisectorial		1.150.612,56	7	4
II. Achegas non distribuíbles sectorialmente		10.574.860,83	100	39
500. Subministro de bens e axuda xeral a programas		-	0	0
700. Axuda de emerxencia		3.835.244,00	36	14
910. Custes administrativos doador		2.495.039,00	24	9
920. Apoio a organizacións non gobernamentais		542.577,00	5	2
930. Axuda a refuxiados/as no país doador		613.660,00	6	2
998. Sen especificar/non clasificados		3.088.340,83	29	11
	Total AOD bilateral bruta (=I+II)	27.150.920,90	100	100

Se ampliamos a análise ao conxunto da AOD da Xunta de Galicia a **distribución sectorial da AOD galega** concéntrase nun 42 % nas infraestruturas e servizos sociais e mais nos sectores produtivos (15 %), a axuda de emerxencia (14 %), goberno e sociedade civil (11 %) e educación (10 %). Resulta significativa a axuda a persoas refuxiadas no país doador onde se inclúen os programas de asistencia sanitaria ás crianzas saharauís do programa "Vacacións en Paz" de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí. Tamén se inclúe a asistencia sanitaria a crianzas de África Subsahariana xestionada por Terra de Homes e pola Asociación de inmigrantes senegaleses de Ourense. Nos anos 2020 e 2021, por mor da pandemia da COVID-19, o programa de "Vacacións en paz" ficou suspendido,

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

subscribindo a Consellería de Política Social dous convenios de acción humanitaria por importe de 200.000 € destinados aos campamentos de refuxiados saharauís do Tindouf (Alxeria).

En relación á transformación operativa dos axentes de cooperación entre 2020 e 2021 por mor da pandemia da COVID, aconteceu unha maior concentración de proxectos e desembolsos en cooperación no sector de saúde que medrou un 107 % con respecto do bienio 2018-2019, pasando de case 600 mil euros a 1,2 millóns de euros. O sector de Goberno e sociedade civil medrou un 132 %, cun desembolso de 900 mil euros no bienio 2018-2019 e de 2 millóns de euros entre 2020 e 2021. Nesta liña de actuación prestouse especial atención ás persoas defensoras dos dereitos humanos e á sociedade civil organizada en contextos de regresión democrática e autoritarismo e de restrición dos dereitos e as liberdades públicas. Por último, a situación de incerteza operativa e o efecto sistémico da pandemia da COVID-19 motivaron un incremento significativo dos proxectos de cooperación no sector multisectorial, especialmente no eido do desenvolvemento rural, que pasaron de 245 mil euros no bienio 2018-2019 a 905 mil no bienio 2020-2021, cun incremento do 270 %. **Esta reorientación sectorial da Cooperación Galega motivada pola pandemia da COVID-19 resulta, logo, coherente cos tres ámbitos estratéxicos establecidos na *Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega*:**

AE 1: Afrontar a emerxencia sanitaria apoiando os sistemas e servizos de saúde e aos gobernos, comunidades e organizacións da sociedade civil socias da Cooperación Galega para rematar coa transmisión do virus da COVID-19 e prever e tratar futuras crises sanitarias e pandemias.

AE 2: Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat, auga e saneamento básico) e a cohesión social e reforzar os sistemas públicos de protección social con iniciativas lideradas desde o nivel comunitario e local.

AE 3: Mitigar o impacto socioeconómico e salvagardar ás persoas máis vulnerables e ás comunidades locais garantindo os seus ingresos e os seus medios sustentables de vida.

Con carácter transversal a estes tres ámbitos estratéxicos, priorizáronse as actuacións que impulsasen a equidade de xénero e o apoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia, por mor da súa especial afectación a causa da pandemia. Por exemplo, no sector de programas e políticas sobre poboación e saúde reprodutiva pasouse de 600 mil euros no bienio 2018-2019 a 958 mil entre 2020 e 2021, un crecemento do 59 %.

Por último, consonte aos criterios establecidos polo CAD para medir o grao de cumprimento do **Compromiso 20/20** establecido no Cumio mundial sobre desenvolvemento social celebrado en Copenhague no ano 1995, **a Cooperación Galega destinou un 31 % da súa AOD bruta distribuíble sectorialmente á cobertura de servizos sociais básicos entre 2018 e 2021**, superando amplamente o 20 % que define o devandito compromiso.

Táboa 23: Distribución da AOD bruta distribuíble sectorialmente da DXRREE e UE cara á cobertura de servizos sociais básicos por volume de fondos e porcentaxe, 2018-2021

Código sector	Descrición sector	Total desembolsado €	%
I. Achegas distribuíbles sectorialmente		16.576.060	100
112	Educación básica	1.692.687	10
122	Saúde básica	1.402.709	8
130	Programas/políticas sobre poboación e saúde reprodutiva	1.761.80	11
14030	Abastecemento de auga potable e saneamento básico – sistemas menores	225.000	1
15050	Axuda multisectorial para servizos sociais básicos	174.950	1
	Total	5.257.196	31

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEBATE

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

En relación á **construción de resiliencia**, a pandemia da COVID-19 impactou de forma negativa e dramática sobre a capacidade institucional dos axentes de cooperación e os seus parceiros. Tal e como se describe na *Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega*, todas as actuacións financiadas sufriron as consecuencias da COVID-19 con diversos niveis de intensidade. E a súa execución estivo condicionada polos efectos da pandemia sobre as persoas e comunidades participantes, o persoal técnico, as organizacións e entidades socias e o contexto político, social e económico. Por este motivo a xestión do ciclo do proxecto viuse afectada en todas as súas fases, especialmente os procesos de xustificación técnica e económica e produciuse un debilitamento global das estruturas e das capacidades técnicas e institucionais.

Entre 2020 e 2021 abordouse especificamente o reforzamento da especialización no eido do fortalecemento institucional e de organizacións da sociedade civil, e do apoderamento das mulleres. Entre 2018 e 2021 a DXRREE e UE destinou 3,5 millóns de euros, un 15 % da súa axuda desembolsable, ao sector 150 de goberno e sociedade civil e ao sector 920 de apoio a organizacións non gobernamentais. De todos os xeitos, moitas intervencións de cooperación e acción humanitaria integran unha visión multisectorial e integral na que se inclúen compoñentes de construción de resiliencia, fortalecemento institucional e de organizacións da sociedade civil, así como de apoderamento das mulleres.

No cuadrienio 2018-2021 outras medidas previstas no IV Plan Director para o fortalecemento institucional e de organizacións da sociedade civil foron as seguintes:

- As convocatorias e convenios permitiron financiar os gastos en recursos humanos asociados ao proxecto até un 70 % do custo total para posibilitar a contratación de persoal especializado para a xestión e execución das actividades financiadas. A *Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega* estableceu ademais que, por razóns excepcionais e debidamente xustificadas vencelladas á pandemia, este límite podería ser obxecto de ampliación.
- Asináronse cadanseus convenios anuais coa Coordinadora Galega de ONGD e co Fondo Galego. Tamén se asinou un convenio bienal coa Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento (RGCUD) en 2019 e un convenio anual en 2021.
- Financiáronse actividades de formación e capacitación especializada dirixida aos axentes galegos de cooperación a través dos convenios coa CGONGD, Fondo Galego e RGCUD.
- Concedéronse 18 bolsas de formación de persoas expertas en cooperación que desenvolveron as súas actividades na sede da DXRREE e UE e mais nas Oficina Técnicas de Cooperación (OTC) da Cooperación Española en República Dominicana, Guatemala, Perú e Mozambique.
- Organizouse en setembro de 2021, en colaboración coa Fundación Galicia Europa, un primeiro curso de financiamento europeo para as ONGD galegas. Nesta formación participaron case medio cento de ONGD galegas.

Unha medida da capacidade institucional dos axentes galegos de cooperación identificámola na cantidade de recursos da Cooperación Galega que son quen de xestionar. Entre 2018 e 2021, a Cooperación Galega caracterizouse por unha xestión indirecta da súa axuda (80 %) a través de convocatorias públicas de axudas e pola canalización de xeito maioritario a través de ONGD (71 %). Nesta porcentaxe non se inclúen os proxectos en agrupación das ONDGD con outras entidades de

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

diferente natureza que ben lideran ou ben figuran como entidades en consorcio e que son identificados como agrupacións mixtas na seguinte táboa. **Se engadimos a cantidade xestionada por ONGD nestas agrupacións mixtas (1.627.432 €), a porcentaxe xestionada medra até o 79 %, cun total de 17.811.61 €).** Ademais, durante a vixencia do IV Plan Director aconteceu un significativo aumento das cantidades xestionadas polas axencias vinculadas ás Nacións Unidas (ACNUR, UNRWA e UNICEF), que se sitúan como segundo axente en relevancia da Cooperación Galega.

Táboa 24: Axentes canalizadores da AOD desembolsada da DXRREE e UE, 2018-2021

Axente de cooperación	AOD xestionada €	% sobre total
ONGD	16.184.184	71%
Agrupacións mixtas	1.746.401	8%
Axencias Internacionais	1.526.136	7%
Outros actores	1.067.565	5%
Empresas	510.367	2%
CETMAR	422.098	2%
Universidades	393.964	2%
CGONGD	380.000	2%
Fondo Galego	240.987	1%
AECID	200.000	1%
Total	22.671.702	100%

Por último, **no cuadrienio 2018-2021 un 25 % (5.742.563 €) da axuda total desembolsada (23.044.168 €) a través das convocatorias e convenios da DXRREE e UE aos axentes de cooperación financiou proxectos en agrupación**. Neste senso, o IV Plan Director mantivo unha porcentaxe similar ao III Plan Director, cando se financiaron proxectos en agrupación que representaron un 23 % do total da axuda desembolsada a través de convocatorias e convenios entre 2014 e 2017.

En relación á construción de resiliencia e ao proceso de posta en valor das capacidades diferenciadas e vantaxes comparativas de cada axente de cooperación, **as ONGD participantes na avaliación manifestaron a idoneidade de acometer un proceso de adaptación ao contexto da Cooperación Galega do *Marco de relación entre las organizaciones no gubernamentales de desarrollo y la Administración General del Estado* asinado en marzo de 2022. De vez, as Universidades e as entidades empresariais expresaron a demanda dun proceso colectivo de adaptación da convocatoria de cooperación dirixida a outros axentes co fin de adaptala ás súas características específicas e operativa.**

En conclusión, **a Cooperación Galega mantivo a súa tendencia positiva cara á selectividade sectorial da súa axuda, cunha atención significativa aos ODS relativos ás persoas e á prosperidade compartida**. Deste xeito dáse continuidade á especialización sectorial da Cooperación Galega mais permitindo unha maior flexibilidade operativa á hora de definir a súa achega específica aos ODS por mor de ser unha cooperación xestionada maioritariamente a través de ONGD e de convocatorias públicas de axudas. Por outra banda, **a pandemia da COVID-19 representou un desafío colectivo para os axentes de cooperación que, a través da *Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega*, reorientación sectorialmente o seu traballo nos tres ámbitos estratéxicos definidos colectivamente durante o proceso participativo de elaboración**. A outra vía de fortalecemento da capacidade institucional dos axentes de cooperación consistiu no financiamento de actividades de formación e capacitación especializada, a posibilidade de contratar recursos humanos asociados aos proxectos até o 70% do custe total -porcentaxe ampliable durante a situación de pandemia-, a sinatura dos convenios coa CGONGD, Fondo Galego e RGCUD, a convocatoria das bolsas de formación de persoas expertas en cooperación e a canalización maioritaria dos recursos a través de convocatorias públicas e das ONGD.

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEREITOS DA CIDADANIA
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

4.3.6. Alianzas territoriais multiactor e multinivel.

O IV Plan Director salientou a necesidade de reforzar o modelo de actuación nos países prioritarios ou nas comunidades socias con base en alianzas territoriais multiactor e multinivel, nos sectores de especialización da Cooperación Galega dando continuidade ás experiencias xa desenvolvidas en Guatemala (Champerico-Retalhuleu) e República Dominicana (Santiago de los Caballeros). Aínda que as denominadas Iniciativas de Desenvolvemento Integral (IDI) decaeron, os axentes galegos de cooperación involucrados continuaron as súas alianzas de traballo na zona como vén sendo o caso de Arquitectos sen Fronteiras e PROYDE en Champerico e Fundación Balms para a Infancia en Santiago de los Caballeros. Complementariamente, a Cooperación Galega ten financiado de forma ininterrompida intervencións a través das ONGD Amigos da Terra, AGARESO, Asemblea de Cooperación pola Paz e Enxeñería sen Fronteiras, en determinadas comunidades que deben ser recoñecidas como socias da acción solidaria internacional da Xunta de Galicia como é o caso das municipalidades do Golfo de Fonseca (Honduras) ou o Baixo Lempa (O Salvador).

No cuadrienio 2018-2021 deuse continuidade ao financiamento das intervencións en Mozambique nas provincias de Cabo Delgado e Niassa no eido da xestión de recursos hídricos e da acuicultura rural e pesca artesanal e na que interveñen Augas de Galicia, a Fundación Universidade da Coruña, Axuda en Acción e CETMAR. Esta parcería coa Administração Regional de Águas do Norte (ARA-Norte), o Instituto Nacional de Desenvolvimento de Pesca e Aquacultura e o Instituto Nacional de Investigação Pesqueira foi o principal foco de investimento en Mozambique durante a execución III Plan Director da Cooperación Galega e durante o cuadrienio 2018-2021.

En 2018, no marco da construción de novas alianzas territoriais e multinivel, desenvolveuse o proceso de identificación dunha **intervención sectorial en apoio á pesca artesanal na Baía de Sechura, no Departamento de Piura (Perú), denominada ACUIPESCA-PERÚ,** co fin de desenvolver o Memorando de Entendemento asinado entre o Ministerio da Produción de Perú e a Xunta de Galicia en febreiro de 2015. A raíz desta identificación asináronse convenios de colaboración con CETMAR, Axuda en Acción e Anfaco para a execución de catro proxectos cun investimento global da Xunta de Galicia de 757.075 € entre 2019 e 2021. Este investimento ten provocado que Perú teña sido o principal destinatario da AOD galega no exterior no cuadrienio 2018-2021.

En conclusión, **a DXRREE e UE promoveu a constitución dunha nova alianza multiactor e multinivel en Perú, país prioritario da Cooperación Galega, no ámbito estratéxico 2 do IV Plan Director**: "Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sostibles, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida". Ao tempo deu continuidade ao financiamento daquelas intervencións en comunidades socias da Cooperación Galega executadas polas ONGD. Por último, en 2021 realizouse a identificación en Mozambique para unha nova alianza na xestión de recursos hídricos e da acuicultura rural e pesca artesanal que se iniciará en 2022.

4.3.7. Coherencia de políticas de desenvolvemento

O IV Plan Director alentou pola integración dunha visión de coherencia de políticas na Administración pública galega, en coordinación co conxunto de actores públicos e axentes de cooperación, a través dun liderado político activo que promova a transversalización estratéxica da Axenda 2030 e a súa localización no nivel autonómico e local. **A nivel da Xunta de Galicia a integración da coherencia de políticas no marco da Axenda 2030 das Nacións Unidas está a ser desenvolvida pola Comisión Interdepartamental para o Seguimento da Axenda 2030.** O Consello

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

da Xunta de Galicia promoveu a súa creación como resposta á necesidade de abordar a implementación dos ODS en Galicia a nivel gobernamental, promovendo a transversalidade e a coherencia de políticas na Administración autonómica. Esta Comisión está concibida como un órgano de coordinación e colaboración en materia de desenvolvemento sustentable e constituíuse en xaneiro de 2019, estando regulado o seu funcionamento polo Decreto 142/2019, do 31 de outubro, polo que se crea a Comisión Interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia (DOG n. 217, 14 de novembro de 2019). A Comisión está presidida pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e ten as seguintes funcións:

- Coñecer as iniciativas, plans, programas e convenios existentes nos ámbitos cubertos polos ODS e levar a cabo un seguimento da súa execución.
- Estudar e propoñer novas accións para o cumprimento dos ODS.
- Instar a outras Administracións e organismos públicos e privados para que impulsen as medidas necesarias para promover o cumprimento dos ODS.
- Realizar un informe de seguimento sobre o progreso no cumprimento dos obxectivos e metas fixados na Axenda 2030, que será presentado ante o Parlamento de Galicia de xeito bienal.

No seo desta Comisión constituíronse tres Grupos de Traballo: un para o ámbito económico, coordinado polo director xeral de Planificación e Orzamentos; outro para o ámbito medioambiental, coordinado pola directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático e un terceiro para o ámbito social, cuxa coordinación lle foi encomendada ao director xeral de Relacións Exteriores e coa UE. Como primeira actuación do Grupo de Traballo de ámbito social elaborouse un estudo diagnóstico sobre a implantación dos ODS de carácter social da Axenda 2030 na Xunta de Galicia. Os resultados do "Informe sobre as Conclusións do Diagnóstico da Axenda 2030 en Galicia". presentáronse no mes de novembro de 2020.

A DXRREE e UE tivo unha importante responsabilidade na dinamización da integración da Axenda 2030 na Xunta de Galicia a través do encargo en 2017 do estudo *La implantación de la Agenda 2030 de Desarrollo Sostenible en la Xunta de Galicia. Principales implicaciones y propuestas*, realizado por un equipo de investigación da Universidade Complutense de Madrid (UCM) dirixido polo catedrático José Antonio Alonso. O estudo explora o enfoque e os procedementos a través dos cales se pode adoptar e adaptar a Axenda 2030 e os ODS ao ámbito das competencias propias da Xunta de Galicia, e permitiu identificar os mecanismos institucionais necesarios para o seguimento da implementación da Axenda 2030 en Galicia.

Dentro deste traballo de promoción da Axenda 2030 no conxunto da Administración pública galega, en 2019 e 2021 a DXRREE e coa UE, en colaboración coa Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, organizou en 2019 e 2021 cadanseu curso "A Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable e a súa implementación nas Administracións Públicas galegas". Celebrados na Escola Galega de Administración Pública no mes de xuño, tivo por obxecto proporcionar os coñecementos e as competencias necesarias para que o persoal ao servizo da Administración autonómica, das Administracións locais e das Universidades galegas poidan aplicar os principios e contidos da Axenda 2030 nas súas áreas de traballo.

XUNTA DE GALICIA
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ao abeiro do convenio de colaboración asinado co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e a través da súa plataforma de formación, impartíronse dúas edicións dun curso sobre

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

a localización da Axenda 2030, ODS e municipalismo ao que asistiron 40 persoas representantes políticas ou técnicas de 24 entidades locais galegas. Ao tempo, tamén se realizou un ciclo de webinars que contou coa participación de 32 representantes de 22 administracións locais galegas e 5 representantes de 4 entidades dos países empobrecidos. Por outra banda acompañouse a seis concellos (Barreiros, Cabanas, Fene, Pontedeume, San Sadurniño e Tomiño) na elaboración dos plans de implementación da Axenda 2030. E en 2019 e 2021 celebráronse cadansúa edición do Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía na cidade de Santiago de Compostela e en Braga. coa asistencia de representantes de entidades locais de Galicia, Portugal, Brasil, Guinea-Bissau, Angola, Mozambique, Cabo Verde e São Tomé e Príncipe, e da Xunta de Galicia.

Por último, a Xunta de Galicia apoiou a celebración en Santiago de Compostela do VIII Congreso Universidade e Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento en novembro de 2019. O acto de inauguración contou coa participación do Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e a Subdirectora Xeral de Cooperación Exterior interveu na mesa redonda **"Políticas e soporte institucional para a xeración de coñecemento desde a CUD"**. Este congreso bienal, promovido polo grupo de traballo de cooperación da Comisión Sectorial CRUE-Internacionalización e Cooperación e apoiado polo Observatorio da Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (OCUD), representa un punto de encontro das universidades para compartir experiencias e xerar oportunidades de novas aprendizaxes e alianzas no contexto da Axenda 2030 e os ODS. Previamente á súa inauguración, o 27 de novembro de 2019 representantes das tres Universidades públicas galegas e o Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia asinaron a **declaración institucional "O compromiso das Universidades públicas galegas coa Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas"** na que expresan a súa vontade compartida de unir a súa experiencia, capacidades, recursos e talento en favor da consecución dos ODS cara ao 2030.

En conclusión, **a DXRREE e UE dinamizou un dos grupos de traballo establecidos no seo da Comisión Interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 da Xunta de Galicia**. Este liderado aconteceu no marco máis amplo do conxunto de iniciativas autonómicas, estatais e locais para a efectiva implementación dunha visión de coherencia de políticas no conxunto da Administración pública galega. Deste xeito apoiouse ao Fondo Galego nos procesos de localización da Axenda 2030 a nivel municipal en seis concellos galegos.

4.3.8. Participación e diálogo de políticas

O IV Plan Director estableceu un marco para a promoción da participación do conxunto de axentes de cooperación, nas actividades da Cooperación Galega e para a posta en valor das novas oportunidades de diálogo de políticas pola ampliación da composición do CONGACODE.

O CONGACODE constitúe o principal espazo de participación e diálogo de políticas da Cooperación Galega e canto órgano de consulta e participación da sociedade galega en materia de cooperación para o desenvolvemento. O CONGACODE está regulado no capítulo II do Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento que ademais introduciu unha revisión e ampliación das entidades e persoas expertas que o compoñen. A primeira xuntanza deste CONGACODE ampliado tivo lugar o 18 de abril de 2018. En 2019 celebráronse dúas xuntanzas, o 15 de xaneiro e o 25 de novembro e en 2021 a súa xuntanza tivo lugar o 28 de xaneiro de forma telemática. Nestas catro xuntanzas aprobáronse os seguintes documentos e propostas de relevancia para a Cooperación Galega:

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTE
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

a) Proposta do IV Plan Director da Cooperación Galega, resultado dun proceso participativo de elaboración e debate. Contou coa abstención das ONGD en representación da CGONGD e dunha das persoas expertas e co voto favorable do resto de entidades e persoas expertas.

b) Aprobación por unanimidade da creación do Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global.

c) Aprobación por unanimidade do Plan Anual 2018, 2019, 2020 e 2021 da Cooperación Galega.

d) Aprobación por unanimidade do Anteproxecto de Lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

Aínda que o número de entidades que integran o CONGACODE e o formato e dinamismo das súas xuntanzas poidan favorecer a ritualización da participación e a limitación do diálogo nese espazo institucional, a DXRREE e UE ten favorecido activamente que a Cooperación Galega cumpra co criterio de ser unha política pública participativa e participada. Deste xeito, os tres documentos principais aprobados no cuadrienio 2018-2021, o IV Plan Director da Cooperación Galega, o Anteproxecto de Lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia e a *Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega* foron o resultado dun amplo proceso participativo que incluíu o debate, negociación e diálogo cos actores públicos e os axentes privados de cooperación e coas súas organizacións representativas, como a CGONGD, Fondo Galego ou FEGAMP.

Deste xeito, facilitouse o desenvolvemento dunha participación inclusiva e unha maior profundidade no diálogo entre axentes aínda que segue a detectarse unha implicación desigual dos axentes de cooperación nos procesos de natureza participativa onde destaca a capacidade de interlocución das ONGD, as Universidades, as entidades locais asociadas no Fondo Galego e na FEGAMP, e empresas especializadas no eido do desenvolvemento. Con todo, segue a manterse con respecto aos anteriores ciclos de planificación o carácter vicario da participación de xeito que esta se materializa no protagonismo dos axentes de cooperación, fundamentalmente das ONGD, sen que se teñan artellado mecanismos e procesos para facilitar unha participación máis directa da cidadanía ou dos socios de desenvolvemento na definición da política pública de cooperación.

En relación ao fortalecemento das dinámicas de traballo do CONGACODE, na súa xuntanza de 18 de abril de 2018 aprobouse a **creación do Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global**. Este grupo de traballo está integrado por nove persoas: dúas en representación da DXRREE e UE; unha en representación da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa; unha en representación da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado; dúas en representación da comisión de educación da CGONGD; unha en representación da RGCUD; unha en representación do Fondo Galego; e unha persoa vogal experta no CONGACODE. O grupo de traballo celebrou cadansúa reunión anual en 2018 e 2019 onde se debateron e realizaron achegas ás bases das convocatorias para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, revisouse o estado de execución da matriz de resultados da estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global da Cooperación Galega e informouse da realización dunha avaliación ex-post das intervencións máis significativas financiadas neste eido desde 2010 ata 2017. Por último, froito da coordinación no seo deste grupo de traballo, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional aprobou incluír, dentro do seu Plan Anual de Formación 2019, un curso sobre educación para o desenvolvemento e cidadanía global, que se impartiu no mes de novembro, coa colaboración da CGONGD.

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Simultaneamente, durante o cuadrienio 2018-2021 a **Xunta de Galicia ten promovido o diálogo activo cos axentes galegos de cooperación dando continuidade á política de portas abertas materializada nas xuntanzas cos principais representantes do sector e doutros axentes de cooperación** tanto por parte da DXRREE e UE como do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Ao tempo, ten facilitado a participación dos axentes de cooperación no proceso de mellora dos instrumentos de financiamento a través do proceso de achegas ás bases das diferentes convocatorias.

Por último, unha das cuestións históricas pendentes para a Cooperación Galega en relación á participación ten sido a asimetría na participación. Co fin de evitar o privilexio da voz e intereses dos axentes galegos de cooperación e integrar activa e inclusivamente a voz e visión do Sur nos procesos de construción da axenda galega de desenvolvemento **a DXRREE e UE ten coñecido de primeira man as demandas e necesidades dos socios de desenvolvemento así como os resultados de desenvolvemento aos que ten contribuído a Cooperación Galega** a través de tres medios:

a) As viaxes institucionais ao exterior ao países receptores da axuda galega. En 2018 realizáronse dúas viaxes: unha viaxe do Vicepresidente da Xunta de Galicia, o Director Xeral de RREE e UE e a Subdirectora Xeral de Cooperación Exterior a Perú; e unha viaxe dunha representante da DXRREE e UE a México no marco dunha visita organizada por ACNUR-México e a Oficina de Acción Humanitaria (OAH) da AECID para coñecer o programa de atención a persoas desprazadas e refuxiadas no marco do convenio da AECID e a cooperación descentralizada en materia de Acción Humanitaria. En 2019, o Vicepresidente da Xunta de Galicia, o Director Xeral de RREE e UE e a Subdirectora Xeral de Cooperación Exterior visitaron os proxectos da Cooperación Galega en Guinea-Bissau, e o Director Xeral de RREE e UE visitou Cuba para o seguimento da actuacións financiadas e a apertura de novas vías de colaboración no eido da cooperación técnica. En 2020 , o Director Xeral de RREE e UE e a Subdirectora Xeral de Cooperación Exterior visitaron os proxectos da Cooperación Galega en Bolivia.

b) O seguimento dos proxectos financiados no exterior por parte das persoas beneficiarias das bolsas de formación en cooperación da DXRREE e UE e que desenvolven o seu proceso formativo nas OTC de Perú, Guatemala, República Dominicana e Mozambique.

c) As visitas institucionais á DXREE e UE de representantes de parceiros de desenvolvemento dos axentes galegos de cooperación en Brasil, Burundi, Cabo Verde, Colombia, Guatemala, Honduras, Nicaragua, O Salvador e Perú.

d) O 4 de maio de 2021 o vicepresidente primeiro da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, e o director xeral de RREE e coa UE a subdirectora xeral de Cooperación Exterior participaron onte nun encontro con organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento para coñecer de primeira man as novas necesidades dos países do sur cos que colabora a Xunta como consecuencia da crise sanitaria da Covid-19. Participaron representantes das ONGD galegas e dos seus socios de desenvolvemento en Guatemala, República Dominicana e Perú.

e) En xaneiro de 2022, representantes de organizacións sociais dos países socios da Cooperación Galega participaron virtualmente na xuntanza do CONGACODE.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

En conclusión, **durante o cuadrienio 2018-2021 reforzouse o proceso de participación e diálogo de políticas entre os axentes galegos de cooperación**. O proceso participativo de elaboración do IV Plan

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Director, do anteproxecto da Lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia e da *Estratexia de resposta á COVID-19* así como a ampliación da composición do CONGACODE e a constitución dun grupo de traballo específico teñen facilitado o reforzamento do carácter participativo e participado da Cooperación Galega. Por último, o resto de iniciativas descritas teñen permitido afrontar as debilidades no eido da participación identificadas durante a execución do III Plan Director.

4.3.9. Coordinación e diálogo co resto de Administracións públicas

O IV Plan Director alentou pola mellora da coordinación e diálogo coas Entidades Locais que financian actividades de cooperación internacional e educación para o desenvolvemento. Esta coordinación e diálogo inclúese nun proceso máis global de promoción da complementariedade entre as Administracións públicas estatais, autonómicas e locais que desenvolven ou financian actuacións no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento.

Por este motivo, o IV Plan Director estableceu unha liña de acción específica (L.A.4.1) relativa á participación activa da Cooperación Galega nos espazos e iniciativas de coordinación da Cooperación Española. No cuadrienio 2018-2021 **a DXRREE e UE ten profundado no seu compromiso coa coordinación coa Cooperación Española e co resto de Comunidades Autónomas** tendo participado nas seguintes actividades e procesos:

a) A comparecencia os días 20 e 24 de abril de 2021 do Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE ante as Comisións de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento do Congreso dos Deputados e do Senado no marco do proceso de reforma normativa e da arquitectura do sistema español de cooperación.

b) A sinatura en 2018 dun convenio de colaboración entre a AECID e as comunidades autónomas de Galicia, Asturias, Cantabria, Castela e León, Comunidade Valenciana, Illas Baleares, A Rioxa, Murcia, Canarias, e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) para a programación conxunta en materia de Acción Humanitaria. En 2019 e 2020 asinouse unha addenda ao devandito convenio e en 2021 unha prórroga do mesmo. A Xunta de Galicia achegou cadanseus 50.000 € anuais a este Fondo de programación conxunta de acción humanitaria contribuíndo a intervencións en Tindouf (Alxeria), Siria, Mesoamérica, Níxer, Nixeria, Venezuela e Xerusalén. Para a coordinación, seguimento, vixilancia e control deste convenio constituíuse unha Comisión de coordinación presidida rotatoriamente cada seis meses por unha Comunidade Autónoma e secretariada pola AECID. A primeira quenda da presidencia da Comisión recaeu en Galicia, celebrándose unha xuntanza da mesma en Santiago de Compostela o 31 de outubro de 2018. En 2019 a reunión da Comisión celebrouse en Santander o 30 de outubro. Neste eido humanitario tamén colaborou coa Oficina de Acción Humanitaria (OAH) da AECID no marco do devandito Fondo e participou na xornada de formación e debate entre a OAH e as Comunidades Autónomas celebrada en decembro de 2018.

c) A sinatura en outubro de 2019 dun novo convenio entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e a AECID, para que as persoas beneficiarias das bolsas de formación financiadas pola Comunidade Autónoma de Galicia completen a súa formación nas Unidades de Cooperación no Exterior (UCE) como as Oficinas Técnicas de Cooperación, Centros Iberoamericanos de Formación ou Centros Culturais da Cooperación Española. Este convenio substitúe ao asinado en 2002 e ten por

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E RELACIÓNS COA UE

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

obxecto establecer as canles de colaboración entre a Xunta de Galicia e a AECID co fin de que as persoas bolseiras da Comunidade Autónoma de Galicia completen a súa formación en países nos que se estean executando proxectos de cooperación para o desenvolvemento subvencionados pola Xunta de Galicia. En casos excepcionais, e de acordo coas necesidades operativas e funcionais das UCE, poderán realizar este período de formación no resto de unidades dependentes da AECID ou en proxectos de cooperación financiados pola mesma.

d) A contribución da Xunta de Galicia á transparencia global da Cooperación Española mediante a achega de información rigorosa da axuda galega aos informes anuais de seguimento da AOD a través do sistema de xestión da información info@od da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

e) A colaboración coa política de avaliación da Cooperación Española mediante as achegas aos plans anuais e bienais de avaliación da Cooperación Española 2017-2018 e 2019-2020.

f) A participación desde abril de 2018 no Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento do Consello Estatal de Cooperación para o Desenvolvemento.

g) A participación no Foro de Planificación e Eficacia da Cooperación Española creado co obxectivo de ser mais transparentes e compartir información ao conxunto dos actores de Cooperación Española e de mellorar a súa planificación e eficacia.

l) A participación anual nos Encontros de Comunidades Autónomas e Cooperación para o Desenvolvemento. O X Encontro celebrouse en Valencia en abril de 2018 e o XI Encontro en Palma de Mallorca en febreiro de 2019. O XII Encontro tivo lugar en Bilbao (20-21 de febreiro de 2020) e o XIII en Mérida e Cáceres (24-26 de novembro de 2021).

m) A participación en 2020 na declaración conxunta con todas as CCAA e os nove fondos de cooperación municipalista baixo o lema "Da crise sáese cooperando", enmarcada na crise da COVID-19.

n) A asistencia de representantes da DXRREE e UE ás xuntanzas da Comisión Interterritorial de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento convocadas para o debate e aprobación do V Plan Director da Cooperación Española os días 7 e 4 de febreiro de 2018. En 2019 o Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación non convocou ningunha xuntanza. En 2020 e 2021 as reunións tiveron lugar o 21 de decembro de 2020 e o 13 de decembro de 2021.

o) A participación da Xunta de Galicia na xuntanza do Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030 celebrada o 29 xuño de 2018 en Madrid. En abril de 2019 o Goberno de España modificou a gobernanza para a Axenda 2030. A raíz desta reforma, as Comunidades Autónomas deixaron de formar parte do Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030 e pasan a integrarse na Comisión Nacional para a Axenda 2030. En 2019 o Goberno de España non convocou ningunha xuntanza desta Comisión Nacional. En 2021 a gobernanza da Axenda 2030 foi revisada de novo polo Goberno de España e as Comunidades Autónomas pasaron a integrarse na Conferencia Sectorial da Axenda 2030 que celebrou dúas xuntanzas en 2021 coa participación da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia.

p) A participación da DXRREE e UE na Plataforma de Elaboración e Seguimento da Estratexia de Resposta Conxunta da Cooperación Española á Crise da COVID-19.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

q) A participación activa da DXRREE e UE nas Plataformas de Consulta en Sede (PCS) e Equipos País Ampliado (EPA), creados no marco dos procesos de elaboración e seguimento dos Marcos de Asociación País (MAP). Participouse nos procesos relativos a Mozambique, Perú, República Dominicana e Guatemala.

r) A asistencia do Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE ao acto institucional de celebración do 30º aniversario da AECID e que tivo lugar o 21 de novembro de 2018 en Madrid.

s) A asistencia do Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE en representación do Comité Europeo das Rexións ás Xornadas Europeas de Desenvolvemento celebradas en Bruxelas os días 5 e 6 de maio de 2018.

t) A asistencia da Subdirectora Xeral de Cooperación Exterior ao acto de entrega de diplomas da XI edición do Premio Nacional de Educación para o Desenvolvemento "Vicente Ferrer" celebrado en novembro de 2018. Este premio, convocado pola AECID en colaboración co Ministerio de Educación e Formación Profesional, galardoou ao IES Pedra da Aguia, de Camariñas (A Coruña), polo proxecto "O cambio empeza no IES Pedra da Aguia. Súmaste?", enmarcado no proxecto "Cooperación Galega: O mundo que queremos" financiado pola DXREE e UE e integrado no Plan Proxecta da Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional.

u) A asistencia dun persoa representante da DXRREE e UE ás I Xornadas Nacionais de Educación para o Desenvolvemento e ODS organizadas pola Rexión de Murcia entre o 28 de febreiro e o 1 de marzo de 2019.

v) A participación na sesión de traballo en liña da Alianza "El día después" sobre territorialización dos ODS para unha cooperación transformadora, que tivo lugar o 16 de marzo de 2021, orientada a extraer as claves máis relevantes do proceso de reforma do sistema de Cooperación Española.

Xa que logo, a Xunta de Galicia e a DXRREE e UE participan de forma activa nos espazos de diálogo, coordinación e construción colectiva da Cooperación Española asumindo funcións e responsabilidades coherentes cos ámbitos estratéxicos de especialización da Cooperación Galega.

Complementariamente, neste cuadrienio 2018-2021 deuse continuidade aos procesos de coordinación horizontal interna entre os diferentes departamentos da Xunta de Galicia, destacando os seguintes procesos e actividades en relación á coordinación:

a) A ampliación da composición do CONGACODE coa integración de representantes de doce persoas en representación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e entidades instrumentais do sector público autonómico, con rango mínimo de subdirector/a xeral por cada unha das consellerías con competencias en doce áreas. Na actualidade representan como titulares á Xunta de Galicia no CONGACODE os seguintes cargos: Director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea; Subdirectora xeral de Cooperación Exterior; Secretario xeral da Emigración; Director de Competitividade da Axencia Turismo de Galicia; Directora xeral de Administración Local; Secretaria xeral de Igualdade; Subdirectora xeral de Orzamentos; Directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático; Subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico; Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa; Vicexerente do Servizo Galego

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

de Saúde; Director xeral de Inclusión Social; Director xeral de Desenvolvemento Rural e a Subdirectora xeral de Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar.

b) A creación do Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global no CONGACODE onde participan representantes da DXRREE e UE, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

c) A dinamización por parte da DXRREE e UE dun dos grupos de traballo establecidos no seo da Comisión Interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 no eido social e a participación activa na devandita Comisión.

d) O financiamento de 14 proxectos de acción humanitaria centrados na atención a persoas refuxiadas en materia de violencia de xénero en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia que puxo 1.004.000 € a disposición da DXRREE e UE correspondentes á cota de Galicia no seo do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e destinados a actuacións no marco das medidas 36 e 37 do Pacto que afectan ao ámbito da cooperación internacional e acción humanitaria.

e) O financiamento do proxecto "Cooperación Galega: O mundo que queremos" integrado no Plan Proxecta da Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional.

f) O financiamento de actuacións dirixidas á poboación saharauí, ben nos campamentos de refuxiados en Alxeria e Sáhara Occidental a través da DXRREE e UE, ben en Galicia a través do programa de "Vacacións en Paz" de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, actuacións ás que contribúen a Consellería de Política Social e a Consellería de Sanidade.

g) O financiamento de actuacións de cooperación técnica no eido da pesca e a acuicultura a través da Fundación CETMAR e a Consellería de Mar.

h) A colaboración con Augas de Galicia para o financiamento do proxecto "Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique".

i) A colaboración coa Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático na organización de dúas edicións do curso "A Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable e a súa implementación nas Administracións Públicas galegas", celebrados na Escola Galega de Administración Pública os días 17 e 18 de xuño de 2019 e os días 17 e 18 de xuño de 2021.

En relación á **xeración de complementariedades cos actores locais de desenvolvemento** a DXRREE e UE fomentou a participación activa do Fondo Galego e da FEGAMP nos procesos participativos de elaboración do IV Plan Director da Cooperación Galega e do anteproxecto de Lei reguladora da Acción Exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia. Neste anteproxecto recoñeceuse ao Fondo Galego e a FEGAMP como interlocutores permanentes da Xunta de Galicia ao mesmo nivel que a CGONGD. Ao tempo, o Fondo Galego integrouse no Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global do CONGACOE. Tamén se deu continuidade ao financiamento do convenio anual de colaboración co Fondo Galego que en 2019 incrementou a súa dotación un 50 % ata chegar aos 60.000 €. A través deste convenio fomentouse a formación, sensibilización e a

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEREITOS SOCIAIS
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

construción de redes de cooperación municipalista con axentes lusófonos de cooperación. Por exemplo, en maio de 2018 organizouse en Santiago de Compostela a xornada "A localización dos ODS e as políticas públicas municipais de cooperación para o desenvolvemento" coa participación da Rede Municipal de Cooperação para o Desenvolvimento de Portugal. Posteriormente, en 2019 e 2021 celebrouse o I e II "Foro da cooperación municipalista da Lusofonía" coa participación de gobernos locais e rexionais de Galicia, Portugal, Brasil, Guinea-Bissau, Angola, Mozambique, Cabo Verde e São Tomé e Príncipe.

Nesta liña de contribuír á xeración de complementariedades baseadas na identificación dos actuais recursos, capacidades e experiencias da cooperación municipalista galega, a DXRREE e UE financiou un estudo sobre a cooperación municipalista en Galicia entre 2010 e 2018 que foi codirixido polo Fondo Galego e mais a CGONGD e cofinanciado con cargo aos seus convenios anuais. Por último, a DXRREE e UE recuperou en 2021 o convenio de cooperación co Fondo Galego, cofinanciando en Mozambique unha intervención de vivendas resilientes ao cambio climático.

Para rematar analizaremos o liderado e dirección da Xunta de Galicia na harmonización interna e externa da Cooperación Galega. En primeiro lugar temos que partir do feito de que no cuadrienio 2018-2021 o sistema galego de cooperación segue a caracterizarse por unha profunda asimetría de xeito que a Xunta de Galicia representa de promedio máis do 85 % da AOD galega no seu conxunto. En segundo lugar, este feito, xunto coa inexistencia de esforzos inversores e marcos institucionais, estratéxicos e operativos homologables aos da Xunta de Galicia –coa excepción singular do Fondo Galego- determinan que esta conte cunha hexemonía na definición da política pública de cooperación en Galicia. Con todo, neste cuadrienio a relevancia política da cooperación para o desenvolvemento aumentou tanto polo proceso de implementación da Axenda 2030 e os ODS na Administración pública galega como polo proceso de elaboración e aprobación parlamentaria do anteproxecto de Lei reguladora da Acción Exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia. Este último proceso serviu para activar dinámicas de diálogo institucional que fomentan de vez o consenso e unha visión compartida da política pública galega de cooperación para alén dos aspectos simplemente administrativos, operativos ou institucionais.

En conclusión, no cuadrienio 2018-2021 **deuse continuidade aos procesos de coordinación coa Cooperación Española ampliando a participación da Xunta de Galicia nos mesmos en comparación coa execución do III Plan Director.** Ao tempo, **reforzouse a coordinación cos outros departamentos da Xunta de Galicia e aproveitáronse as oportunidades para o traballo conxunto derivadas da reforma da composición do CONGACODE e a creación dun grupo de traballo específico así como do proceso de implementación da Axenda 2030 e os ODS na Administración autonómica a través da Comisión Interdepartamental específica creada pola Xunta de Galicia.** Complementariamente, este proceso xunto coa actualización normativa da Cooperación Galega **reforzou o liderado inclusivo da DXRREE e UE a través de dinámicas facilitadoras do diálogo de políticas e xerando novas oportunidades de complementariedade e coordinación coas Entidades Locais nun marco de corresponsabilidade e contribución colectiva desde Galicia ao logro dos resultados de desenvolvemento definidos pola Axenda 2030 e os ODS.**

4.3.10. Xestión do coñecemento e das aprendizaxes institucionais

O IV Plan Director alentou pola posta en valor dos procesos de xestión do coñecemento e das aprendizaxes institucionais derivadas dos estudos e avaliacións financiadas pola Cooperación Galega. Desde o anterior Plan Director, a DXRREE e UE apostou por unha racionalización e

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E RELACIÓNS

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

simplificación do marco estratéxico da Cooperación Galega a través da implementación dunha lóxica estratéxica e de desempeño baseada no modelo de xestión orientado a resultados de desenvolvemento. Este modelo de xestión centra os seus esforzos na consecución daqueles resultados de xestión que entran dentro da esfera de influenza e das capacidades e dos actores comprometidos corresponsablemente no seu logro. De vez, este modelo salienta a necesidade de que a toma de decisións estratéxicas e operativas se realice con base en información de calidade e relevante que achegue datos, feitos e evidencias.

Por este motivo, no IV Plan Director estableceuse a continuidade do proceso de mellora da calidade dos instrumentos de seguimento e avaliación a través dun investimento de recursos financeiros suficientes neste eido da xestión do coñecemento. Ao mesmo tempo, promoveuse a aprendizaxe organizativa do conxunto de axentes e actores da Cooperación Galega a través da apertura de espazos para o intercambio de coñecementos, boas prácticas e da sistematización de resultados. Xa que logo, **a DXRREE e UE debe asignar recursos suficientes para dar continuidade ao impulso de prácticas de avaliación de calidade en todas as actividades da Cooperación Galega así como a promoción activa da investigación sobre desenvolvemento e sobre o sistema galego de cooperación.**

Para o reforzamento **da xestión do coñecemento e das aprendizaxes institucionais da Cooperación Galega**, no cuadrienio 2018-2021 desenvolveuse o seguinte conxunto de actuacións:

a) A realización, publicación e difusión de cadanseus informes anuais de xestión da Cooperación Galega. Téñense publicado as memorias 2018, 2019 e 2020 adecuando a organización da información á estrutura e lóxica do IV Plan Director.

b) A realización de cadansúa avaliación externa ex-post das intervencións en 3 países prioritarios. No cuadrienio 2018-2021 desenvolvéronse as devanditas avaliacións sobre as intervencións financiadas entre 2010 e 2017 pola Cooperación Galega en Mozambique; en Honduras e O Salvador e Guatemala.

c) Realizouse unha avaliación externa ex-post do programa de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional desde o seu inicio en 2002.

d) Durante o ano 2019 realizouse una avaliación externa de 10 intervencións no eido da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global no período 2010-2017. Estas intervencións foron seleccionadas pola súa relevancia e impacto co obxectivo de coñecer as debilidades e fortalezas da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global en Galicia. Estas intervencións foron lideradas por 13 axentes de cooperación e financiadas a través de 56 axudas obtidas a través de convocatorias públicas ou convenios de colaboración. Os resultados foron difundidos publicamente na segunda metade de 2020 e as melloras propostas foron implementadas.

e) Resolveuse en 2019 e 2021 cadansúa convocatoria de investigación sobre cooperación ao desenvolvemento dirixida a investigadores/as e grupos de investigación das Universidades integradas no Sistema Universitario Galego. Financiáronse 10 proxectos por un importe total de 296.992 €.

f) Financiouse a realización de 56 avaliacións externas dos proxectos financiados a través das convocatorias e convenios de proxectos no exterior e educación para o desenvolvemento e cidadanía global.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTE

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

g) Encargouse a realización dun estudo diagnóstico sobre ODS de ámbito social como parte da coordinación pola DXREE e UE do Grupo de Traballo específico no ámbito social que forma parte da Comisión interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia.

h) Realizouse un estudo sobre a inclusión dun título de Cooperación para o Desenvolvemento no anteproxecto de Lei reguladora da Acción Exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia. Este estudo deu lugar ao narrativo e articulado do Título VIII do devandito anteproxecto que posteriormente foi aprobado no Parlamento de Galicia e entrou en vigor en abril de 2021.

i) Financiouse un estudo sobre a cooperación municipalista en Galicia entre 2010 e 2018 que foi codirixido polo Fondo Galego e mais a CGONGD e cofinanciado con cargo aos seus convenios anuais.

No cuadrienio 2018-2021 avanzouse na configuración dunha **cultura de avaliación e aprendizaxe organizativa** que retroalimentou os coñecementos, prácticas e o intercambio de experiencias e aprendizaxes entre os axentes de cooperación. Ao tempo, semella que **o investimento realizado pola DXRREE e UE neste eido segue sen garantir a realización de avaliacións cun maior alcance ao estaren limitadas polas dispoñibilidades orzamentarias, cuestión que pode afectar á calidade das mesmas**. Ao tempo, cómpre avanzar no fortalecemento da capacidade institucional para a aprendizaxe organizativa e a xestión do coñecemento de tal xeito que se reforce transversalmente a cultura de avaliación en todos os niveis dos axentes galegos de cooperación. Con todo, ficou pendente a elaboración no cuadrienio 2020-2021 dun documento marco de avaliación da Cooperación Galega pode actuar como catalizador deste fortalecemento e facilitar un espazo para a reflexión en común sobre a actividade avaliadora da Cooperación Galega.

Por outra banda, durante o anterior Plan Director existiu consenso entre os axentes de cooperación respecto das dificultades para xerar espazos e tempos para a reflexión colectiva que faciliten os intercambios de experiencias e as aprendizaxes organizativas con base nos exercicios de avaliación. Ao tempo, detectouse unha asimetría entre as entidades que presentan unha traxectoria organizativa consolidada en avaliación e as organizacións que as contemplan como exercicios de fiscalización externa. Esta asimetría tamén se reflectiu entre a experiencia e tradición más consolidada de avaliación no eido da cooperación para o desenvolvemento e o carácter máis novidoso daquela, e agora máis estandarizado, da avaliación en educación para o desenvolvemento. Para facilitar o intercambio de experiencias e as aprendizaxes organizativas, no cuadrienio 2018-2021 celebráronse en 2018 dous encontros de socialización, presentación de resultados e rendición de contas. O primeiro no marco da presentación das novidades das convocatorias de axudas 2018 e o segundo para a presentación de resultados e rendición de contas da avaliación ex-post dos proxectos da Cooperación Galega en Mozambique entre 2010 e 2017. En 2019 celebrouse un novo encontro para a presentación de resultados e rendición de contas da avaliación ex-post da dos proxectos da Cooperación Galega en Honduras e O Salvador entre 2010 e 2017. A pandemia da COVID-19 impediron a continuidade destes encontros presenciais.

En conclusión, no cuadrienio 2018-2021 **deuse continuidade ao proceso de posta en valor dos procesos de xestión do coñecemento e das aprendizaxes institucionais derivadas dos estudos e avaliacións financiadas pola Cooperación Galega.** Neste senso, **os instrumentos, espazos e rutinas desenvolvidas teñen reforzado a consolidación dunha cultura de avaliación e aprendizaxe organizativa entre os axentes de cooperación poñendo os coñecementos xerados, as prácticas**

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

avaliadas e as dinámicas xeradas de intercambio de experiencias e aprendizaxes ao servizo da consecución de resultados de desenvolvemento no marco da Axenda 2030 e os ODS.

4.3.11. Rendición de contas e transparencia

O IV Plan Director estableceu como liña de acción a **mellora da difusión á cidadanía dos logros colectivos da Cooperación Galega** a través de accións de comunicación máis estratéxicas e integrais co fin de facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación e promover o apoio da cidadanía á política pública de cooperación para o desenvolvemento.

Toda a información relativa ás actividades de cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia atópase dispoñible e accesible na páxina web da Cooperación Galega (www.cooperacion.xunta.gal) de xeito que tanto os axentes de cooperación como a cidadanía poden exercer o seu dereito á información cun acceso libre e sen restricións. Ao tempo, na sección de planificación e rendición de contas pódese acceder a toda a información relativa aos Plans Anuais, informes anuais de xestión e avaliacións das actividades da Cooperación Galega. No cuadrienio 2018-2021 editáronse e divulgáronse as seguintes publicacións: Informes 2017, 2018, 2019 e 2020 da Cooperación Galega, Informe 2018 da Cooperación Galega, e o IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021) en edición bilingüe. Con todo, co fin de visibilizar de forma clara a achega específica da Cooperación Galega á consecución dos ODS, os informes anuais de xestión deberían de engadir unha nova sección na que se vinculen os desembolsos de AOD a cada un dos 17 ODS.

En relación á transparencia e rendición de contas, o conxunto de axentes de cooperación participantes no cuestionario valoraron como boa (56 %) ou moi boa (19 %) a transparencia e rendición de contas da DXRREE e UE, conseguindo unha valoración moi positiva os instrumentos de rendición de contas: a páxina web (56 % ben e 26 % moi ben), informes anuais de xestión (67 % ben e 18 % moi ben), o Informe intermedio de seguimento do IV Plan Director (61 % ben e 14 % moi ben) e as avaliacións de proxectos, convocatorias e intervencións (58 % ben e 9 % moi ben). Pola contra, as novas publicadas en medios de comunicación sobre a Cooperación Galega son valoradas como mal por un 16 %, regular por un 25 % e ben e moi ben por un 35 % e un 8 %, respectivamente.

Con todo, como aconteceu durante o III Plan Director, resultaría necesario valorar a posibilidade de deseñar unha acción de comunicación pública máis proactiva e sistémica que poña de manifesto máis intensamente e faga máis visibles os logros colectivos que a sociedade galega está a conseguir na consecución da Axenda 2030 e dos ODS nos países socios da Cooperación Galega.

En conclusión, no cuadrienio 2018-2021 garantiuse a **rendición de contas e transparencia da Cooperación Galega facilitando o acceso da cidadanía a toda a información relativa ás actividades de cooperación para o desenvolvemento.**

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

4.4. Pertinencia

Neste apartado responderemos á dobre cuestión de se **está a ser útil o sistema de indicadores predefinido no IV Plan Director, e se están a ser apropiados e suficientes os métodos de colleita e análise de datos para o seguimento do IV Plan Director?**

A matriz de resultados do IV Plan Director construíuse sobre a experiencia na execución do III Plan Director da Cooperación Galega. Este IV Plan Director baseouse, outra volta, na xestión orientada a resultados de desenvolvemento definíndose un marco de resultados e indicadores coherentes co alcance e dimensións da Cooperación Galega. Transcorridos dous anos de xestión do IV Plan Director téñense detectado dous indicadores que cómpre revisar. No primeiro caso para ampliar o seu alcance e, en segundo lugar, para modificar o produto que ten que ser tomado como referencia para a súa medida. En primeiro lugar, como xa indicamos no apartado 4.2. o anterior III Plan Director da Cooperación Galega **prevía unha liña de acción vinculada á "actualización normativa** da Cooperación Galega" **(LA.1.1) e que incluía o proceso de elaboración dunha nova Lei galega de** Cooperación para o Desenvolvemento. A falta de consenso social e político sobre a política pública galega de cooperación motivou que a Xunta de Galicia desestimase a oportunidade de iniciar o devandito proceso de actualización da vixente Lei de cooperación para o desenvolvemento do ano 2003. Con todo, durante o cuadrienio 2014-2017 aprobouse o Decreto 29/2017 de cooperación para o desenvolvemento. En 2019 a Xunta de Galicia desenvolveu o proceso para a remisión ao Parlamento de Galicia dun anteproxecto de Lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia. A DXRREE e UE asumiu a dirección dos traballos técnicos relativos ao Título VIII dedicado á cooperación para o desenvolvemento. Este anteproxecto foi sometido a exposición pública entre xullo e setembro de 2019 sendo integradas no seu articulado alegacións realizadas polos axentes de cooperación. O 30 de xaneiro de 2020 o anteproxecto de Lei foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia e remitido ao Parlamento de Galicia para a súa tramitación. A convocatoria anticipada de eleccións e disolución do Parlamento de Galicia do día 10 de febreiro de 2020 finalizou a tramitación parlamentaria deste proxecto de lei. Tras o inicio da XI Lexislatura, o Consello da Xunta de Galicia remitiu ao Parlamento de Galicia outra volta o anteproxecto de Lei sendo aprobada no pleno celebrado o 23 de febreiro de 2023. Esta nova Lei contou cos votos a favor do PPdeG, a abstención do BNG e os votos en contra do PSdeG. Xa que logo, durante a vixencia do IV Plan Director desenvolveuse un proceso aberto de elaboración do Título VIII da nova Lei na que participaron os principais axentes da Cooperación Galega.

En segundo lugar, en relación ao indicador 4.1.1. "Número de reunións da Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento, do Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030 e dos encontros de comunidades autónomas e cooperación nos que participa a Xunta de Galicia" durante a execución do IV Plan Director o Goberno de España modificou por dúas veces a estrutura da gobernanza para a Axenda 2030 en abril de 2019 e en abril de 2020. A raíz da primeira reforma, as Comunidades Autónomas deixaron de formar parte do Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030 e pasan a integrarse na Comisión Nacional para a Axenda 2030. Deste xeito, no informe intermedio de seguimento, o indicador de resultado e o produto asociado referenciouse para o seu seguimento ás xuntanzas da devandita Comisión Nacional ao decaer a participación das Comunidades Autónomas no Grupo de Alto Nivel. En abril de 2020, a Comisión Nacional foi substituída pola Conferencia Sectorial para la Agenda 2030. En representación da Xunta de Galicia participa a Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda xa que tamén preside a Comisión interdepartamental de seguimento

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

da Axenda 2030 en Galicia. Xa que logo, o indicador asociado a este produto vinculouse ás reunións da Conferencia Sectorial para la Agenda 2030 e órganos predecesores.

En terceiro lugar, **o incumprimento de indicadores ou na entrega de produtos está vinculado tanto á cuestión de que non constitúen actividades, procesos ou produtos que dependan directamente da DXRREE e UE ou a un exceso de concreción na definición do indicador, como o I.5.4.1. Para evitalo, deberíanse homoxeneizar os indicadores para que estes abrangan procesos e non a entrega de produtos.** Por outra banda, cando os produtos non sexan entregables ou teña variado o contexto e circunstancias que motivaron a súa demanda deberase procurar vías alternativas para a súa satisfacción.

En relación á cuestión de se os métodos de colleita e análise de datos para o seguimento do IV Plan Director están a ser apropiados e suficientes, salientamos como a DXRREE e UE ten dedicado desde 2010 esforzos e recursos institucionais á normalización dos procesos de recollida de información e depuración dos datos previamente ao seu envío ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación para a súa integración nos informes anuais de seguimento da AOD Española. Neste senso o sistema de seguimento do IV Plan Director achegou unha información veraz, confiable e robusta que permite analizar todos e cada un dos indicadores do marco de resultados do Plan Director. De feito, os informes anuais de xestión da Cooperación Galega están organizados de tal xeito que achegan datos suficientes para analizar o grao de cumprimento anual do seu marco de resultados.

En conclusión, o **sistema de indicadores predefinido no IV Plan Director foi útil para a análise e seguimento activo do seu grao de execución. Neste senso, os métodos de colleita e análise de datos para o este seguimento foron apropiados e suficientes tal e como se reflicte nos informes anuais de xestión da Cooperación Galega.**

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

4.5. Satisfacción

Este apartado responde á cuestión de se o IV Plan Director satisfixo as expectativas dos axentes e actores da cooperación galega.

En primeiro lugar, analizaremos a satisfacción dos axentes de cooperación cos procesos participativos desenvolvidos durante a vixencia do IV Plan Director. En relación ao proceso de formulación do Título VIII de cooperación para o desenvolvemento da Lei 10/2021 reguladora da acción exterior e a cooperación para o desenvolvemento de Galicia, un 79 % dos axentes de cooperación participantes nesta avaliación amosan unha satisfacción alta ou moi alta. Esta satisfacción baixa ao 66 % no caso do proceso participativo de elaboración da *Estratexia de resposta da COVID-19 da Cooperación Galega.* Esta porcentaxe menor explícase pola decisión de limitar o proceso participativo aos axentes de cooperación con proxectos activos financiados pola Cooperación Galega e afectados na súa execución pola pandemia da COVID-19.

Gráfico 8: Satisfacción dos axentes de cooperación co IV Plan Director da Cooperación Galega, 2022.



En segundo lugar, en relación á satisfacción xeral dos axentes de cooperación respecto do IV Plan Director, o 65 % dos axentes de cooperación amosa unha satisfacción alta e moi alta co mesmo, mentres que un 23 % declara unha satisfacción baixa. Pola contra, o anterior Plan Director unicamente acadara unha satisfacción alta e moi alta do 52 %. Se analizamos os diferentes aspectos do Plan Director, un 61 % afirma unha satisfacción baixa ou moi baixa coa súa dotación orzamentaria, mentres que un 73 % amosa unha satisfacción alta e moi alta coa súa orientación estratéxica sectorial e un 65 % coa orientación xeográfica. Ao tempo, un 55 % tamén declara unha satisfacción alta ou moi alta coa súa facilidade de uso e utilidade na formulación de proxectos e o 62 % recoñécese satisfeito co seu marco de resultados e indicadores. Ademais, un 64 % está satisfeito coa calidade dos procesos participativos e un 73 % coa accesibilidade e facilidades de comunicación e diálogo coa DXRREE e UE.

Por último, a pandemia da COVID-19 afectou ao conxunto de axentes de cooperación e aos seus socios de desenvolvemento así como ao ciclo de xestión do proxecto. Durante a primeira fase de desescalada do confinamento desenvolveuse o proceso de elaboración do informe de seguimento do IV Plan Director no bienio 2018-2019. Este informe incluíu entre as súas recomendacións a

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

definición dunha estratexia complementaria ao IV Plan Director en diálogo cos axentes de cooperación co fin de facer fronte ao impacto negativo da pandemia da COVID-19 e da crise sanitaria, social e económica en Galicia e nos países e nas comunidades socias. Por este motivo, preguntouse aos axentes de cooperación sobre a súa satisfacción en relación á resposta da Cooperación Galega fronte á COVID-19.

Gráfico 9: Satisfacción dos axentes de cooperación coa resposta da Cooperación Galega á pandemia da COVID-19, 2022.



Un 56 % amosa unha satisfacción alta e moi alta coa elaboración da *Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega*, unha satisfacción que medra até o 69 % en relación ás facilidades de comunicación e interlocución coa DXRREE e UE. A adaptación das convocatorias de proxectos á situación de pandemia acada un 64 % de satisfacción alta e moi alta mentres que a adaptación dos prazos e procesos de execución e xustificación dos proxectos obtén un 57 % de satisfacción alta e moi alta.

En conclusión, **o IV Plan Director logrou satisfacer as expectativas dos axentes de cooperación mellorando a satisfacción en 13 puntos porcentuais con respecto do anterior Plan Director**. Con todo, a dotación orzamentaria segue a constituír o principal punto de fractura con respecto da satisfacción global dos axentes de cooperación. Por outra banda, **a capacidade de resposta da Cooperación Galega á pandemia da COVID-19 foi valorada moi positivamente** por canto a elaboración participativa da *Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega* facilitou procesos de adaptación aos impactos negativos da pandemia sobre a capacidade institucional dos axentes de cooperación e os procesos de xestión do ciclo do proxecto. Por último, **as facilidades de comunicación, interlocución e diálogo coa DXRREE e UE constitúen unha das fortalezas do centro directivo da política pública de cooperación para o desenvolvemento da Xunta de Galicia**.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

5. Conclusións

1. **A pandemia da COVID-19 representou un desafío colectivo para a Cooperación Galega**, os axentes galegos de cooperación e os seus socios de desenvolvemento. As consecuencias negativas da pandemia nos países e comunidades parceiras afectaron ás intervencións en execución demandando unha adaptación da estratexia e operativa da Cooperación Galega á nova situación de pandemia global. Entre novembro de 2020 e xaneiro de 2021 desenvolveuse o proceso participativo de elaboración da *Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega*, complementaria do IV Plan Director, e que permitiu a adaptación flexible do marco estratéxico e operativo e que manterá a súa vixencia mentres continúen os efectos adversos da pandemia nas comunidades e países socios.
2. **En 2021 culminouse o proceso de actualización normativa da Cooperación Galega** iniciado en 2019 a través do proceso de elaboración da vixente Lei 10/2021 reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. A DXRREE e UE promoveu a participación activa dos axentes galegos de cooperación na definición do articulado que integra o Título VIII dedicado en exclusiva a cooperación para o desenvolvemento. Este novo marco normativo adaptouse á axenda global de desenvolvemento con base na experiencia e maduración do sistema galego de cooperación favorecendo, de vez, un marco regulador máis flexible do financiamento público das actuacións de cooperación dos axentes galegos de cooperación.
3. Durante o cuadrienio 2018-2021 tense **recuperado o consenso social e político sobre a política pública de cooperación** da Xunta de Galicia nun proceso favorecido pola recuperación orzamentaria da AOD autonómica, polo proceso de actualización normativa da Cooperación Galega e pola elaboración participativa da *Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega.* Ao tempo, mantívose unha interlocución activa cos principais axentes galegos de cooperación por parte da Vicepresidencia segunda da Xunta de Galicia como por parte da DXRREE e UE e a SXCE, integrándose o diálogo directo cos parceiros de desenvolvemento dos axentes nas comunidades socias.
4. O IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021) contou cun **deseño coherente e adecuado á dimensión institucional e financeira da Cooperación Galega** permitindo a asignación eficiente dos recursos orzamentarios dispoñibles e xerando **efectos positivos correctores sobre o conxunto de retos e desafíos da Cooperación Galega** identificados no diagnóstico da avaliación final externa e participativa do anterior Plan Director. A flexibilidade e adaptabilidade do seu deseño e marco de resultados amosouse durante o proceso participativo de elaboración da *Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega.*
5. Malia o contexto de incerteza fiscal provocado pola COVID-19, a Xunta de Galicia cumpriu co **incremento anual de recursos do programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento establecido no marco orzamentario do IV Plan Director** cun crecemento promedio do 15 % entre 2018 e 2021. Con respecto do ano 2017, o orzamento desembolsado en cooperación para o desenvolvemento medrou un 63 % durante este ciclo de xestión da Cooperación Galega. De vez, a Cooperación Galega caracterizouse pola súa **solvencia financeira e pola plena execución orzamentaria** que acada o 103 % no cuadrienio 2018-2021 por mor da achega extraordinaria pola Secretaria Xeral de Igualdade dun millón de euros de fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero,.
6. A **previsibilidade da axuda da Cooperación Galega mellorou** no cuadrienio 2018-2021 por canto se garantiu o cumprimento do marco orzamentario establecido no IV Plan Director. **Entre 2018**

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

e 2021, a Xunta de Galicia investiu en cooperación ao desenvolvemento un total de 27.150.921 €, dos cales un 95% (25.868.591 €) foi xestionado pola DXRREE e UE dentro da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e o restante 5% (1.282.330€) por outros departamentos da Xunta de Galicia. Con todo o **esforzo investidor** situouse de promedio no 0,06 % do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia.

7. A Cooperación Galega consolidou o seu **posicionamento intermedio na cooperación descentralizada autonómica** tanto en relación ao volume de fondos desembolsados como ao esforzo investidor en AOD. No conxunto da AOD autonómica, en 2020 figuraba no 7º posto por volume de fondos desembolsados mentres que en relación ao esforzo investidor ocupaba a 12ª posición.
8. **O IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021) foi executado de forma eficiente e eficaz** pola Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE acadándose a finais de 2021 a **execución satisfactoria de 28 dos 32 indicadores** definidos no seu marco de resultados.
9. A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE exerceu un **liderado proactivo do sistema galego de cooperación cunha visión de coherencia de políticas** a través da dinamización conxunta do proceso de implantación da Axenda 2030 e dos ODS na Administración pública galega.
10. O aumento do esforzo investidor e do volume de AOD desembolsada permitiu realizar a **convocatoria e resolución plena do conxunto de convocatorias previstas** no IV Plan Director así como a formalización dos convenios establecidos nos correspondentes Plans Anuais. En concreto, a axuda desembolsable da DXRREE e UE a través de convocatorias e convenios distribuíuse nun **80 % a través de convocatorias e un 20 % a través de convenios.**
11. No cuadrienio 2018-2021 impulsouse unha **corrección significativa da fragmentación da axuda,** especialmente no eido da cooperación, de tal xeito que se fomentaron intervencións con maior alcance e impacto vinculados á xeración de resultados de desenvolvemento no marco dos ODS.
12. A Cooperación Galega deu continuidade aos procesos de **concentración e selectividade xeográfica cun 93 % da súa axuda en cooperación investida nos 11 países prioritarios** definidos no IV Plan Director. No exterior a DXRREE e UE destinou un 82 % dos seus desembolsos en países de renda media e un 17 % en Países Menos Adiantados, sendo América Latina o destino preferente da AOD no exterior cun 74 % dos desembolsos e África Subsahariana cun 17 %. Tamén se deu continuidade á atención preferente polos países PALOP, como Guinea Bissau, Cabo Verde e Mozambique.
13. A Cooperación Galega mantivo a súa tendencia positiva cara á **selectividade sectorial** da súa axuda **cumprindo coa distribución prevista dos recursos desembolsables nos 5 ámbitos estratéxicos** establecidos polo IV Plan Director cunha atención significativa aos ODS relativos ás persoas e á prosperidade compartida. Durante o bienio 2020-2021, por mor da pandemia da COVID-19, a Cooperación Galega reorientou os seus desembolsos sectoriais cun crecemento significativo nos sectores de saúde, goberno e sociedade civil e proxectos multisectoriais de desenvolvemento rural.
14. A Cooperación Galega promoveu a **construción de resiliencia e o fortalecemento da capacidade dos axentes de cooperación** a través do financiamento de proxectos de fortalecemento institucional e de organizacións da sociedade civil e apoderamento de mulleres, de accións formativas e de capacitación, a sinatura dos convenios coa CGONGD, Fondo Galego e RGCUD, a

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

convocatoria das bolsas de formación de persoas expertas en cooperación, a canalización maioritaria dos recursos a través de convocatorias públicas e das ONGD e dando continuidade á posibilidade de contratar recursos humanos asociados aos proxectos até o 70% do custe total.

15. A Xunta de Galicia apostou polo modelo de actuación nos países prioritarios con base en **alianzas territoriais multiactor e multinivel nos sectores de especialización da Cooperación Galega** mediante o financiamento dunha intervención sectorial en apoio á pesca artesanal (ACUIPESCA-PERÚ) na Baía de Sechura, no Departamento de Piura (Perú). Ao tempo, iniciouse un traballo conxunto en Mozambique no eido da xestión de recursos hídricos e da acuicultura rural e pesca artesanal con Augas de Galicia, Fundación Universidade da Coruña, Enxeñería sen Fronteiras, CETMAR e Axuda en Acción.

16. Durante o cuadrienio 2018-2021 **reforzouse o proceso de participación e diálogo de políticas entre os axentes galegos de cooperación**. O proceso participativo de elaboración do anteproxecto da Lei reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia e da *Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega* así como a ampliación da composición do CONGACODE e a constitución dun grupo de traballo específico en educación para a cidadanía global teñen facilitado o reforzamento do carácter participativo e participado da Cooperación Galega.

17. No cuadrienio 2018-2021 deuse continuidade aos **procesos de coordinación** coa Cooperación Española ampliando a participación da Xunta de Galicia nos mesmos. Ao tempo, reforzouse a coordinación cos outros departamentos da Xunta de Galicia que realizaron achegas significativas, como a Secretaría Xeral de Igualdade ou Augas de Galicia, e aproveitáronse as oportunidades para o traballo conxunto coas Entidades Locais na localización da Axenda 2030 e nas alianzas coa Lusofonía, e co resto de axentes de cooperación nun marco de corresponsabilidade e contribución colectiva desde Galicia ao logro dos resultados de desenvolvemento definidos pola Axenda 2030 e os ODS.

18. A Cooperación Galega reforzou o **proceso de posta en valor dos procesos de xestión do coñecemento e das aprendizaxes institucionais** derivadas dos estudos e avaliacións financiadas pola DXRREE e UE. Os instrumentos desenvolvidos, os espazos de encontro para a presentación dos resultados das avaliacións promovidas pola Cooperación Galega, os procesos abertos de revisión e mellora das bases das convocatorias, e as rutinas desenvolvidas teñen apoiado a consolidación dunha cultura de avaliación e aprendizaxe organizativa entre os axentes de cooperación poñendo os coñecementos xerados, as prácticas avaliadas e as dinámicas xeradas de intercambio de experiencias e aprendizaxes ao servizo da consecución de resultados de desenvolvemento no marco da Axenda 2030 e os ODS.

19. A DXRREE e UE garantiu e promoveu a **rendición de contas e transparencia** da Cooperación Galega facilitando o acceso da cidadanía a toda a información relativa ás actividades de cooperación para o desenvolvemento especialmente a través da súa páxina web institucional.

20. O **sistema de indicadores** predefinido no IV Plan Director foi útil para a análise e seguimento activo do seu grao de execución. Os métodos de colleita e análise de datos da DXRREE e UE para o este seguimento foron apropiados e suficientes tal e como se reflectiu nos informes anuais de xestión da Cooperación Galega.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

6. Recomendacións

1. A pandemia da COVID-19 e a actual vixencia da *Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega* xunto co próximo remate do proceso de reforma da normativa e arquitectura da Cooperación Española confirman a **idoneidade de adiar o proceso participativo do vindeiro ciclo de planificación** co fin de cumprir co principio de máxima coordinación e o criterio de complementariedade coa cooperación estatal establecidos na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia

2. O vindeiro ciclo del planificación constitúe unha oportunidade para reforzar o diálogo de políticas e o carácter participativo e participado da política pública galega de cooperación a través da **constitución dun grupo de traballo específico no CONGACODE representativo da pluralidade dos axentes galegos de cooperación** que estableza as liñas mestras do vindeiro Plan Director, asesore o proceso e revise os seus resultados.

3. No vindeiro Plan Director deberase dar continuidade ás **liñas de actuación vinculadas á loita contra a COVID-19 e as súas consecuencias negativas** nas comunidades e países socios. Ao tempo deberase debater a posible **ampliación dos ámbitos estratéxicos da Cooperación Galega** a eidos como a loita contra o cambio climático e a promoción e defensa dos dereitos humanos. Ao tempo, tamén se deberá estudar a idoneidade de deseñar estratexias sectoriais en ámbitos de interese ou especialización da Cooperación Galega.

4. **A Xunta de Galicia deberá dar continuidade e impulsar os procesos de diálogo e concertación que reforcen o consenso político e social** verbo da política pública galega de cooperación e seguir exercendo un **liderado proactivo dos procesos favorecedores da coherencia de políticas** en coordinación co conxunto de axentes de cooperación no marco da Axenda 2030 e dos ODS.

5. **Asegurar o incremento anual orzamentario do programa 331A** de cooperación para o desenvolvemento e impulsar un aumento do esforzo investidor da Xunta de Galicia, dando continuidade e reforzando o compromiso orzamentario doutros departamentos. Ao tempo, **mellorar a previsibilidade da axuda galega** mediante a integración nos Plans Anuais das previsións de axuda dos outros departamentos da Xunta de Galicia.

6. **Reforzar o investimento exterior en África Subsahariana, nos PMA e nos países con IDH baixo ou en situación de fraxilidade** e identificar oportunidades para a constitución de **novas alianzas territoriais multiactor e multinivel** nos países prioritarios e ámbitos estratéxicos de especialización da Cooperación Galega. Ao tempo, debater cos axentes de cooperación a posible ampliación dos países prioritarios.

7. **Consolidar a redución da fragmentación da axuda** a través do progresivo incremento do promedio de financiamento por actuación, especialmente no eido da cooperación ao desenvolvemento, e valorar a **creación de instrumentos estables de financiamento de intervencións a medio e longo prazo** en cooperación e educación para a cidadanía global.

8. **Impulsar a actual coordinación e diálogo da Xunta de Galicia coas Entidades Locais** en Galicia promovendo as complementariedades e a harmonización estratéxica e operativa no marco da Axenda 2030 e os procesos de localización dos ODS, dando continuidade á reactivación da colaboración no eido da cooperación exterior.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

9. **Impulsar a construción de capacidade do sistema galego de cooperación** mediante o financiamento de actividades orientadas ao fortalecemento e capacitación dos axentes galegos de cooperación a través das súas entidades representativas e as Universidades públicas galegas. E seguir dinamizando e ampliando os actuais **procesos de xestión do coñecemento e de aprendizaxes institucionais** xerados polos estudos e avaliacións financiadas pola Cooperación Galega, reforzando o investimento en avaliacións de calidade.

10. **Incrementar a difusión pública á cidadanía dos resultados da Cooperación Galega** co obxectivo de mellorar a visibilidade dos logros colectivos na consecución da Axenda 2030 e dos ODS.

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Anexos

Anexo 1. Matriz de criterios de análise

Pregunta	Indicadores de avaliación
Criterio: eficacia-Logro de resultados	
R1. Lográronse adecuada e suficientemente os resultados de xestión do IV Plan Director?	I.R1.1. Grao de execución dos indicadores do marco de resultados do IV Plan Director.
R2. Que dificultades e atrancos impediron a consecución dos resultados do IV Plan Director?	I.R2.2. Problemas detectados na consecución dos resultados do IV Plan Director
Criterio: eficiencia	
E1. Foi eficiente a transformación dos recursos nos resultados de xestión do IV Plan Director?	I.E2.2. Grao en que os produtos previstos no IV Plan Director están a contribuír a acadar os resultados de mellora previstos.
Criterio: coherencia	
Ch1. Foron adecuadas as accións programadas para acadar os resultados de xestión e liñas de acción do IV Plan Director?	I.Ch1.1. Grao en que se están a minguar as debilidades e problemas detectados no diagnóstico que acompaña ao IV Plan Director. I.Ch.1.3. Grao de cumprimento das reformas previstas no IV Plan Director.
Criterio: pertinencia	
Pt1. Foi útil o sistema de indicadores predefinido no IV Plan Director?	1.Pt1.1. Grao de utilidade do sistema de indicadores para a xestión da axuda. 1.Pt1.2. Dificultades detectades para a medición dos indicadores.
Pt2. Foron apropiados e suficientes os métodos de colleita e análise de datos para o seguimento do IV Plan Director?	1.Pt2.1. Grao de corrección/validez dos métodos de colleita e análise de datos. 1.Pt.2. Erros detectados nos métodos de colleita e análise
Criterio: satisfacción	
S1. Satisfixo o IV Plan Director as expectativas dos axentes e actores da cooperación galega?	1.S1.1. Grao de satisfacción dos axentes e actores da Cooperación Galega

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Anexo 2. Matriz de documentación

Marco normativo da Cooperación Galega

- Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.
- Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento. Modificada pola disposición final terceira e disposición derrogatoria única da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía de calidade dos servizos públicos e da boa administración. (Derrogada)
- Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- Decreto 178/2015, do 26 de novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Marco instrumental da Cooperación Galega

- Orde do 23 de marzo de 2017, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e para a cidadanía global a executar polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.
- Orde do 26 de abril de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se convocan para o ano 2017.
- Orde do 15 de maio de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.
- Orde do 15 de maio de 2017, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de competencia competitiva, para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior e se procede a súa convocatoria para o ano 2017.
- Orde do 14 de xuño de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento, que executarán os grupos e centros de investigación das universidades galegas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.
- Orde do 18 de decembro de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e procédese á súa convocatoria.
- Orde do 28 de marzo de 2018, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior e se procede a súa convocatoria para o ano 2018.
- Orde do 11 de abril de 2018, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global a executar polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se procede á súa convocatoria.
- Orde do 24 de abril de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede a súa convocatoria para o ano 2018.
- Orde do 17 de decembro de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTE

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e procédese a súa convocatoria.

- Orde do 21 de xuño de 2019 pola que se modifica a distribución entre créditos orzamentarios da Orde do 17 de decembro de 2018.
- Orde do 2 de abril do 2019 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global que executarán as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, e se procede á súa convocatoria.
- Orde do 29 de abril de 2019, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior e se procede a súa convocatoria para o ano 2019.
- Orde do 6 de maio do 2019 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento no marco da Axenda 2030 a executar polos grupos e centros de investigación das Universidades galegas.
- Orde do 2 de xullo de 2020 pola que se modifica parcialmente a Orde do 14 de maio de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se convocan para o ano 2019.
- Orde do 14 de maio de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se convocan para o ano 2019.
- Orde do 23 de decembro de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria.
- Orde do 4 de xuño de 2020 pola que se modifica a distribución entre créditos orzamentarios da Orde do 23 de decembro de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, e se procede á súa convocatoria.
- Orde do 25 de maio de 2020 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior e se procede á súa convocatoria para o ano 2020.
- Orde do 22 de xuño de 2020 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global por parte das organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se procede á súa convocatoria.
- Orde do 20 de abril de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global que executarán as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, e se procede á súa convocatoria.
- Orde do 7 de maio de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento no marco da Axenda 2030, que van executar os grupos e centros de investigación das universidades galegas, e se procede á súa convocatoria.
- Orde do 24 de maio 2021 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021.
- Orde do 17 de xuño de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e procédese a súa convocatoria para o ano 2021.
- Orde do 18 de xuño de 2021 da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das bolsas de formación de

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se convocan para o ano 2021.
- Relación de convenios 2015, 2016, 2017, 2018, 2019, 2020 e 2021 celebrados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.

Marco estratéxico e operativo da Cooperación Galega

Plan Director

- IV Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2018-2021.

Plans Anuais

- Plan Anual da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2018.
- Plan Anual da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2019.
- Plan Anual da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2020.
- Plan Anual da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2021.

Informe anual de xestión

- Informe 2018 da Cooperación Galega para o Desenvolvemento.
- Informe 2019 da Cooperación Galega para o Desenvolvemento.
- Informe 2020 da Cooperación Galega para o Desenvolvemento.
- Informe 2021 da Cooperación Galega para o Desenvolvemento.

Estratexias sectoriais

- Estratexia de educación para o desenvolvemento da Cooperación Galega (2017-2021).
- Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega.

Avaliacións da Cooperación Galega

- Informe intermedio de seguimento do IV Plan Director da Cooperación Galega.
- Avaliación externa ex-post dos proxectos financiados pola Cooperación Galega en Perú no período 2009-2016.
- Avaliación externa ex-post dos proxectos financiados pola Cooperación Galega en Mozambique no período 2010-2017.
- Avaliación externa ex-post dos proxectos financiados pola Cooperación Galega no Salvador e Honduras no período 2010-2017.
- Avaliación externa ex post de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global subvencionados pola Cooperación Galega no período 2010-2017.
- Avaliación do programa de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento.

Outros estudos sobre a Cooperación Galega

- PROXECTOS (2007), *Diagnose estratéxica e participativa do comercio xusto en Galicia*.
- IESI (2010), *Rexistro de cooperantes galegos/as no exterior*.
- USC (2011), *Coñecemento e actitudes dos cidadáns galegos cara á Política de Cooperación e Axuda para o Desenvolvemento*.
- LÓPEZ FARIÑA, A. e TÁBOAS PAZOS, E. (2013), *Diagnóstico das intervencións de ED financiadas pola Xunta de Galicia no período 2010-2012.*
- ICSEM, (2016). *Análise de percepcións sobre o papel das empresas galegas no desenvolvemento dos países e comunidades socias.*
- SANTANDER CAMPOS, G. e PÉREZ PINEDA, J.A (2018). *La implantación de la Agenda 2030 de Desarrollo Sostenible en la Xunta de Galicia. Principales implicaciones y propuestas*

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Anexo 3. Metodoloxía

Para este exercicio de avaliación final a asistencia técnica empregou tres fontes distintas de información para a análise cuantitativa: a procedente do Sistema de Información da Axuda Oficial ao Desenvolvemento (info@OD) do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación; os datos da DXRREE e UE que se empregan como base dos informes anuais de xestión, e mais o buscador de proxectos da propia DXRREE e UE.

Como xa indicamos en anteriores exercicios de avaliación, a literatura académica e as investigacións verbo da cooperación autonómica acostuman salientar as debilidades das fontes de información pola súa escasa solvencia e rigor. Con todo, cómpre subliñar que a DXRREE e UE ten dedicado desde 2010 abundantes esforzos e recursos institucionais á normalización dos procesos de recollida de información e depuración dos datos previamente ao seu envío a info@OD para a súa integración nos informes anuais de seguimento da AOD española. Neste senso, a DXRREE e UE ten realizado unha achega activa á calidade da información e transparencia da AOD española.

A investigación cualitativa incluíu a realización de tres grupos focais e dunha enquisa de percepción enviada aos axentes galegos de cooperación. Os grupos focais celebráronse coa Coordinadora Galega de ONGD, o Fondo Galego e a Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento coa participación de oito persoas. O cuestionario en liña enviouse aos axentes de cooperación inscritos no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación. Ao remate do prazo de cumprimentación do cuestionario, obtivéronse 65 respostas. As respostas obtidas por natureza dos axentes foron: 32 de ONGD, 16 doutros axentes sociais, 6 de universidades, 6 de empresas, 2 de comités de axencias internacionais, 1 de entidades locais, 1 de un instituto de investigación e 1 de sindicatos.

Como ferramenta de recollida de información tense empregado un modelo de enquisa en liña enviada mediante correo electrónico. O cuestionario incluíu 23 preguntas agrupadas nas seguintes categorías:

1. Datos da persoa que resposta ao cuestionario.
2. Satisfacción coa Cooperación Galega.
3. Retos da Cooperación Galega.
4. Prioridades xeográficas e sectoriais.
5. Rendición de contas e transparencia da Cooperación Galega.
6. Suxestións para o V Plan Director.

Por último indicar que todas as figuras, táboas, cadros e gráficos son resultado da elaboración propia por parte do avaliador en base aos datos achegados pola DXRREE e UE. Nos casos en que non teñan sido de elaboración propia tense indicado a fonte.

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Anexo 4. Axentes de cooperación participantes na avaliación

ONGD
1. ACCEM
2. ADECOP Entidad colaboradora de Adopción Internacional
3. AGARESO, Asociación Galega de Reporteir*s Solidari*s
4. AIDA, Ayuda, Intercambio, Desarrollo.
5. Arquitectura sen Fronteiras.
6. Asemblea de Cooperación pola Paz
7. Asociación Galega de Axuda a Ucraína AGA-UCRAÍNA
8. Asociación Misioneros Seglares Vicencianos (MISEVI)
9. Axuda en Acción
10. Cooperación Internacional
11. Coordinadora Galega de ONGD
12. Cooperación Vicenciana por el Desarrollo Acción Misionera (COVIDE-AMVE)
13. EDUCO
14. Entreculturas
15. Enxeñería sen Fronteiras
16. Escuela Shantidi
17. FARMAMUNDI
18. Fundación Balms para la Infancia
19. Fundación de Religiosos para la Salud
20. Fundación Fabre
21. Fundación Mozambique Sur
22. Fundación Musol
23. Fundación Vicente Ferrer
24. Harambee
25. Juan Ciudad ONGD
26. Mans Unidas
27. Médicos Mundi
28. ONG Aire
29. ONG Mestura
30. Solidaridad, educación, desarrollo. SED.
31. Sustinea
32. Taller de Solidariedade
COMITÉS DE AXENCIAS INTERNACIONAIS
1. Comité Español da UNRWA
2. UNICEF Comité Galicia
OUTROS AXENTES SOCIAIS
1. AFALU. Asociación de Familias de Enfermos de Alzheimer de Lugo
2. AGADHEMO. Asociación Galega de Hemofilia
3. Asociación de Desenvolvemento Rural "Mariñas-Betanzos"
4. Asociación para el Desarrollo Educativo y Cultural
5. Acción Solidaria de Galicia, ASDEGAL.
6. Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela
7. Cruz Vermella
8. Down Galicia
9. Federación Escuelas Familiares Agrarias de Galicia
10. Fundación Amigos de Galicia
11. Fundación Galicia Innova
12. Fundación Galega de Iniciativas Culturais e Sociais Montecelo
13. Fundación Mujeres

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE EMPREGO, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

14. ONGD Senvalos
15. Radio ECCA Fundación Canaria
16. Social Ciclismo Fan Manager
UNIVERSIDADES
1. Universidade de A Coruña
2. Universidade de Santiago de Compostela
3. Universidade de Vigo
4. Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento (RGCUD)
INSTITUTOS DE INVESTIGACIÓN
1. Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI)
EMPRESAS E ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS
1. Análisis y Desarrollo Social Consultores
2. Creatividad y Tecnología
3. Devalar. Consultoría Europea
4. iCarto. Innovación, Cooperación, Cartografía y Territorio
5. Qualitynova Consultores
6. Sixstema Proyectos de Información
ENTIDADES LOCAIS
1. Fondo Galego
SINDICATOS
1. CIG, Confederación Intersindical Galega

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Anexo 5. Presentación do avaliador

Xosé Luís Pastoriza Rozas (Vigo, 1977). Doutor en Filosofía e Máster en Desenvolvemento Local pola Universidade de Santiago de Compostela. MSc NGOs and Development pola London School of Economics & Political Science. Profesor no Departamento de Filosofía e Antropoloxía da USC. Traballou como técnico de proxectos na Coordinadora Galega de ONGD e como técnico de educación para o desenvolvemento na Fundación Entreculturas. A pedimento da DXRREE e UE foi o responsable da coordinación da avaliación intermedia do II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (2010-2013), canda a Laura Doval Lodeiro, e responsable da súa avaliación final, así como da dinamización do procesos de planificación estratéxica que deron lugar ao III Plan Director da Cooperación Galega (2014-2017) e ao IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021). Dinamizou o proceso participativo de elaboración da *Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega* en 2021 e participou na comisión redactora do Título VIII de cooperación para o desenvolvemento do Anteproxecto de Lei reguladora da Acción Exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia. Así mesmo, facilitou o proceso de planificación estratéxica da Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña (2013-2016) e do I Plan Estratéxico (2021-2030) da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento (RGCUD). Entre as súas publicacións no eido da cooperación destacan *Eficacia da axuda e sociedade civil* (CGONGD, 2011), dous estudos sectoriais sobre a Axuda Oficial ao Desenvolvemento en Galicia -*AOD en educación en Galicia. Un análisis de la cooperación gallega 2006-2010* (CME, 2012); *La educación cambia la vida. La ayuda al desarrollo en educación de la Xunta de Galicia 2010-2013* (CME, 2014)- así como unha investigación sobre a cooperación ao desenvolvemento en educación en Andalucía *(División del trabajo y coordinación en la cooperación andaluza. La educación en el período 2006-2010).* En 2021 o Fondo Galego e a Coordinadora Galega publicaron a súa monografía *O poder solidario do local. A cooperación municipalista para o desenvolvemento en Galicia.* Entre os seus artigos ten publicado xunto con Carlos Teijo na *Revista Tiempo de Paz* ("Crisis en la cooperación descentralizada española: ¿oportunidad o negra sombra?", n. 105, 2012*), e* na *Revista Galego de Ensino* ("Contra a indiferenza: teoría e praxe da educación para o desenvolvemento en Galicia", n. 58, 2014). Por outra banda, colaborou coa Coordinadora Galega de ONGD a través da realización de documentos de traballo (*Unha cooperación cativa para os máis pobres. Análise do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2012; Bandeiras, pastillas e océanos azuis. A Cooperación Galega de cara ás eleccións ao Parlamento de Galicia de outubro de 2012; Unha cooperación ao desenvolvemento de cero absoluto (-273,15º). Análise do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2013).* Editou as actas das I Xornadas Galegas de Educación para o Desenvolvemento (outubro 2012) publicadas baixo o título *Educar para a cidadanía global: experiencias, ferramentas e discursos para o cambio social* (Fundación Isla Couto, 2014). É socio da Rede Española de Estudios de Desenvolvemento (REEDES).

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Anexo 6. Índice de figuras, cadros, táboas e gráficos

Figuras
Figura 1: Esquema da planificación estratéxica do IV Plan Director da Cooperación Galega 31
Figura 2: Lóxica do IV Plan Director da Cooperación Galega 36
Cadros
Cadro 1: Opcións metodolóxicas da avaliación 27
Cadro 2: Axentes participantes nos diferentes instrumentos 27
Cadro 3: Principios da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 31
Cadro 4: Comparativa de países prioritarios da Cooperación Galega e prioridades xeográficas e marco de programación da Cooperación Española 64
Cadro 5: Relación dos ámbitos estratéxicos do IV Plan Director e os ODS 66
Táboas
Táboa 1: Procesos de mellora e produtos do IV Plan Director da Cooperación Galega, 2018-2021 40
Táboa 2: Distribución do orzamento inicial e executado da DXRREE e UE (Cooperación Exterior), 2018-2021 44
Táboa 3: Distribución agregada do gasto por tipo de actividade e instrumento da DXRREE e UE (Cooperación Exterior), 2018-2021 45
Táboa 4: Evolución do programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento, 2017-2021 49
Táboa 5: Esforzo investidor en AOD da Xunta de Galicia, 2018-2021 50
Táboa 6: Esforzo investidor das Comunidades Autónomas, 2020 51
Táboa 7: Participación da AOD das Comunidades Autónomas e da Xunta de Galicia na AOD desembolsada neta española, 2010-2020 52
Táboa 8: AOD das Comunidades Autónomas por volume desembolsado, variación anual e posición relativa anual, 2018-2020 52
Táboa 9: Cálculo da porcentaxe de AOD da Xunta de Galicia respecto do orzamento total consolidado en 2021 52
Táboa 10: Hipóteses de crecemento anual do programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia, 2023-2026 (euros) 53
Táboa 11: Instrumentos de canalización da AOD da DXRREE e coa UE, 2018-2021 54
Táboa 12: Proxectos aprobados sen financiar por esgotamento do crédito orzamentario, 2018-2021 55
Táboa 13: Convocatorias públicas de axudas da DXRREE e UE, 2018-2021 56
Táboa 14: Promedio de desembolso anual por convocatorias da DXRREE e UE, 2006-2021 59
Táboa 15: Países receptores da AOD da DXRREE e UE por área xeográfica, nivel de renda, volume de recursos desembolsados en cooperación e acción humanitaria, porcentaxe sobre o total de AOD no exterior, 2018-2021 61
Táboa 16: Comparativa dos países e colectivos prioritarios do II, III e IV Plan Director da Cooperación Galega receptores de fondos da DXRREE e UE por volume de recursos desembolsados e porcentaxe sobre o total de AOD en cooperación 62
Táboa 17: Ránking de países receptores da AOD da DXRREE e UE en cooperación no exterior por nivel de renda, número de proxectos, volume de recursos desembolsados e porcentaxe sobre o total de AOD en cooperación, 2018-2021 62
Táboa 18: Distribución da AOD da DXRREE e UE en cooperación exterior por nivel de ingreso por volume de fondos e porcentaxe, 2018-2021 63
Táboa 19: Distribución da AOD da DXRREE e UE no exterior por área rexional, 2018-2021 63
Táboa 20: Ránking de países receptores da AOD da DXRREE e UE en acción humanitaria por nivel de renda, número de proxectos, volume de recursos desembolsados e porcentaxe sobre o total de AOD en acción humanitaria, 2018-2021 63
Táboa 21: Distribución por ámbitos estratéxicos da AOD da DXRREE e UE por volume de fondos e porcentaxe, 2018-2021 65
Táboa 22: Distribución sectorial da AOD da Xunta de Galicia por sectores CAD e peso relativo, 2018-2021 (euros) 66
Táboa 23: Distribución da AOD bruta distribuíble sectorialmente da DXRREE e UE cara á cobertura de servizos sociais básicos por volume de fondos e porcentaxe, 2018-2021 67
Táboa 24: Axentes canalizadores da AOD desembolsada da DXRREE e UE, 2018-2021 69
Gráficos
Gráfico 1: Grao de execución en porcentaxe dos indicadores do IV Plan Director da Cooperación Galega, 2018-2021 37
Gráfico 2: Grao de execución en porcentaxe dos produtos do IV Plan Director da Cooperación Galega, 2018-2021 37
Gráfico 3: Grao de execución en porcentaxe dos resultados de xestión do IV Plan Director da Cooperación Galega, 2018-2021 38
Gráfico 4: Grao de alcance dos resultados de xestión do IV Plan Director da Cooperación Galega, 2018-2021 38
Gráfico 5: Grao de corrección dos retos da Cooperación Galega, 2018-2021 47
Gráfico 6: Evolución da AOD neta española, AOD da Administración Xeral do Estado e AOD das Comunidades Autónomas por volume de fondos, 2008-2021 (millóns de euros) 50
Gráfico 7: Evolución dos créditos previstos e desembolsos concedidos a través de convocatorias públicas dos axentes de cooperación, 2014-2021 55
Gráfico 8: Satisfacción dos axentes de cooperación co IV Plan Director da Cooperación Galega, 2022 84
Gráfico 9: Satisfacción dos axentes de cooperación coa resposta da Cooperación Galega á pandemia da COVID-19, 2022 85

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:29
Nº Rexistro: 51068
Data envio: 08/03/2023 10:35:29.274

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/03/2023 9:35:12

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:49
Nº Rexistro: 51069
Data envio: 08/03/2023 10:35:49.930
Data 08/03/2023 10:35

Coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 87.2 a) da Lei 10/2021 do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento, achégolle o *Proxecto do V Plan Director da Cooperación Galega (2023-2026),* aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 2 de marzo de 2023.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 08/03/2023 10:35:39

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:49
Nº Rexistro: 51069
Data envio: 08/03/2023 10:35:49.930

XUNTA DE GALICIA

DIEGO CALVO POUSO, VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dous de marzo de dous mil vinte e tres adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Aprobar o Proxecto de V Plan Director da Cooperación Galega (2023-2026), de acordo co establecido no artigo 87.2 da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia e acordar a súa remisión ao Parlamento de Galicia para a súa aprobación (xúntase documento do Plan)."

E para que conste, asina a presente co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela, a dous de marzo de dous mil vinte e tres.

Vº. e Prace
O PRESIDENTE

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:49
Nº Rexistro: 51069
Data envio: 08/03/2023 10:35:49.930

XUNTA DE GALICIA | DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA

COOPERACIÓN GALEGA

Anteproxecto. V Plan Director da Cooperación Galega (2023-2026)



Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. Xunta de Galicia

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:49
Nº Rexistro: 51069
Data envio: 08/03/2023 10:35:49.930

Documento para ser sometido a informe do
Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE)
Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.
Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
Xunta de Galicia.

Febreiro 2023

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:49
Nº Rexistro: 51069
Data envio: 08/03/2023 10:35:49.930

Índice

Acrónimos e siglas 3
1. Introdución 4
2. Misión e visión 7
3. Ámbitos estratéxicos 8
4. Prioridades xeográficas, transversais e colectivos prioritarios 10
4.1. Prioridades xeográficas 10
4.2. Prioridades transversais 10
4.3. Colectivos prioritarios 13
5. Capacidades e axentes galegos de cooperación 14
6. Marco de resultados de xestión 15
R.X.1. A Cooperación Galega aliña o seu marco estratéxico e operativo coa Axenda 2030 e os ODS. 15
R.X.2. A Cooperación Galega concentra a súa axuda con criterios de eficacia. 16
R.X.3. A Cooperación Galega especializa a súa axuda nos ámbitos estratéxicos nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas. 16
R.X.4. Os axentes da Cooperación Galega coordinan e complementan as súas actuacións para a consecución dos ODS. 17
R.X.5. Os axentes da Cooperación Galega fortalecen a súa capacidade para a consecución dos ODS. 18
R.X.6. A cidadanía galega e os axentes de cooperación acceden a unha información de calidade sobre os logros colectivos da Cooperación Galega na consecución dos ODS. 19
7. Modalidades e instrumentos de axuda 20
7.1. Convocatorias públicas en concorrencia competitiva 20
7.2. Outros instrumentos: convenios e cooperación técnica 21
8. Xestión do coñecemento, avaliación e rendición de contas 22
9. Marco orzamentario 23
10. Marco de resultados e indicadores 24

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:49
Nº Rexistro: 51069
Data envio: 08/03/2023 10:35:49.930

Acrónimos e siglas

AECID	Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento
AE	Ámbito estratéxico
AOD	Axuda oficial ao desenvolvemento
CGONGD	Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento
CONGACODE	Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento
DXRREE e UE	Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE
EGAEX	Estratexia Galega de Acción Exterior
FONDO GALEGO	Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade
IDH	Índice de desenvolvemento humano
LA	Liña de acción
ODS	Obxectivos de desenvolvemento sustentable
ONGD	Organización non gobernamental de desenvolvemento
PALOP	País africano de lingua oficial portuguesa
PMA	Países menos adiantados
RGCUD	Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento
RX	Resultado de xestión

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:49
Nº Rexistro: 51069
Data envio: 08/03/2023 10:35:49.930

1. Introdución

1. En 2022 conmemorouse o trinta aniversario do inicio da acción solidaria global da Xunta de Galicia coas comunidades e pobos empobrecidos. Nestas tres décadas a sociedade galega, a través dos seus poderes públicos, ten apoiado a política pública de cooperación para o desenvolvemento humano sustentable en canto expresión do seu compromiso solidario coa xustiza global. Integrada na acción exterior da Comunidade Autónoma, esta política pública contribúe de xeito corresponsable á erradicación da pobreza nas súas múltiples dimensións, a redución das desigualdades, a realización efectiva dos dereitos humanos, o apoio aos modelos de produción e consumo sustentables, a loita contra o cambio climático e a promoción dunhas relacións internacionais baseadas na paz e na xustiza.

2. O grao de madurez acadado polo sistema galego de cooperación demandou a actualización do seu marco normativo que viña regulado pola *Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento*. Tras un proceso participativo amplo, o Parlamento de Galicia aprobou a *Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia*. O seu título VIII reflicte os avances e progresos experimentados polo sistema galego de cooperación internacional para o desenvolvemento e que teñen dado lugar a unha Cooperación Galega máis especializada sectorial e xeograficamente, con maior complementariedade e coordinación eficaz co Estado e coa Unión Europea, con maior valor engadido e capacidade para acadar os resultados de desenvolvemento establecidos na axenda global de desenvolvemento humano sustentable das Nacións Unidas. Por outra banda, para adaptarse á complexidade e especificidade dos contextos de traballo en cooperación e acción humanitaria, na Lei establécese unha renovada regulación da xestión económica das axudas que facilita unha maior flexibilidade e operatividade aos axentes de cooperación, imprescindible para lograr maior eficacia, eficiencia e impacto no logro dos resultados das actuacións financiadas con recursos públicos da cidadanía galega.

3. O contexto actual ten espreguizado a conciencia e a urxencia dunha acción colectiva que afronte en man común a resolución creativa, solidaria, pacífica, sustentable e con visión longopracista dos ameazantes riscos existenciais que afronta a Humanidade e o Planeta como os atrancos á redución da pobreza e a fame, a pandemia da COVID-19 e as ameazas á saúde global, os efectos negativos do cambio climático, a agudización das desigualdades e as violencias, as crises humanitarias, as consecuencias tráxicas da mobilidade humana e das migracións, e os procesos regresivos para a democracia e os dereitos humanos. A experiencia compartida de vulnerabilidade e fraxilidade que implicou a pandemia da COVID-19 tamén nutre esta conciencia da complexidade dos problemas globais, da nosa común interdependencia, e da mutua responsabilidade na procura de alternativas viables e sustentables ao actual modelo hexemónico de desenvolvemento.

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:49
Nº Rexistro: 51069
Data envio: 08/03/2023 10:35:49.930

4. De feito, a pandemia da COVID-19 e as súas consecuencias negativas motivaron que a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (DXRREE e UE) promovese a elaboración participativa dunha estratexia específica de resposta que permitiu, grazas á adaptación flexible do seu marco de resultados, prorrogar a vixencia do IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021) até o ano 2022. Unha prolongación xustificada tamén polo actual proceso de reforma da arquitectura do sistema español de cooperación que determinará un renovado marco de complementariedade e coordinación da acción solidaria global do Estado que pon en valor a cooperación descentralizada autonómica e local, as súas vantaxes comparativas e os seus impactos na promoción global do desenvolvemento humano sustentable.

5. Situados na Década de Acción para a consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS), este V Plan Director aspira a acelerar a contribución de Galicia á Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas, unindose ao resto de estratexias e iniciativas promovidas desde a Administración autonómica e local no marco da coherencia de políticas para o desenvolvemento sustentable. Deste xeito, dáse continuidade ao anterior Plan Director no seu obxectivo de xerar cambios positivos e sustentables nas condicións de vida das persoas nas comunidades e países cos que se asocia a Cooperación Galega, promovendo alianzas para a conservación do noso planeta, a construción da paz, a realización dos dereitos humanos, e a prosperidade compartida.

6. Tal e como establece o artigo 83 da Lei 10/2021, o V Plan Director da Cooperación Galega para o desenvolvemento determinará o marco estratéxico desta política pública autonómica para o cuadrienio 2023-2026. Co fin de reforzar o diálogo de políticas e o protagonismo do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE), creouse unha comisión específica que dinamizou o proceso de planificación estratéxica e promoveuse dunha participación plural, activa e inclusiva dos axentes de cooperación. Xa que logo, este plan director é o resultado do proceso de diálogo e consulta promovido pola Xunta de Galicia para consensuar os resultados esperados, as prioridades xeográficas e sectoriais, as modalidades, os instrumentos, os procesos de avaliación e os seus recursos orzamentarios.

7. Este V Plan Director xorde nun contexto de incerteza económica e financeira derivado das consecuencias da pandemia da COVID-19 e da inestabilidade internacional provocada pola agresión rusa a Ucraína, circunstancias que non teñen impedido un crecemento sostido e significativo do orzamento autonómico no eido da cooperación internacional nos últimos catro anos. Deste xeito, estase a avanzar cara ao cumprimento da aspiración colectiva da cidadanía galega de destinar o 0,7 % dos orzamentos da Xunta de Galicia a axuda oficial ao desenvolvemento, tal e como establece a disposición adicional quinta da Lei 10/2021.

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

8. Este novo ciclo de planificación cuadrienal da Cooperación Galega baséase nunha actualización do anterior marco estratéxico, reforzando os seus principais elementos artelladores coas seguintes características:

a) O **aliñamento coa Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas e os ODS.**

b) A continuidade co IV Plan Director e o seu deseño estratéxico con base no modelo de **xestión orientada a resultados de desenvolvemento,** mais realizando unha revisión dos seus ámbitos estratéxicos e do marco de resultados e identificando os procesos que reforzan a **identidade, as vantaxes comparativas e o valor engadido** da Cooperación Galega.

c) A **garantía da previsibilidade dos recursos dispoñibles** no marco dun crecemento do programa 331A de cooperación exterior para o desenvolvemento da Xunta de Galicia no horizonte do 0,7.

d) A **recuperación da dotación orzamentaria do programa 331A** previa á crise económica e financeira iniciada no ano 2009.

e) A **xeración de incentivos para a actuación dos axentes de cooperación nos Países Menos Adiantados (PMA) ou con Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) baixo, en África e na atención aos colectivos máis vulnerables**.

f) A **elaboración participativa de estratexias específicas** nas prioridades da Cooperación Galega.

g) O **reforzamento da promoción dunha conciencia solidaria na cidadanía galega** e a súa participación nas accións de solidariedade a nivel local e global para a transformación social.

h) A **ampliación do marco instrumental** da Cooperación Galega para aumentar o impacto e alcance no logro de resultados das intervencións financiadas.

i) A **mellora da xestión do coñecemento** a través de procesos de avaliación máis estratéxicos e orientados á aprendizaxe.

j) A **promoción dunha participación ampla e activa** dos axentes galegos de cooperación durante a súa execución en coherencia cos principios dunha política pública participativa e participada.

k) A **transparencia e a rendición de contas activa á cidadanía galega** dos seus logros na consecución dos ODS e do cumprimento dos resultados definidos participativamente no Plan Director.

9. A política pública de cooperación da Xunta de Galicia baséase na aprendizaxe e a mellora continua, de tal xeito que este Plan director se constrúe sobre os logros dos anteriores plans directores e a execución da Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega. Ao tempo, intégrase no marco definido pola *Estratexia galega de acción exterior* (EGAEX) e fundaméntase nos resultados da avaliación intermedia e final do IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021). Por último, asume os referentes

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:49
Nº Rexistro: 51069
Data envio: 08/03/2023 10:35:49.930

normativos, estratéxicos e operativos a nivel internacional, europeo e estatal no eido da acción exterior solidaria, a cooperación para o desenvolvemento humano sustentable, a acción humanitaria e a educación para a cidadanía global e a transformación social.

2. Misión e visión

10. Este Plan director declara como **misión** da Cooperación Galega:

> *Mediante a política pública de cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega contribúe ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable co fin de erradicar a pobreza nas súas múltiples dimensións, construír a resiliencia de persoas e comunidades, reducir as desigualdades, promover a realización efectiva dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais, e favorecer modelos de produción e de consumo sustentables para a conservación do planeta. As accións da Cooperación Galega orientaranse á promoción de cambios positivos e sustentables e a longo prazo nas condicións de vida das persoas para a realización do dereito ao desenvolvemento humano integral e sustentable dos países e comunidades cos que se asocia a Cooperación Galega, e contribuirán á construción dunha cidadanía global concienciada, comprometida e participativa que apoia as políticas e accións de solidariedade a nivel local e global.*

11. E expresa a súa **visión** do proceso de desenvolvemento humano sustentable:

> *A sociedade galega aspira a conseguir un mundo onde as persoas estean primeiro, onde ningunha persoa sexa deixada atrás -especialmente as mulleres, a infancia e os colectivos máis vulnerables-, onde a prosperidade sexa compartida por todas as persoas e comunidades, que respecte e conserve o planeta, onde se consolide e constrúa a paz baseada na xustiza e os dereitos humanos, e onde traballemos conxuntamente e en asociación para construílo.*

12. Esta misión e visión da Cooperación Galega compleméntase cos principios, obxectivos e criterios da política pública de cooperación descritos nos artigos 80, 81 e 82 da *Lei 10/2021 do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.*

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:49
Nº Rexistro: 51069
Data envio: 08/03/2023 10:35:49.930

3. Ámbitos estratéxicos

13. A Cooperación Galega contribúe activamente á consecución da Axenda 2030 e os ODS con base nas súas capacidades, activos e recursos. Os sete ámbitos estratéxicos seleccionados salientan o valor diferencial e a especialización coherente da Cooperación Galega e dos axentes galegos de cooperación en diálogo e alianza cos seus socios de desenvolvemento. Complementados coas prioridades transversais definidas no artigo 85.4 da Lei 10/2021 e descritos na sección 4.2 deste Plan Director, os ámbitos estratéxicos abranguen as cinco esferas da Axenda 2030: persoas, planeta, prosperidade, paz e partenariados/alianzas.

AE 1. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.

AE 2. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sustentables cun enfoque de soberanía alimentaria, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.

AE 3. Impulsar a igualdade de xénero cun enfoque feminista, interseccional e de diversidades, o apoderamento e o exercicio de dereitos das nenas, adolescentes e mulleres e o fortalecemento das súas organizacións.

AE 4. Promover a garantía e defensa dos dereitos humanos, a democracia e o fortalecemento da sociedade civil organizada.

AE 5. Loitar contra o cambio climático e promover a sustentabilidade e a xustiza ambientais.

AE 6. Protexer e salvar vidas, aliviar o sufrimento e manter a dignidade humana respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade, e cunha perspectiva de redución de vulnerabilidades e fomento da resiliencia.

AE 7. Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social positiva, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.

14. Estes sete ámbitos estratéxicos serán o destino como mínimo do 90% do total da axuda desembolsable da DXREE e UE aos axentes de cooperación consonte ao seguinte rango orientativo de distribución:

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:49
Nº Rexistro: 51069
Data envio: 08/03/2023 10:35:49.930

	Ámbitos estratéxicos	Rango %
1	Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.	60-75%
2	Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sustentables cun enfoque de soberanía alimentaria, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.	
3	Impulsar a igualdade de xénero cun enfoque feminista, interseccional e de diversidades, o apoderamento e o exercicio de dereitos das nenas, adolescentes e mulleres e o fortalecemento das súas organizacións.	
4	Promover a garantía e defensa dos dereitos humanos, a democracia e o fortalecemento da sociedade civil organizada.	
5	Loitar contra o cambio climático e promover a sustentabilidade e a xustiza ambientais.	
6	Protexer e salvar vidas, aliviar o sufrimento e manter a dignidade humana respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade, e cunha perspectiva de redución de vulnerabilidades e fomento da resiliencia.	10-15%
7	Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social positiva, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.	10-15%

15. Os ámbitos estratéxicos, á súa vez, contribúen á consecución dos seguintes ODS:

Ámbitos estratéxicos	ODS
1. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 10, 11, 13
2. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sustentables cun enfoque de soberanía alimentaria, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.	1, 2, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15
3. Impulsar a igualdade de xénero cun enfoque feminista, interseccional e de diversidades, o apoderamento e o exercicio de dereitos das nenas, adolescentes e mulleres e o fortalecemento das súas organizacións.	3, 5, 10, 16
4. Promover a garantía e defensa dos dereitos humanos, a democracia e o fortalecemento da sociedade civil organizada.	16
5. Loitar contra o cambio climático e promover a sustentabilidade e a xustiza ambientais.	6, 7, 9, 11, 12, 13, 14, 15
6. Protexer e salvar vidas, aliviar o sufrimento e manter a dignidade humana respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade, e cunha perspectiva de redución de vulnerabilidades e fomento da resiliencia.	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 10, 13, 16
7. Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social positiva, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.	4, 13, 16, 17

16. A Cooperación Galega, a través da DXRREE e UE, seguirá destinando como mínimo un 20% da súa axuda oficial ao desenvolvemento (AOD) distribuíble sectorialmente a servizos sociais básicos, en cumprimento do compromiso 20/20 establecido no Cumio mundial sobre desenvolvemento social de Copenhague do ano 1995.

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4. Prioridades xeográficas, transversais e colectivos prioritarios

4.1. Prioridades xeográficas

17. O V Plan director recoñece como prioritarios os seguintes 11 países:

- **África Subsahariana:** *Cabo Verde, Guinea Bissau e Mozambique.*
- **América Central:** *Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador.*
- **América do Sur:** *Bolivia, Ecuador e Perú.*
- **Caribe**: *República Dominicana.*

18. A selectividade xeográfica da axuda galega ten xerado unha concentración en países de ingreso medio baixo e alto en América Latina, ficando Mozambique e Guinea Bissau como PMA dentro dos países prioritarios. Co fin de promover unha atención ás necesidades específicas dos PMA e dos países cun IDH baixo, en diálogo cos axentes galegos de cooperación estableceranse incentivos nas bases de convocatorias para fomentar a reorientación xeográfica progresiva da Cooperación Galega. Neste senso, os PMA ou países cun IDH baixo seguirán a recibir, como mínimo, a mesma valoración cós países prioritarios nas bases das convocatorias de axudas de proxectos de cooperación no exterior. Ao tempo, a Cooperación Galega seguirá apoiando singularmente á poboación saharauí e á poboación palestina.

19. Como mínimo, o 80 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento da DXRREE e UE concentrarase nos 11 países prioritarios e na poboación saharauí e palestina. Os PMA e os países cun IDH baixo serán o destino como mínimo do 20 % do total da axuda desembolsada no exterior en cooperación e acción humanitaria.

20. As alianzas de traballo cos Países africanos de lingua oficial portuguesa (PALOP) constitúe un dos valores diferenciais da Cooperación Galega en liña co interese estratéxico que representa o ámbito lusófono de África Subsahariana para a acción exterior galega tal e como establece a *Estratexia galega de acción exterior. Horizonte post 2020* da Xunta de Galicia e o artigo 3ª da *Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía*. Deste xeito, recoñécese a Cabo Verde, Guinea Bissau e Mozambique como países prioritarios polo valor e experiencia de traballo da Cooperación Galega cos seus socios de desenvolvemento nestes países.

4.2. Prioridades transversais

21. O artigo 85.4 da Lei 10/2021 establece que as actuacións da Cooperación Galega deberán integrar as seguintes prioridades de xeito transversal: a erradicación da pobreza multidimensional, a igualdade de xénero, a defensa da sustentabilidade ambiental e a loita contra o cambio climático, o enfoque baseado en dereitos humanos, o respecto polas diversidades e a promoción da interculturalidade, a equidade e loita

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:49
Nº Rexistro: 51069
Data envio: 08/03/2023 10:35:49.930

contra as desigualdades, a participación cidadá e o fortalecemento institucional e da sociedade civil.

1. A erradicación da pobreza multidimensional.

22. A política pública de cooperación sitúa no seu centro a erradicación da pobreza en todas as súas dimensións sen deixar a ninguén atrás para garantir o dereito a unha vida digna de todas as persoas así como o dereito ao desenvolvemento humano sustentable de todos os países e pobos.

2. A igualdade de xénero.

23. As actuacións e instrumentos da Cooperación Galega integrarán de forma sistémica e transversal a perspectiva de xénero, cun enfoque feminista, interseccional, decolonial e de diversidades, orientada á participación e apoderamento das nenas, adolescentes e mulleres, á garantía e exercicio pleno dos seus dereitos, incluíndo os dereitos sexuais e reprodutivos, e a súa axencia. Abordaranse as causas estruturais das desigualdades de xénero promovendo a eliminación de toda forma de discriminación e violencia contra as mulleres e a transformación das relacións de poder, as estruturas patriarcais e formas de opresión que perpetúan as desigualdades de xénero. As intervencións deberán integrar diagnósticos de xénero no seu deseño e tomarán en consideración na súa execución e avaliación o impacto diferenciado que as intervencións poden ter sobre as mulleres e homes, así como nas relacións entre ambos, para a construción dunha cultura de igualdade. Ao tempo, apoiarase o fortalecemento das organizacións feministas e de mulleres e a súa capacidade de acción e autorganización.

3. A defensa da sustentabilidade ambiental e a loita contra o cambio climático.

24. As actuacións da Cooperación Galega integrarán medidas que apoien modelos de desenvolvemento baixo en carbono, de economía circular e resilientes ao cambio climático e que promovan a recuperación de biodiversidade e xestión sustentable dos recursos naturais. Así, promoveranse sistemas que apostan por introducir cambios nos nosos hábitos de consumo minimizando a necesidade de extracción de recursos naturais e reducindo a cantidade de residuos xerados. Fomentarase o emprego de índices ambientais, realizaranse diagnósticos ambientais, incentivarase o uso de tecnoloxías apropiadas e as enerxías limpas e renovables, e promoveranse o comercio xusto, o consumo responsable e as compras de bens e a utilización de servizos acreditados con certificacións ou selos que garantan o cumprimento de determinados criterios de sustentabilidade e xustiza ambiental e social. Así mesmo, recoñecerase o papel das persoas defensoras da natureza e do territorio, pobos indíxenas e comunidades tradicionais, fomentando a protección tanto da súa cultura, como do seu territorio e medios de vida.

4. O enfoque baseado en dereitos humanos.

25. As persoas que participen nas actuacións da Cooperación Galega serán recoñecidas como titulares de dereitos e liberdades. Promoverase a protección, defensa e

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:49
Nº Rexistro: 51069
Data envio: 08/03/2023 10:35:49.930

realización dos dereitos humanos individuais e colectivos orientados ao apoderamento das persoas e comunidades e á súa participación activa e plena na vida social, política, económica e cultural. Ao tempo, contribuirase a que as persoas e institucións titulares de obrigas melloren as súas capacidades para o cumprimento das súas responsabilidades e a promoción e protección dos dereitos. Neste senso, a promoción e protección dos dereitos da infancia en todas as súas dimensións, incluída a súa participación activa, serán obxecto dunha especial atención nas actuacións da Cooperación Galega así como na identificación, deseño, execución e das intervencións financiadas.

5. O respecto polas diversidades e a promoción da interculturalidade.

26. As actuacións da Cooperación Galega respectarán o dereito das persoas á súa identidade propia en todas as súas dimensións. Ademais, promoverán o dereito das persoas, pobos e minorías á defensa e promoción da súa lingua, cultura e identidade cultural. Nas súas actuacións, a Cooperación Galega respectará a diversidade cultural, protexerá o patrimonio material e inmaterial e fomentará o diálogo e convivencia intercultural. Ao tempo, combateráse o racismo e a xenofobia e as dinámicas e contextos de exclusión, discriminación, marxinación ou persecución das persoas e minorías a causa da súa identidade cultural, lingüística, relixiosa ou sexual. A identificación, deseño, execución e avaliación das actuacións tomarán en consideración as identidades e culturas das persoas e comunidades nas que se desenvolven.

6. A equidade e a loita contra as desigualdades.

27. As actuacións da Cooperación Galega promoverán un desenvolvemento con equidade orientado á diminución das desigualdades mediante a promoción dos dereitos, oportunidades, opcións e dignidade das persoas. De vez, ampliaranse as oportunidades das persoas para acadar un desenvolvemento equitativo, reduciranse as desigualdades promovendo o recoñecemento social e legal de dereitos e o exercicio de poder, e apoiaranse medidas e políticas públicas redistributivas e sistemas e mecanismos de cohesión social.

7. A participación cidadá e fortalecemento institucional e da sociedade civil.

28. As actuacións da Cooperación Galega fomentarán a apropiación democrática dos procesos de desenvolvemento a través da promoción activa da participación cidadá e da sociedade civil organizada, cunha atención especial á promoción activa da participación da infancia e dos colectivos prioritarios deste Plan Director. Fortalecerase a súa capacidade para participar nos procesos de decisión colectiva, exercer o seu dereito de control dos poderes públicos, comprometerse cos bens comúns e públicos, mellorar a gobernanza democrática das institucións, xerar conciencia crítica e coñecemento colectivo, e reforzar a súa resiliencia. Ao tempo, as actuacións da Cooperación Galega promoverán o fortalecemento das capacidades da Administración pública nos países e comunidades socias, fortalecendo o bo goberno, a gobernabilidade

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:49
Nº Rexistro: 51069
Data envio: 08/03/2023 10:35:49.930

democrática e o estado de dereito, a participación cidadá así como a modernización da estrutura e os sistemas de xestión do sector público. Ademais, en todos os seus eidos de actuación a Cooperación Galega impulsará activamente a tecnoloxía para o desenvolvemento humano sustentable e as súas ferramentas (licenzas copyleft, software libre, bases de datos abertas, etc.), de tal xeito que se empreguen as tecnoloxías apropiadas a cada contexto cultural, social e xeográfico co fin de aumentar as capacidades e coñecementos de todas as persoas e comunidades, evitando dependencias tecnolóxicas, e permitindo gañar en liberdade e autonomía nos procesos de desenvolvemento individuais e colectivos.

4.3. Colectivos prioritarios

29. A Cooperación Galega integra o principio universalista de "non deixar a ninguén atrás" da Axenda 2030 das Nacións Unidas, mais identifica os seguintes grupos de poboación en situación de vulnerabilidade ou en risco de marxinación, exclusión ou discriminación que demandan unha atención preferente.

- As nenas, adolescentes e mulleres e persoas LGTBIQ+, particularmente as que vivan en zonas empobrecidas e sen recursos e que poidan ser obxecto de múltiples discriminacións.
- A infancia, adolescencia e mocidade, especialmente a aquela en risco ou con diversidade funcional, en situación de explotación infantil ou exclusión en todas as súas dimensións.
- A poboación indíxena e/ou afrodescendente e minorías étnicas e, dentro delas, os grupos que poden ser obxecto de múltiples discriminacións.
- As persoas con diversidade funcional, as persoas maiores dependentes e as persoas doentes sen recursos, especialmente as que poden ser obxecto de múltiples discriminacións.
- As persoas defensoras dos dereitos humanos e a sociedade civil organizada en contextos de represión, persecución e regresión democrática e autoritarismo con restrición dos dereitos e as liberdades fundamentais.
- A poboación migrante, refuxiada ou desprazada ou en situación de retorno ou reasentamento por razóns políticas, económicas, sociais ou medioambientais, cunha atención específica aos colectivos máis vulnerables e prioritarios deste Plan Director. Dentro deste grupo, a Cooperación Galega seguirá apoiando singularmente á poboación saharauí e á poboación palestina e aquelas outras afectadas por conflitos armados e crises esquecidas.
- As persoas e grupos de poboación en situación de vulnerabilidade ou en risco de marxinación, exclusión ou discriminación que teñan sido máis afectadas pola pandemia da COVID-19 ou por emerxencias globais.

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:49
Nº Rexistro: 51069
Data envio: 08/03/2023 10:35:49.930

5. Capacidades e axentes galegos de cooperación

30. Os axentes galegos de cooperación, as súas obrigas, as súas características específicas e achegas ao sistema galego de cooperación son descritos no capítulo V da Lei 10/2021. Do conxunto de axentes, as ONGD e a Coordinadora Galega de ONGD (CGONGD) son recoñecidas como interlocutores permanentes da Xunta de Galicia no eido da cooperación para o desenvolvemento. Esta condición é compartida coas entidades locais e as súas organizacións representativas como a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Canda a elas, as Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación universitaria para o Desenvolvemento (RGCUD) tamén realizan unha achega relevante para o diálogo de políticas e o fortalecemento do sistema galego de cooperación. Por outra banda, a Cooperación Galega seguirá a manter as alianzas de traballo coas axencias das Nacións Unidas e os seus comités estatais ou organizacións que as representen en España, especialmente no eido da acción humanitaria e na formación de persoas expertas en cooperación ao desenvolvemento, ao abeiro da convocatoria específica de bolsas de formación. Ao tempo, recoñécese a achega que outros axentes realizan á Cooperación Galega desde o seu eido de especialización promovendo a innovación ao servizo do logro dos ODS e o fomento da prosperidade compartida nos países e comunidades socias.

31. A Cooperación Galega desenvolverá medidas que faciliten a posta en valor da experiencia dos diferentes axentes de cooperación e fortalezan a súa capacidade. De vez, seguirá promovendo a complementariedade entre os actores e axentes de cooperación a través do impulso da súa coordinación, colaboración e concertación. Ao tempo, dotarase dun marco orzamentario que garanta a previsibilidade dos recursos e instrumentos, a solvencia financeira e a viabilidade operativa como instrumento ao servizo da súa sustentabilidade institucional canda ao financiamento de actuacións de capacitación e formación especializada dirixida aos axentes galegos de cooperación.

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:49
Nº Rexistro: 51069
Data envio: 08/03/2023 10:35:49.930

6. Marco de resultados de xestión

R.X.1. A Cooperación Galega aliña o seu marco estratéxico e operativo coa Axenda 2030 e os ODS.

L.A.1.1. Contribuír a coherencia de políticas para o desenvolvemento sustentable en todos os niveis da Administración pública galega.

32. A DXRREE e UE participará activamente nas iniciativas e espazos da Xunta de Galicia para a implementación e logro da Axenda 2030 como a Comisión interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia. Ao tempo, asumirá o impulso proactivo da coherencia de políticas, promovendo a participación e diálogo cos axentes de cooperación, nos eidos da súa responsabilidade consonte ao carácter participado e participativo da política pública de cooperación tal e como establece a Lei 10/2021

L.A.1.2. Fomentar a participación e o diálogo de políticas no Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.

33. Darase continuidade aos grupos de traballo específicos, como o de educación para a cidadanía global, e valorarase a continuidade da comisión dinamizadora do proceso de elaboración do Plan Director para o acompañamento dos procesos de avaliación e xestión do coñecemento desenvolvidos ao abeiro do mesmo. Tamén se valorará a creación de grupos de traballo específicos en acción humanitaria e emerxencias.

L.A.1.3. Garantir a previsibilidade dos recursos orzamentarios e a solvencia da Cooperación Galega.

34. No horizonte do 0,7 %, o programa 331A de cooperación exterior e ao desenvolvemento estará dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023 (8.915.485 €). Garantirase, ademais, un crecemento anual deste programa igual ou superior ao incremento porcentual anual dos gastos non financeiros xerais previstos na devandita Lei.

En liña cos anteriores Plans Directores da Cooperación Galega, executarase como mínimo o 95 % do orzamento operativo anual da DXRREE e UE previsto nos Plans Anuais da Cooperación Galega.

L.A.1.4. Promover a participación doutros departamentos da Xunta de Galicia na política pública de cooperación.

35. A DXRREE e UE promoverá activamente a participación doutros departamentos da Xunta de Galicia na política pública de cooperación para o desenvolvemento e fomentará a previsibilidade dos seus desembolsos integrándoos no marco orzamentario dos Plans Anuais da Cooperación Galega.

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:49
Nº Rexistro: 51069
Data envio: 08/03/2023 10:35:49.930

R.X.2. A Cooperación Galega concentra a súa axuda con criterios de eficacia.

L.A.2.1. Concentrar a axuda en cooperación ao desenvolvemento nos 11 países prioritarios e na poboación saharauí e palestina.

36. Como mínimo o 80 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE concentrarase nos 11 países prioritarios e na poboación saharauí e palestina.

L.A.2.2. Asegurar que unha parte da axuda se destina aos Países Menos Adiantados ou cun Índice de Desenvolvemento Humano baixo.

37. No marco da reorientación xeográfica progresiva da Cooperación Galega e en diálogo cos axentes de cooperación estableceranse incentivos para que, como mínimo, un 20 % da axuda desembolsada no exterior pola DXRREE e UE en cooperación e acción humanitaria sexa destinada aos Países Menos Adiantados ou cun IDH baixo.

L.A.2.3. Incrementar os fondos dirixidos a actuacións con marcos de planificación plurianuais.

38. Durante a vixencia do V Plan Director promoveranse programas no exterior e de educación para a cidadanía global co fin de mellorar o alcance e impacto das actuacións financiadas e aumentar a duración e promedio de financiamento das intervencións en cooperación exterior e educación para a cidadanía global.

R.X.3. A Cooperación Galega especializa a súa axuda nos ámbitos estratéxicos nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas.

L.A.3.1. Reforzar a especialización sectorial estratéxica da cooperación exterior.

39. Como mínimo o 60 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios aos axentes de cooperación pola DXRREE e UE destínase aos cinco ámbitos estratéxicos relativos á cooperación ao desenvolvemento. Ao tempo, promoverase a elaboración participativa de estratexias específicas que se definirán en diálogo cos axentes de cooperación, cunha atención especial aos dereitos humanos e ao enfoque de xénero e feminista. As estratexias basearanse nun diagnóstico participativo das actuacións desenvolvidas e das capacidades existentes no sistema galego de cooperación e integrarán a identificación de aprendizaxes e recomendacións para o fortalecemento dos axentes de cooperación en Galicia e nos países e comunidades socias.

L.A.3.2. Realizar unha acción humanitaria integral e de calidade.

40. Como mínimo o 20% do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE no exterior destinarase a acción humanitaria. Ao tempo,

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:49
Nº Rexistro: 51069
Data envio: 08/03/2023 10:35:49.930

subscribiranse convenios con axentes especializados en acción humanitaria para a atención de emerxencias, crises humanitarias e poboación migrante, refuxiada e desprazada. E darase continuidade á colaboración co fondo humanitario común coordinado pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) ou instrumentos análogos.

L.A.3.3. Mellorar a calidade e impacto da educación para a cidadanía global.

41. Como mínimo o 15 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE destinarase ao ámbito estratéxico da educación para a cidadanía global. Estas medidas complementaranse co financiamento de programas de educación para a cidadanía global.

R.X.4. Os axentes da Cooperación Galega coordinan e complementan as súas actuacións para a consecución dos ODS.

L.A.4.1. Participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da Cooperación española.

42. A DXRREE e UE seguirá a participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da Cooperación Española como os Encontros anuais de Comunidades Autónomas e cooperación para o desenvolvemento ou a Conferencia Sectorial de Cooperación para o Desenvolvemento Sustentable e a Solidariedade Global. Ao tempo contribuirá á planificación e ao sistema de xestión de coñecemento da Cooperación Española e ao seu compromiso coa transparencia e rendición de contas, especialmente a través do envío a info@od de datos e información rigorosa sobre a AOD da Xunta de Galicia.

L.A.4.2. Incentivar a actuación conxunta e complementaria dos axentes galegos de cooperación.

43. As convocatorias de axudas establecerán incentivos para a actuación conxunta e complementaria dos axentes de cooperación. A DXRREE e UE promoverá e apoiará as alianzas de traballo multiactor con outros axentes galegos de cooperación nos ámbitos estratéxicos e países prioritarios. Neste senso, reforzarase o diálogo co Fondo Galego, a FEGAMP e as Administracións locais galegas para a apertura de espazos de colaboración que poñan en valor a experiencia e saber facer da cooperación local, as súas redes de traballo e os seus programas de cooperación técnica.

L.A.4.3. Impulsar a colaboración cos axentes de cooperación da Lusofonía.

44. A DXRREE e UE apoiará as actividades dos axentes galegos de cooperación nas que participen axentes de cooperación da Lusofonía, dando continuidade e ampliando as experiencias previas do Fondo Galego, da Coordinadora Galega de ONGD e das

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:49
Nº Rexistro: 51069
Data envio: 08/03/2023 10:35:49.930

Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.

R.X.5. Os axentes da Cooperación Galega fortalecen a súa capacidade para a consecución dos ODS.

L.A.5.1. Reforzar as capacidades técnicas e de xestión da DXRREE e UE en avaliación e xestión do coñecemento.

45. Durante a vixencia deste Plan Director, priorizaranse as asistencias técnicas no eido da avaliación e xestión do coñecemento para o reforzamento da capacidade da DXRREE e UE.

L.A.5.2. Fortalecer a capacidade da Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e das Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.

46. Seguirase apoiando, a través de cadanseu convenio anual, á Coordinadora Galega de ONGD, ao Fondo Galego e ás Universidades públicas galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.

L.A.5.3. Apoiar a formación e capacitación especializada dos axentes galegos de cooperación.

47. A DXRREE e UE financiará a realización de actividades de capacitación e formación especializada para o reforzamento da capacidade dos axentes galegos de cooperación a a través de dous medios: os convenios coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento, e das convocatorias de axudas en concorrencia competitiva que inclúen a posibilidade de financiar este tipo de actividades. Darase continuidade á convocatoria anual das bolsas de formación de persoas expertas en cooperación ao desenvolvemento co fin de promover o desenvolvemento de carreira profesional no eido da cooperación e fornecer aos axentes de cooperación de persoal técnico especializado.

L.A.5.4. Reforzar a cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe colectiva dos axentes de cooperación.

48. Promoverase a aprendizaxe colectiva do conxunto de axentes da Cooperación Galega a través da celebración de encontros públicos de socialización, presentación de resultados e rendición de contas. Ao tempo, financiarase a convocatoria de investigación para o desenvolvemento dirixida aos grupos e centros de investigación das Universidades galegas e os Plans Anuais da Cooperación Galega integrarán un plan anual de avaliación e estudos. O conxunto de insumos que integran a xestión do coñecemento da Cooperación Galega (memorias anuais, avaliacións, investigacións, etc.) serán accesibles á cidadanía e divulgados publicamente.

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:49
Nº Rexistro: 51069
Data envio: 08/03/2023 10:35:49.930

L.A.5.5. Dar continuidade ao investimento en recursos humanos especializados dos axentes de cooperación.

49. Os proxectos financiados pola DXREE e UE subvencionarán a contratación de persoal técnico especializado co límite do 70% do custo total do proxecto. Os axentes de cooperación deberán respectar a lexislación laboral vixente tanto nos países socios como en Galicia promovendo a calidade na contratación, o traballo decente, a conciliación, e a igualdade de xénero e de oportunidades.

L.A.5.6. Facilitar o acceso dos axentes galegos de cooperación a fontes de financiamento nacional e internacional

50. A DXRREE e UE apoiará financeiramente aos actores e axentes galegos que procuren financiamento a nivel nacional e internacional nos ámbitos estratéxicos en países prioritarios da Cooperación Galega ben a través de convenio específicos, ben a través das convocatorias públicas en concorrencia competitiva.

L.A.5.7. Favorecer a concorrencia competitiva no acceso aos recursos desembolsables da Cooperación Galega.

51. Como mínimo o 75 % da axuda desembolsable da DXRREE e UE aos axentes de cooperación canalizarase a través de convocatorias públicas.

R.X.6. A cidadanía galega e os axentes de cooperación acceden a unha información de calidade sobre os logros colectivos da Cooperación Galega na consecución dos ODS.

L.A.6.1. Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación

52. A DXRREE e UE dará continuidade ao seu compromiso coa transparencia e a rendición de contas á cidadanía acerca do valor, do impacto e dos resultados de desenvolvemento da Cooperación Galega. A páxina web da Cooperación Galega actualizarase permanentemente, permitindo o acceso da cidadanía á información relativa ás actividades de cooperación e aos documentos producidos no eido da planificación, seguimento e avaliación.

L.A.6.2. Render contas á cidadanía galega e aos axentes de cooperación sobre os resultados da política pública de cooperación.

53. A DXRREE e UE promoverá a realización dunha análise externa intermedia de seguimento e unha avaliación final externa, participativa e independente da execución do V Plan Director da Cooperación Galega. Os seus resultados serán difundidos publicamente e serán presentados no Parlamento de Galicia canda ao informe anual de execución do Plan Director. Ao tempo, renderase contas e presentaranse os resultados da Cooperación Galega aos axentes de cooperación no CONGACODE.

CSV: BOPGDSPG-KzLE5gLMQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:35:49
Nº Rexistro: 51069
Data envio: 08/03/2023 10:35:49.930

7. Modalidades e instrumentos de axuda

54. A Cooperación Galega seguirá a canalizar de xeito maioritario a súa axuda a través de convocatorias públicas de axudas en concorrencia competitiva dirixidas aos axentes de cooperación. Como mínimo o 75 % da axuda desembolsable da DXRREE e UE aos axentes de cooperación canalizarase a través de convocatoria pública.

7.1. Convocatorias públicas en concorrencia competitiva

55. A previsión orzamentaria indicativa establecida neste Plan Director permitirá a convocatoria das seguintes axudas:

1. **Programas no exterior e de educación para a cidadanía global.**
2. **Proxectos no exterior de ONGD.**
3. **Proxectos no exterior outros axentes.**
4. **Microproxectos no exterior.**
5. **Proxectos de acción humanitaria de ONGD.**
6. **Proxectos de educación para a cidadanía global de ONGD.**
7. **Proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación de grupos e centros de investigación das universidades galegas**
8. **Bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional.**

56. En relación ás convocatorias, establécense os seguintes principios xerais de calidade e transparencia:

- A DXRREE e UE promoverá o diálogo cos axentes de cooperación sobre a mellora da funcionalidade dos instrumentos de canalización da axuda, abrindo procesos participativos na fase de deseño e revisión previa á publicación das convocatorias.
- Todas as convocatorias deben centrarse preferentemente nos ámbitos estratéxicos, nas prioridades xeográficas e transversais e nos colectivos prioritarios.
- Todos os formularios integrarán un apartado para a valoración das prioridades transversais.
- Estudarase aumentar o promedio de financiamento dos proxectos individuais nas diferentes convocatorias en diálogo cos axentes de cooperación.
